

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 17.

SESION ORDINARIA DO 28 DE OUTUBRO DE 2020

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA

Caballero Álvarez Abel
Aguiar Castro Yolanda
Aneiros Pereira Jaime
Blanco Iglesias Eugenia Dolores
Caride Estévez María José
Espinosa Mangana Elena
Estevez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez José Manuel
Gomez Días Gorka
Iglesias González Ana Laura
Lago Barreiro M.^a del Carmen
López Font Carlos
Losada Alvarez Abel Fermín
Mejías Sacaluga Ana Maria
Pardo Espiñeira Francisco Javier
Rivas González Ángel
Rodríguez Calviño Patricia
Rodríguez Díaz Santos Héctor
Rodríguez Rodríguez Nuria
Silva Rego M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa
Gonzalez Castillo, Jesus Marco
Lopez Roman, Patricia
Marnotes González, Jose Alfonso

POLO GRUPO MUNICIPAL MIXTO

Mendez Fuentes Oriana
Pérez Correa Ruben

MEMBRO NON ADSCRITO

Pérez Igrexas Xabier

Con motivo do estado de alarma decretado polo Presidente do Goberno, o día 14.03.2020, e posterior remate do estado de alarma en Galicia o día 15.06.20, este Pleno segue realizándose por vídeo conferencia.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e oito de outubro do ano dous mil vinte, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e a asistencia presencial dos Tenentes de Alcalde Sres. e Sras., Silva Rego, Pardo Espiñeira, Espinosa Mangana e Caride Estevez, así como os voceiros dos grupos municipais, Sres. Lopez Font, Marnotes González, Perez Correa e Pérez Igrexas, e os demais concelleiros presentes na video conferencia, Sres. e Sras., Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Sr. Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Días Gorka, Gonzalez Castillo, Iglesias González, Lago Barreiro, López Roman, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Mendez Fuentes, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Diaz e Rodríguez Rodríguez, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. Jose Riesgo Boluda (tamén presente na Sala), constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente na Sala o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Bos días, señoras/es concelleiros, iniciamos Pleno do Concello, sesión ordinaria convocada para o día de hoxe, constatamos quórum, ábrese sesión pública virtual e iniciamos a sesión.

PARTE RESOLUTIVA

1(178).- ACTAS ANTERIORES: (ORDINARIA (AGOSTO) DO 9.09.2020).

Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación (sete presenciais e vinte por control remoto) que a constitúen de dereito e de feito, aprobase a acta ordinaria (agosto) realizada o 9 de setembro de 2020.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Como unha cuestión de orde, nos presentamos unha moción de urxencia.

PRESIDENCIA: Todo iso no seu momento. Cando chegue o punto de moción tratarémola aínda estamos na parte dispositiva, hai dúas mocións de urxencia presentadas.

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

2(179).- APROBACIÓN DA SUPRESIÓN DO REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 9603/320 (REXISTRO PLENO 2627/1101)

ANTECEDENTES: Con data 14.10.20, a técnica de Admón. Xeral co conforme do concelleiro de Participación Cidadá e Festas, emite o seguinte informe proposta,

“LEXISLACIÓN APLICABLE

- Constitución española
- Estatuto de Autonomía de Galicia (L.O. 1/1981 de 6 de abril)
- Lei 2/2006, de 14 de xuño, de dereito civil de Galicia
- Decreto 248/2007, do 20 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro de Parellas de Feito da Comunidade Autónoma de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local
- Lei 5/1997, de 2 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei reguladora de Facendas Locais
- Lei 27/2013, de 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais
- Acordo do pleno do Concello de Vigo de 3/11/1994 polo que se crea o Rexistro municipal de Parellas de Feito
- Acordo da Comisión de Goberno do Concello de Vigo, de data 12/05/1995 polo que se aproba o Regulamento do Rexistro municipal de Parellas de Feito

ANTECEDENTES DE FEITO

O Pleno da Corporación en sesión de data 3.11.1994 adoptou acordo de apertura de rexistro municipal con carácter administrativo para que as parellas de feito que, con independencia da orientación sexual dos seus integrantes así o desexaren, poidan inscribirse.

En data 12.05.1995 a Comisión de Goberno prestou aprobación ás normas de organización e funcionamento do Rexistro Municipal de Parellas de Feito.

En data 19.06.2020 incóase expediente de supresión do rexistro municipal de parellas.

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria do día 29 de xullo de 2020, acordou incoar a supresión do Rexistro Municipal de Parellas do Concello de Vigo e deixar sen efecto a súa normativa reguladora para novas inscricións, aprobada por acordo da Comisión de Goberno de data 12/05/1995 e proceder á apertura dun trámite de información pública polo prazo de 20 días hábiles, durante o cal calquera persoa pode comparecer e achegar as alegacións que estime oportunas ao expediente conforme o artigo 83 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

O dito acordo foi publicado con data 18.08.2020 no Boletín Oficial da Provincia núm. 166 e na páxina web do Concello de Vigo.

Durante o período de información pública non se ten presentado ningunha alegación.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.-

PRIMEIRO.- SUPRESIÓN DO REXISTRO MUNICIPAL DE PARELLAS DE FEITO

Tras a incoación da supresión do Rexistro Municipal de Parellas do Concello de Vigo, por acordo plenario de data 29/07/2020, unha vez transcorrido o período de información pública sen que se teñan presentado alegacións contra o dito acordo, procede elevar ao Pleno o acordo definitivo de supresión do Rexistro Municipal de Parellas do Concello de Vigo, e deixar sen efecto a súa normativa reguladora para novas inscricións.

II. ÓRGANO MUNICIPAL COMPETENTE PARA FORMULAR A PROPOSTA

En virtude da Resolución de Alcaldía de 17 de agosto de 2020, correspóndelle ao Concelleiro Participación Cidadá e Festas, entre outras, a competencia en materia de *“administración do Rexistro Municipal de Parellas de Feito, nos termos establecidos pola normativa reguladora de aplicación”* e *“formular, aos órganos competentes, cantas propostas resulten precisas para a completa xestión da súa área Delegada”*

Respecto ao órgano competente para adopción do acordo procede acudir ao principio de *“contrarius actus”* que require que para a modificación ou anulación dun acto ou disposición é preciso outro do mesmo rango ou forza de xeito que a

competencia do órgano e o procedemento a seguir para a derogación dunha disposición ou acto deben de ser os mesmos que para a súa aprobación.

Por todo o anteriormente exposto, previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas por resolución da Alcaldía e por acordo da Xunta do Goberno local do 18 e 20 de xuño do 2019 e posteriores de 17 e 18 de agosto de 2020, elévase ao Pleno, idéntico órgano municipal que creou o rexistro, a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. Aprobar a supresión do Rexistro Municipal de Parellas de Feito do Concello de Vigo, creado no ano 1994, e deixar sen efecto a súa normativa reguladora para novas inscricións, aprobada por acordo da Comisión de Goberno de data 12/05/1995. mantendo a tramitacións das:

- Solicitudes de certificacións das inscricións xa practicadas no Rexistro durante a súa existencia, que seguirán producindo os efectos xurídicos que viñeron producindo ata a data.

- Solicitudes de cancelación de inscrición (baixas)

SEGUNDO.- Publicar o acordo no Boletín Oficial da Provincia, no Portal de Transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

Contra o presente acordo poderase interpoñer potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, ou directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa. Se se interpón o recurso de reposición, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata a resolución do primeiro ou ata a súa desestimación presunta. O prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de dous meses.”

A Comisión informativa de Benestar Social, Igualdade, Normalización Lingüística, distritos e Participación Cidadá, en sesión ordinaria do 21.10.20, ditamina favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación (7 presenciais e vinte por video conferencia) que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE: Aprobar a proposta transcrita nos antecedentes deste acordo.

3(180).- RATIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DA LINGUA. EXPTE. 2806/334 (REXISTRO PLENO 2628/1101)

DEBATE:

SR. PÉREZ IGLESIAS: Unicamente para explicar o voto en contra que o Bloque Nacionalista Galego imos a emitir nesta cuestión debido a nosa exclusión, a exclusión deste concelleiro do Consello Municipal da Lingua do que si participei na súa sesión constitutiva do pasado mes de outubro do ano 2019 sen que medie explicación de que por que si puiden participar con plenos dereitos nesa xuntaza e se exclúe e este representante electo dese Consello.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Non sei se agardo á intervención do concelleiro o Sr. Font ou falo eu antes.

PRESIDENCIA: Quería dicir que si, que fale vostede primeiro e el falará despois.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: De acordo, moitas grazas. Nós en todo caso sumámonos a esta petición do concelleiro do BNG de continuar participando no Consello Municipal da Lingua, efectivamente así o viña a facer ata esta renovación o que din os textos que constitúen o Consello Municipal da Lingua é que teñen unha representación corporativa e ademais da presidencia que está constituída polo Alcalde ou pola concelleira responsable en materia de Normalización Lingüística e que terá un representante cada grupo municipal consonte a súa representación no Pleno, desa maneira e pola mesma entendemos que o concelleiro do BNG participa así tamén nas Comisións Informativas e noutros consellos municipais. Polo tanto, nos sumamos a esta petición de que o concelleiro do BNG con representación no Pleno teña tamén a súa representación no Consello Municipal de Lingua.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Simplemente comentar un par de aspectos, o primeiro é que tiñamos que advertilo na Comisión Informativa é certo, pero penso que este órgano que foi aprobado pola Xunta de Goberno Local, lía o informe e ese acordo da Xunta de Goberno Local dicía que a aprobación sería ratificada polo Concello Pleno, é dicir, tería que haber, penso, un acordo plenario de aprobación do

Consello segundo a proposta, entón como eu non o teño claro e penso que non veu a Pleno simplemente a aprobación do órgano, é unha cuestión formal, penso que debería quedar sobre a orde do día vir aquí clarexar ese aspecto e senón nós non nos imos a opoñer a aprobación, pero penso que non veu ao Pleno este acordo. Digo porque o que di a Xunta de Goberno Local, acordou aprobar o Proxecto de Regulamento condicionado a adopción dun acordo plenario do seguinte contido, creación do Consello Municipal da Lingua, e penso que ese acordo plenario non se adoptou, entón provoca que efectivamente hai algunha discrepancia con respecto a composición do órgano dos grupos municipais que é un tema que o Pleno tería que debater, e en segundo lugar, tampouco na composición que imos aprobar vexo que o PSOE non designou ningún vogal, por iso penso que mellor é deixalo fora da orde do día ou retiralo e traelo outro día un pouco máis masticado, senón nos absteríamonos.

SR. LÓPEZ FONT: Estamos no estrito cumprimento de cal é a composición do Consello Municipal da Lingua, en comisión informativa cuestións que se están manifestando aquí non se manifestaron e a composición do Consello é ata de 28 membros e en concreto son os grupos municipais que están acreditados e que están formalmente acreditados na Corporación, polo tanto, grupos municipais como tal só hai o grupo municipal do Partido Socialista, do Partido Popular e o Grupo Mixto, o concelleiro non adscrito como noutras cuestións non é grupo municipal e polo tanto, aquí non tiña cabida, independentemente das opinións que poida haber, pero formalmente a acreditación é como grupo municipal.

PRESIDENCIA: Bueno é certo que isto é a regulación e este é o problema de ser non adscrito, que é un problema legal, as opcións teñen consecuencias eu vou a propoñerlle ao Pleno que retiremos este punto da orde do día, de que busquemos unha solución política, dado que non hai posibilidade legal porque non hai un grupo non adscrito, iso non existe, por certo hai un importante sentenza do tribunal Supremo ao respecto, da que falan hoxe algúns xornais pero imos a retirar, se lle parece ao Pleno este punto da orde do día e imos a facer unha análise política de como podemos conseguir unanimidade para ter un Consello da Lingua

votado unánimemente neste Pleno. Algunha oposición a que se retire da orde do día? Queda retirado.

Retirado da orde do día.

4(181).- FESTIVIDADES LOCAIS PARA O ANO 2021. EXPTE. 1668/1101 (REXISTRO PLENO 2626/1101)

ANTECEDENTES: A concelleira de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, con data 15.10.20, emite a seguinte proposta,

“A concelleira delegada de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal, de conformidade co disposto no artigo 37.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e de conformidade co artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola Disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, que indica que corresponde ao Pleno da Corporación o sinalamento das datas das festividades locais, eleva a dito órgano a seguinte:

PROPOSTA

PRIMEIRO.- Fixar as seguintes festividades locais para o ano 2021

- 1.- O martes de Entroido, 16 febreiro
- 2.- O Día de San Roque, luns 16 de agosto

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo ao órgano competente da Administración da Comunidade Autónoma.”

A Comisión informativa de Organización Municipal, na súa sesión do 21 de outubro, ditaminou favorablemente dita proposta.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación (7 presenciais e vinte por video conferencia) que a constitúen de dereito e feito,

ACORDASE: Aprobar a proposta transcrita nos antecedentes deste acordo.

5(182).- PROPOSTA DE DESIGNACIÓN DE VOGAIS DO SECTOR SOCIAL DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL (CEMV). EXPTE. 24538/332. (REXISTRO PLENO 2624/1101)

ANTECEDENTES: Con data 2.10.20, o técnico de Actividades Culturais e a xefa de Educación co conforme do concelleiro de Educación, emite o seguinte informe proposta,

“O Pleno do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 25 de xaneiro de 2010, adoptou o acordo de aprobar definitivamente o Regulamento Orgánico de Organización e Funcionamento do Consello Escolar Municipal de Vigo - CEMV (Expte. 10600/332) que foi publicado no BOP núm. 37 do 24 de febreiro de 2010.

No artigo 1º “Natureza” do citado Regulamento, defínese este órgano colexiado de ámbito municipal e de carácter consultivo, como unha peza básica para acadar unha eficaz instrumentalización da participación democrática de todos os sectores da comunidade educativa da nosa cidade. Igualmente nas súas disposicións adicionais establécese entre outros o seguinte proceso de constitución do CEMV:

- Disposición Adicional 3ª “Sesión constitutiva do CEMV”: A convocatoria e presidencia da sesión constitutiva do CEMV será efectuada polo Alcalde do Concello de Vigo ou Concelleiro/a da Área de Educación en quen delegue.

- Disposición Adicional 4ª “Publicidade dos cargos do CEMV”: O Concello de Vigo publicará na súa páxina web, previa comunicación do secretario do CEMV, os nomes dos/as conselleiros/as en cada período de mandato, co obxecto de fomentar a transparencia e dar cumprimento ao principio de información á cidadanía.

O artigo 6.3 “Composición do CEMV”, recolle que o mandato dos/as conselleiros/as será de catro cursos académicos, excepto os representantes dos/as alumnos/as, que será de dous cursos académicos.

Tendo en conta que a última sesión de constitución do CEMV tivo lugar en data 21 de outubro de 2015, ten transcorrido a totalidade do mandato ou dos catro cursos académicos que determina o artigo 6.3 do regulamento do CEMV; polo que seguindo instrucións do Concelleiro-Delegado de Educación iniciáronse as xestións e trámites oportunos para concretar o proceso de nova constitución e renovación

de representantes deste órgano consultivo de participación democrática en materia de educación no ámbito municipal.

O Regulamento do CEMV, no seu Capítulo II “Competencias e composición”, no seu artigo 6 “Composición do sector social do CEMV” recolle que o referido sector estará integrado por dez membros elixidos por acordo do Pleno da Excma. Corporación Municipal, de entre as seguintes categorías de profesionais:

- Dous directores/as de centros públicos, que serán propostos polas asembleas de directores/as, de primaria e secundaria, dos colexios públicos e institutos de Vigo.

- Un/ha representante das centrais sindicais, que non estea vinculado ao ámbito educativo, a proposta dos sindicatos máis representativos.

- Un/ha representante de asociacións de empresarios/as, que non estea vinculado ao sector educativo, a proposta da Confederación de Empresarios/as de Vigo.

- Un/ha representante das asociacións de persoas con discapacidade, á proposta da Federación máis representativa deste ámbito en Galicia.

- Unha persoa titular de centros privados, a proposta da Asociación de centros privados.

- Un/ha especialista, de recoñecido prestixio, en temas educativos, a proposta do Alcalde.

- Un/ha representante das asociacións de veciños/as que actúen no municipio de Vigo, legalmente constituídas, a proposta da Federación de Asociacións de Veciños de Vigo máis representativa.

- Unha representante a proposta do Consello Municipal da Muller.

- Un/ha representante dos centros públicos de ensinanza artística, regradas ou non regradas, a proposta dos seus directores/as.

Unha vez rematadas as tarefas de nova constitución e renovación de representantes deste Órgano Colexiado e recibidas comunicacións das persoas propostas polas distintas categorías profesionais que integran o sector social;

PROPONSE ao Pleno da Excma. Corporación Municipal adoptar o seguinte acordo,...

De seguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A Comisión Informativa de Organización Municipal, Seguridade, Dinamización Administrativa e I+D, na súa sesión ordinaria do 21 de outubro, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SR. PÉREZ CORREA: Si moi brevemente, saber máis ou menos cando vai a ser convocatoria do órgano, entendendo que a partir deste Pleno se vai a ser inmediato ou se máis ou menos se manexa algunha data concreta para a súa convocatoria.

SR. GÓMEZ DÍAZ: Como comentáramos en anteriores ocasións, está previsto convocalo o antes posible despois da súa constitución co cal lles informaremos proximamente da súa convocatoria.

VOTACIÓN: Por unanimidade dos vinte e sete membros da Corporación (7 presenciais e vinte por video conferencia) que a constitúen de dereito e feito,

ACORDA:

Nomear vogais do sector social do Consello Escolar Municipal (CEMV) ás seguintes persoas”:

•PILAR ÁLVAREZ REY, Directora do CEIP Párroco D. Camilo, proposta pola Asociación de directores/as de colexios públicos de Vigo (ADICOPUVI).

•MARÍA AURORA ALONSO SUÁREZ DE MIERA, Directora do IES A Guía de Vigo, proposto pola Asociación de Directores e Directivos de IES de Galicia (ADDIGA).

•RAQUEL PÉREZ FERNÁNDEZ, representante das centrais sindicais, non vinculado ao ámbito educativo, proposto polos sindicatos máis representativos.

•JOSÉ ÁLVAREZ CARPINTERO, representante de asociacións de empresarios/as, non vinculado ao sector educativo, proposto pola Confederación de Empresarios/as de Vigo.

- ELADIO FERNÁNDEZ PÉREZ, representante das asociacións de persoas con discapacidade, proposto por CERMI-GALICIA (Confederación de representantes de federacións de discapacitados de Galicia).
- JOSE MANUEL RODRÍGUEZ LAGO, representante de centros privados, proposto pola Asociación provincial de centros de ensinanza non estatal de Pontevedra.
- ANTONIO VÁZQUEZ VÁZQUEZ, especialista de recoñecido prestixio en temas educativos, proposto polo Excmo. Sr. Alcalde.
- OSCAR ÁLVAREZ GALLEGO, representante das AA.VV. de Vigo, proposta pola Federación Veciñal “Eduardo Chao”.
- ISABEL LÓPEZ LORENZO, representante do Consello Municipal da Muller, proposta polo Consello Municipal da Muller.
- ANTONIA CÉSPEDES BALONGO, Directora da Escola Municipal de Teatro, representante dos Centros Públicos de Ensinanzas Artísticas, regradas ou non regradas, proposto polos seus directores/as.

6(183).- APROBACIÓN DO “ESTUDO ESPECÍFICO DA SITUACIÓN DERIVADA DA ANULACIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE VIGO 2008, NO ÁMBITO DO POLÍGONO 32 DO PERI DO CALVARIO (VIGO) COMO ORDENACIÓN PROVISIONAL”, DE CONFORMIDADE CO PREVISTO NA LEI 2/2017, DO 8 DE FEBREIRO, DE MEDIDAS FISCAIS, ADMINISTRATIVAS E DE ORDENACIÓN. EXPTE. 17165/411 (REXISTRO PLENO 2639/1101).

ANTECEDENTES: Con data 15.10.20, a técnica xurídica da oficina de Planeamento co conforme do Xerente da Xerencia Municipal de Urbanismo, emite o seguinte informe proposta,

“1. Danse por reproducidos na súa totalidade, por mor das necesarias concisión e brevidade, e por non incorrer en repeticións innecesarias, o relato de feitos e a fundamentación xurídica que obran na proposta do Xerente de Urbanismo de data 04.06.2020 e que serviu de base á Resolución adoptada pola Vicepresidencia desta XMU con data do 08.06.2020, pola que se dispuxo, *PRIMEIRO: Prestar conformidade ao “Estudo específico da situación derivada da anulación do PXOM 2008 ao abeiro do previsto no artigo 88 e 89 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, nas rúas Sagunto, Valladolid e AV. Emilio Martínez Garrido de Vigo”, documentación presentada no Rexistro electrónico do Concello de*

Vigo con data do 16.03.2020 (COD. SOL.: W425214-9043) pola representación da entidade "EDUARVEN 2014, SL", asinado dixitalmente polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García e polo avogado Diego Gómez Fernandez (avogado núm. 1.647 ICA Vigo) con data marzo de 2020, e subsecuentemente elevar o mesmo a instancia dos interesados, a consulta da Consellería correspondente da administración autonómica sobre a súa inclusión como ordenación provisional das prevista na Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación, con independencia do expediente tramitado a instancia deste Concello baixo o número 16022-411; SEGUNDO: Remitir o nomeado Estudo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia para o seu sometemento ao informe urbanístico e ambiental referidos no artigo 88.2 da LMFA.

Da antedita Resolución tomou coñecemento o Consello desta XMU na sesión ordinaria que tivo lugar o 09.06.2020, no exercicio das súas labores de control estatutariamente atribuídas.

2.- Deste xeito e en cumprimento do disposto, mediante oficio da Vicepresidenta da XMU de data 09.06.2020 (Núm. Not 5675/2020) remitíasele á Dirección xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, a antedita Resolución adoptada, xunto coa documentación presentada no Rexistro electrónico do Concello de Vigo con data do 16.03.2020 (COD. SOL.: W425214-9043) pola representación da entidade "EDUARVEN 2014, SL", asinado dixitalmente polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García e polo avogado Diego Gómez Fernandez (avogado núm. 1.647 ICA Vigo) con data marzo de 2020, aos efectos de que polos órganos competentes se emitan os informes urbanístico e ambiental, ao abeiro do pautado no artigo 88.2 da LMFAO.

3.- Así as cousas, con data do 20.07.2020 tiña entrada no Rexistro xeral desta XMU, a través do sistema "Notifica.Gal", un oficio suscrito pola Secretaria xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia, polo que se remiten os informes sectoriais emitidos ao presente expediente de conformidade coa normativa de pertinente aplicación, isto é, o informe urbanístico de data 15 de xullo de 2020 da Dirección Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanístico e o informe ambiental suscrito pola Directora xeral de calidade ambiental e cambio climático na mesma data, ao abeiro do previsto no artigo 88 da LMFAO, que se incorporan e forman parte do presente expediente, e do que se extracta a continuación o neles concluído para unha mellor comprensión do informado:

- Deste xeito o antedito informe ambiental, conclúe que, considerando a información incorporada no estudo que se achega, e analizadas as características da zona afectada pola ordenación provisional prevista, procede inicialmente someter as medidas de ordenación provisional nas rúas Sagunto, Valladolid e Avenida Emilio Martínez Garrido do Concello de Vigo, ao procedemento de avaliación ambiental simplificado.

- Pola súa banda, o antedito informe urbanístico asinado pola Directora xeral de ordenación do territorio e urbanístico, establece unha serie de consideración que deben ser incorporadas e xustificadas, aos efectos da emisión do informe solicitado.

4.- Neste senso, e previo requirimento efectuado por esta administración mediante oficio do Xerente de urbanismo do 20.07.2020 (Not. Núm. 7513/2020), con data do 22.07.2020 a representación da entidade "EDUARVEN 2014, SL"- e que consta

debidamente acreditada no expediente de razón-, insire no Rexistro electrónico desta XMU baixo o COD. SOL.: W455518-5452, impreso de solicitude ao que xunta diversa documentación, aos efectos de dar contestación e fundamentación ás consideracións/observación contidas no nomeado informe sectorial urbanístico, e solicitando a tales efectos que, se proceda ao seu traslado á Dirección xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia.

En cumprimento do petitionado, mediante oficio da Vicepresidenta desta XMU do 24.07.2020 (Not. Núm. 7781/2020) remitíasele á Dirección xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia, a antedita documentación aos efectos da súa consideración, e a ulterior emisión do correspondente informe urbanístico referido no artigo 88.2 da LMFAO.

5.- Así as cousas, con data do 10.08.2020 tiña entrada no Rexistro desta XMU, a través do sistema "Notifica.gal", un oficio da Vicesecretaría xeral da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que se remite novo informe sectorial urbanístico de data 5.08.2020 da Dirección xeral de ordenación do Territorio e Urbanístico, a cuxo íntegro contido nos remitimos, e que obra incorporado ao expediente de razón, e no que a vista da antedita documentación remitida, conclúe no seu teor literal que,

"Conclusión.

Así pois, pódese considerar suficientemente xustificadas as cuestións sinaladas nos puntos 1,2 e 4 do informe de 15 de xullo, emitido pola directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, mais non o indicado no punto 3; polo que se entende que o informe favorable a este Estudo específico nas rúas Sagunto, Valladolid e Avd. Emilio Martínez Garrido de Vigodebe quedar condicionado a incluír na ordenación que se propoña a totalidade do polígono 32 do PERI do Calvario.

Do dito concluído, procedeuse a dar traslado a representación da entidade promotora mediante oficio do Xerente de urbanismo do 10.08.2020 (Not. Núm. 8601/2020); e a tales efectos, con data do 09.09.2020 tiña entrada no rexistro electrónico desta XMU, baixo o COD.SOL.: W470852-4011, nova documentación achegada pola representación da entidade promotora, en cumprimento do indicado no derradeiro informe da Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 05.08.2020 verbo da inclusión da totalidade do polígono, consistente en: "Estudo da situación derivada da anulación do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo, no ámbito do polígono 32 do PERI del Calvario" redactado e asinado con firmas dixital válidas con data do 08.09.2020 polo avogado don Diego Gomez Fernández (Avogado núm. 1647 ICA Vigo) e polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García (Arquitecto núm. 775 do COAG), documentación técnica, que substitúe e anula a anteriormente presentada, e a que neste intre se presta aprobación.

6.- Chegados a este punto, con data do 13.10.2020 tiña entrada nesta administración a través do sistema notifica.gal, un oficio da Secretaría xeral técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, polo que se da traslado do Informe urbanístico suscrito con data do 09.10.2020 pola Directora xeral de ordenación do territorio e urbanismo, de carácter favorable á vista da nova proposta de "Estudo da situación derivada da anulación do Plan xeral de ordenación municipal de Vigo, no ámbito do polígono 32 do PERI del Calvario" redactado e asinado con firmas dixital válidas con data do 08.09.2020 polo avogado don Diego Gomez Fernández (Avogado núm. 1647 ICA Vigo) e polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García (Arquitecto núm. 775 do COAG),

Xa que logo, e de conformidade co " iter procedimental" pautado pola LMFAO, no seu Título V baixo o epígrafe "*Medidas provisionais de ordenación urbanística*", artigos 88 e seguintes, procede neste intre, prestar aprobación polo Concello de Vigo ao nomeado documento "*Estudo específico da situación derivada da anulación do Plan xeral de Ordenación municipal de Vigo no ámbito do polígono 32 do PERI CALVARIO* ", como proposta de ordenación provisional das previstas na Lei 2/2017, do 8 de febreiro, logo da emisión dos informes urbanístico e ambiental de carácter vinculante, polos órganos competentes da Comunidade Autónoma, do xeito e co resultado que se reflectiu nas alíneas precedentes.

FUNDAMENTOS LEGAIS/VALORACIÓN XURÍDICA


I. Normativa examinada

- Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de medidas fiscais, administrativas e de ordenación (LMFAO);
- Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG);
- Real decreto lexislativo 7/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de solo e rehabilitación urbana;
- Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do solo de Galicia (RLS), e a súa modificación operada polo Decreto 92/2019, do 11 de xullo;
- Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental;
- Lei 10/2014, do 3 de decembro, de accesibilidade;
- Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (derrogada agás no relativo ao parágrafo primeiro do apartado 1 do artigo 40 e no apartado 1 do artigo 44).
- Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de Accesibilidade e supresión de barreras na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Lei 5/2016, do 4 de maio, de Patrimonio cultural de Galicia
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local
- Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- RD 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproba o Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000)
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993)
- Ordenación provisional do Concello de Vigo, aprobada definitivamente con data do 24.07.2019; DOG 26.08.2019; BOB 20.09.2019.
- O resto de disposicións que poidan afectar;

II.- Obxecto, formulación e xustificación da necesidade da adopción das medidas de ordenación propostas

Xa dende un primeiro intre cómpre indicar que a presente proposta se formula en base ao disposto no artigo 88 da LMFAO, que non impide a iniciativa privada para a incoación e tramitación do presente expediente, ao teor e en estrita aplicación do disposto no artigo 54 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas nin, polo tanto, que o presente “Estudo” ao que se adica o apartado 1 do precitado artigo 88 se realice a instancia de “interesados”, debendo neste caso, axuizarse en vía municipal a xustificación do aquí proposto, a maior abastamento do xa cumprimento do previsto no artigo 84 e seguintes da propia LMFAO, que tal e como reflicte o equipo redactor, con limiar precisión, e a cuxa argumentación se presta conformidade, ten como obxectivos pormenorizados os que a continuación se expresan, e que xustifican a concorrencia do interese xeral perseguido, do xeito que segue:

“(..) El presente Estudio específico de la situación derivada de la anulación del instrumento de ordenación redactado al amparo de los arts. 88 y 89 de la Ley 2/2017 por el Arquitecto José Antonio Comesaña García y por el abogado Diego Gómez Fernández tiene por objeto del ámbito del Polígono 32 del PERI del Calvario de Vigo.



En este Estudio se justifica que la declaración de nulidad del PXOM 2008 que provocó la vigencia sobrevenida del PGOU 1993 ha hecho que esta antigua pero vigente ordenación no responda a la realidad urbanística existente para el ámbito citado, concurriendo un supuesto evidente de obsolescencia sobrevenida de dicho PGOU 1993 y la necesidad de recuperar la ordenación del PXOM 2008 que sí respondía a la realidad física y urbanística del referido ámbito.

3. CUMPLIMIENTO DEL REQUISITO PREVIO PARA APLICAR LAS MEDIDAS DE ORDENACIÓN PROVISIONAL.

Como requisito previo para la tramitación de las medidas de ordenación provisional previstas en la Ley 2/2017, el art. 87.Uno de la misma nos dice que: “A los efectos de aplicar las medidas de ordenación provisional previstas en el presente título, será requisito necesario que el ayuntamiento cuyo instrumento de planificación fue anulado inicie la tramitación de uno nuevo, inicie, en su caso, el procedimiento de contratación de los servicios técnicos o jurídicos necesarios para su redacción o bien encomiende la realización total o parcial del instrumento a los servicios técnicos municipales”.

En el presente caso, en primer lugar, el Pleno del Ayuntamiento de Vigo en su sesión de 18.12.2015 adoptó el siguiente acuerdo:

“Primeiro: Proceder á elaboración dun novo Plan Xeral de Ordenación Municipal adaptado a lexislación vixente que substitúa ao actual Plan Xeral de Ordenación Urbanística de 1993, nomeado de “Subsanación de Deficiencias na Adaptación do PXOU á Lei 11/1985, de 22 de abril, de Adaptación da do Solo a Galicia” conforme coas disposicións normativas contidas na lexislación urbanística vixente así como en concordancia coas lexislación de solo, ambiental e sectorial de aplicación.

Segundo: Encomendar á Xerencia Municipal de Urbanismo a tramitación do procedemento de aprobación do novo PXOM e a realización dos traballos necesarios para a elaboración do novo documento, sen prexuízo da contratación daqueles traballos ou asistencias que, de ser o caso, resultasen precisas a tal efecto”.

En segundo lugar, el Consejo de Gerencia de Urbanismo de dicho Ayuntamiento en sesión celebrada el 11 de octubre de 2018 acordó adjudicar el contrato de servicios de actualización de la cartografía municipal y redacción de la revisión del Plan General de Vigo a las empresas Geograma, S.L. y a la UTE formada por Oficina de Planeamiento, S.A. y SEPIA Técnicos, S.L. (Expte. 10681/407).

En virtud de ello, se cumple con el requisito previo del art. 87.Uno de la Ley 2/2017 para la tramitación de las medidas de ordenación provisional objeto del presente Estudio.

4. ANÁLISIS DEL PGOU 1993 COMO INSTRUMENTO QUE RECOBRA PARCIALMENTE SU VIGENCIA Y LEGISLACIÓN AL AMPARO DE LA QUE SE APROBÓ.

4.1 El PGOU 1993 y su modelo.

El PGOU 1993 es el resultado de un expediente de subsanación elaborado en cumplimiento de la Resolución de la COTOP de 19.09.1991 que revocaba el PXOU 1990 y que, partiendo del PGOU 1988 de Vigo, incorporaba un Estudio de Medio Rural y de

delimitación de núcleos adaptado a la Ley 11/1985, de 22 de agosto, de adaptación de la del suelo a Galicia (LASGA), ley que completaba con las especialidades autonómicas, la legislación estatal por entonces de aplicación, el Texto Refundido de la Ley de Suelo de 1976 y los Reglamentos dictados en su aplicación y la Ley 8/1990, sobre reforma del régimen urbanístico del suelo y el R.D. Legislativo 1/1992, por el que se aprobó el Texto Refundido de la Ley sobre régimen del suelo y ordenación urbana.

Tal y como se recoge en el Estudio de la situación derivada de la anulación del Plan General de Ordenación Municipal de Vigo por la Sentencia del Tribunal Supremo de fecha 10.11.2015 en el recurso de casación nº 1168/2014 elaborado por los Servicios Técnicos Municipales en abril de 2017 que sirvió de base al Instrumento de Ordenación Provisional aprobado definitiva por el Pleno de dicho Ayuntamiento el 24 de julio de 2019 (expediente 16022/411), dentro de los objetivos del PGOU de 1993 se encontraban los siguientes:

“• A consecución dun modelo territorial nucleado mediante a definición dun sistema de núcleos de poboación urbanos e rurais, potenciando o mantemento, estruturación e mellora dos núcleos existentes a través da súa identificación, tipificación e clasificación.

- A pormenorización das determinacións nos núcleos a través de tres actuacións:
 - i. Consolidar: mediante a definición das condicións de ordenanzas e aliñacións;*
 - ii. Completar: mediante a definición de planeamento de desenvolvemento nas bolsas de solo vacante con superficie apreciable e naqueles en que a problemática xerada pola consolidación abusiva e excesiva esixía a realización de operacións de reforma interior e;*
 - iii. Conservar: mediante intervencións sempre no entorno dos núcleos históricos en protección puntual mediante a elaboración dun Catálogo e a potenciación da morfoloxía pola calidade dos seus espazos.**
- O control do crecemento do medio rural evitando actividades incompatibles co mesmo e a delimitación de núcleos de nova creación que contribúan a estruturación dos núcleos existentes, dinamicen a obtención de infraestruturas e completen os equipamentos, actuando como áreas de absorción dos novos crecementos.*
- A xeración de polígonos industriais de nova creación e o recoñecemento de situacións como os crecementos lineais da industria escaparate: Avenida de Madrid, Autovía e estrada de Baiona.*
- A eliminación das expectativas urbanísticas inadecuadas para o solo non urbanizable. A protección dos recursos naturais a través da delimitación de ámbitos susceptibles de ser protexidos, de acordo cos seus valores diferenciadores, en particular, o recoñecemento dos sistemas ecolóxicos da xunqueira do Vao e a marisma do Lagares.*
- A racionalización da obtención de infraestruturas e a urbanización difusa.*
- A mellora da vialidade e estruturación interna dos núcleos e a creación e mellora do viario interparroquial.*
- A dotación de ordenanzas adecuadas aos fins propostos e control disciplinario”.*

4.2 Falta de adecuación del PGOU 1993 a la legislación urbanística y sectorial vigente.

El PGOU 1993 fue redactado y aprobado como decíamos para adaptar el Plan General de 1988 a la LASGA y en la normativa estatal tanto el Texto Refundido de la Ley de

Suelo de 1976 y sus Reglamentos, como la Ley 8/1990 y el TRLS de 1992, declarado en gran parte inconstitucional por la Sentencia del Tribunal Constitucional 61/1997.

A día de hoy el marco normativo ha cambiado totalmente. A nivel estatal, se encuentra vigente el Real Decreto Legislativo 7/2015, de 30 de octubre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Suelo y Rehabilitación Urbana (TRLRDU 2015), donde se fusionaban por una parte el Texto Refundido de la Ley de Suelo de 2008 (unión de la Ley 8/2007, de 28 de mayo, de Suelo y los artículos no declarados inconstitucionales del TRLS de 1992) y la Ley 8/2013, de 26 de junio, de rehabilitación, regeneración y renovación urbanas, ésta última posteriormente parcialmente declarada inconstitucional por invadir competencias autonómicas por la STC 143/2017, de 14 de diciembre.

A nivel autonómico, además de la legislación de ordenación territorial desde la Ley 10/1995, de ordenación del territorio de Galicia, está vigente la Ley 2/2016, de 10 de febrero, de suelo de Galicia y su Reglamento, aprobado por Decreto 143/2016, de 22 de septiembre que modifica totalmente la LASGA. Recientemente, ha entrado en vigor la Ley 1/2019, de 22 de abril, de rehabilitación y de regeneración y renovación urbanas de Galicia, donde, entre otras cosas, se recuperan los artículos de la Ley 8/2013 y correlativos del TRLRDU 2015 declarados inconstitucionales por la citada STC 143/2017.

El mayor cambio se dio a partir de la aprobación de la Ley estatal 8/2007, de 28 de mayo, de Suelo donde se abandonó el modelo que partió de la Ley de Suelo de 1956 con un diseño de ciudad extensiva que buscaba crecer para dar cabida a las migraciones masivas que se producían de la ciudad al campo y a la expansión demográfica por el nuevo modelo basado en el principio de desarrollo territorial urbano sostenible que busca la recuperación de la ciudad compacta, introduciéndose ya en la Ley gallega 9/2002, pero sobre todo en la Ley 8/2013 estatal y en la Ley gallega 1/2019 los conceptos de rehabilitación, regeneración y renovación urbanas que son la expresión de dicho principio de desarrollo sostenible que se aplica con la ordenación provisional propuesta en este Estudio.

Otro de los cambios importantes que tiene incidencia también como luego veremos en la obsolescencia de la ordenación para la manzana objeto del presente Estudio es que tanto en la legislación estatal como en la autonómica en base a la que se aprobó el PGOU 1993 no se distinguía en el suelo urbano las categorías de consolidado y no consolidado, ya que las mismas no fueron creadas e incorporadas en la legislación de aplicación en la Ley 1/1997, de 24 de marzo, de suelo de Galicia y, a nivel estatal, en la Ley 6/1998, de 13 de abril, sobre régimen del suelo y valoraciones.

Ello no obstaba a que la ordenación y desarrollo de gran parte del suelo clasificado como urbano en el PGOU 1993 estuviese remitido, entre otros, a planes especiales de reforma interior como estaría hoy un suelo urbano no consolidado, si bien a día de hoy no sería posible lo que pasó en el PERI del Calvario y especialmente en este Polígono 32 que, sin desarrollar los polígonos ni el Plan se hubiesen concedido licencias directas y se hubiese abierto la Avenida Martínez Garrido (lo que provocó que estos terrenos del Polígono 32 fuesen en 2008 y sean hoy en día un suelo urbano consolidado).

Derivado de esto, hay que señalar también que las clasificaciones de suelo de 1993 no se corresponden con las actuales.

También por causa de este desfase normativo, el PGOU 1993 no tiene delimitadas áreas de reparto ni fijado aprovechamiento tipo en las mismas.

Por último, la legislación sectorial vigente en el momento de la entrada en vigor del PGOU 1993 ha sufrido también una gran modificación (p.ej. carreteras, costas, aguas o la legislación de patrimonio cultural, donde también se recoge el principio antes indicado de desarrollo sostenible que tanta importancia tiene en este caso).

Todo ello provoca que por aplicación de la normativa en vigor a partir de la Ley de suelo de 2007 los terrenos objeto del presente Estudio tendrían que haber sido clasificados como suelo urbano con la categoría de consolidados, como así lo fueron en el PXOM 2008 como a continuación veremos. Y es por aplicación del nuevo modelo urbanístico de recuperación de la ciudad compacta y del principio de desarrollo sostenible que es necesario recuperar esa ordenación para poder completar la trama, tapando las medianeras con la ejecución del único solar que queda vacante dentro del ámbito.

4.3 Mayor adecuación del PXOM 2008 a la legislación urbanística vigente.

El PXOM 2008 fue aprobado definitivamente el 16.05.2008 y 13.07.2009 al amparo de la Ley 9/2002, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia[1] que está mucho mejor adaptado a la legislación urbanística vigente que, como hemos visto, la normativa vigente en 1993.

En primer lugar, el Reglamento de la actual Ley 2/2016 de suelo de Galicia considera a los planes como el PXOM 2008 aprobados al amparo de la Ley 9/2002 como planeamiento adaptado a la misma y hubiera mantenido su vigencia de no ser por su declaración de nulidad por otros motivos, hasta su revisión. Respecto al suelo urbano, se le hubiera aplicado íntegramente lo dispuesto en dicho PXOM 2008.

En segundo lugar, el PXOM 2008 clasifica el suelo de manera coincidente con las clases de suelo existentes en la actualidad.

En tercer lugar, el PXOM 2008, tal y como hace el actual art. 17 de la Ley 2/2016, diferencia las dos categorías de suelo urbano, consolidado y no consolidado.

En cuarto lugar, la Ley 9/2002 en base a la cual se aprobó el PXOM 2008 incluía ya en su art. 4.e) dentro de los fines de la actividad urbanística el desarrollo sostenible del territorio y de su población, recogido como antes decíamos en la legislación estatal a partir de la Ley de Suelo de 2007 y, a partir de ahí, en toda la legislación vigente hasta llegar al TRLS 2015 estatal y a la Ley 2/2016 gallega.

Este principio de desarrollo ambiental sostenible en base al que se aprobó ya el PXOM 2008 va íntimamente ligado en el suelo urbano a la recuperación de la ciudad compacta, completando las tramas existentes, abandonando como decíamos el crecimiento expansivo de la Ley de suelo desarrollista de 1956.

4.4 Ordenación prevista para el ámbito objeto de este Estudio en el PGOU 1993 y obsolescencia de la misma.

El ámbito se encuentra clasificado como suelo urbano (SU) e incluida dentro del ámbito del PERI IV-CALVARIO (plano nº 19-25 que se adjunta) dentro del Polígono 32 a desarrollar por el sistema de compensación. (...)

Dicho polígono 32 no fue desarrollado por los procedimientos habituales de gestión, por lo que no cuenta con instrumento de equidistribución ni de urbanización.

No obstante, hasta la entrada en vigor de la Ley 9/2002, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, el criterio seguido por la Secretaría General del Ayuntamiento de Vigo con motivo de la aprobación definitiva del PERI del Calvario en 1979 y posteriormente confirmado mediante instrucción de la misma Secretaría General de 1988, el Ayuntamiento entendía que era posible otorgar licencias directas a aquellas parcelas incluidas dentro del ámbito de dicho PERI que daban frente a viales consolidados. En ejecución de este criterio, fueron otorgadas licencias directas en todo el ámbito del PERI del Calvario, incluido dentro de este Polígono 32, como por ejemplo la otorgada el 20.08.1993 a la parcela que da frente a la rúa Valladolid, nº 18 (Expte. Municipal nº 1114/421).

Por otra parte, las parcelas incluidas dentro de este Polígono 32 que daban frente a la rúa Valladolid compensaban su aprovechamiento dentro de la misma parcela y sólo aquéllas que incluían terrenos para la por entonces futura Avenida de Emilio Martínez Garrido compensaban su aprovechamiento a ambos lados de la Avenida, materialización que ya se llevó a cabo en su día.(..)"

(...) La construcción de los distintos sólidos en base al criterio municipal de otorgar licencias a partir de la aprobación definitiva en 1979 del PERI del Calvario, así como la apertura y compensación de los terrenos ocupados por la Avenida Martínez Garrido ha hecho que el objetivo por el que se previó originariamente el polígono se haya cumplido.

No existe ya la necesidad de obtención de nuevos espacios, dotaciones o viario público, ya que está todo ejecutado, quedando únicamente la construcción de esos dos sólidos para poder tapar las medianeras y completar la trama urbanística de la manzana.

Por otra parte, las tres únicas parcelas que quedan son suelo urbano consolidado, puesto que reúne los requisitos exigidos por el art. 17.a) de la Ley 2/2016, de suelo de Galicia, ya que se trata de "terrenos que reúnan la condición de solar o que, por su grado de urbanización efectiva y asumida por el planeamiento urbanístico, puedan adquirir dicha condición mediante obras accesorias y de escasa entidad que puedan ejecutarse de forma simultánea con las de edificación", reuniendo también la condición de solar el art. 18.1 de la misma ley.

Esta condición de suelo urbano consolidado ya fue reconocida por el PXOM 2008, como se puede ver en la siguiente imagen extraída del plano 9-N de dicho Plan donde incluso en la parcela de la Av. de Emilio Martínez Garrido nº 40 aparece la palabra solar (...)"

El reconocimiento de esa condición de suelo urbano consolidado hace que la ordenación que la declaración de nulidad del PXOM 2008 ha resucitado para esta manzana sea inviable, ya que la jurisprudencia ha señalado que una vez que se

adquiere la condición de solar, no se puede perder. Así, las SSTS de 10.05.2000 (Recursos de casación 5289/1995, 5290/1995, 5291/1995 y 7533/1995) indican que "...ese «alcanzar la condición de solar» sólo se produce una vez, y que, a partir de entonces, el suelo es ya para siempre suelo urbano consolidado(...)".

Al mismo tiempo, con esta ordenación del PGOU 1993 no se puede finalizar la construcción de los dos únicos solares existentes antes citados. Solamente con la recuperación de la ordenación prevista en el PXOM 2008 de licencia directa, se podría completar la trama urbanística y la mejora de la imagen urbana con tapado de las medianeras actualmente existentes, cumpliéndose así con el principio de desarrollo sostenible y recuperación de la ciudad compacta que es la base del actual urbanismo.

Por todo lo anteriormente expuesto, la declaración de nulidad del PXOM 2008 que ha resucitado para esta manzana el Polígono 32 del PERI del Calvario previsto en el PGOU 1993 hace que nos encontremos ante un planeamiento completamente obsoleto que no responde a las necesidades del ámbito ni al actual modelo de ciudad, ya que el desarrollo urbanístico del polígono 32 como estaba previsto es inviable e innecesario.

Además, tampoco responde a la clasificación y categorización que dichos terrenos tienen por aplicación de la legislación vigente a partir de 2007.

Por todo ello, es necesaria la aprobación de las medidas de ordenación provisional propuestas en este Estudio.

5. PROPUESTA DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DE ACUERDO CON LO PREVISTO EN LA LEY 2/2017, DE 8 DE FEBRERO, DE MEDIDAS FISCALES, ADMINISTRATIVAS Y DE ORDENACIÓN.

La propuesta de ordenación provisional para el ámbito del polígono 32 objeto del presente Estudio consiste, cumpliendo con lo dispuesto en el art. 90 Uno de la Ley 2/2017, en recuperar la ordenación que para la misma tenía el PXOM 2008 y que se recoge en el plano 9-N de la Serie 2 de dicho Plan, el reconocimiento de su condición de suelo urbano, categoría consolidado, aplicándosele las Ordenanzas 3 de edificación en manzana cerrada y y 6 grado 1º de bloque abierto (según se determina en planos):



Planos nº 9-N y 9-O de la serie 2 del PXOM 2008

Dichas Ordenanzas 3 y 6 del PXOM 2008 se corresponde con las del mismo nombre que se incorporaron en el Instrumento de ordenación provisional (IOP) aprobado definitivamente por el Pleno del Ayuntamiento de Vigo el 24 de julio de 2019 (expediente 16022/411).

Por ello, la normativa urbanística que se propone para la manzana objeto del presente Estudio será las Ordenanzas del IOP de Vigo aprobado definitivamente el 24 de julio de 2019 y la restante normativa que para lo no previsto en dichas Ordenanzas se recoge en la normativa urbanística que forma parte de este IOP de Vigo de 24 de julio de 2019, sin perjuicio de lo que resulte de la tramitación.

Con la recuperación de esa normativa, se conseguirán varios objetivos, todos ellos en la línea de que la ordenación urbanística del ámbito se corresponda con su realidad física y jurídica actualmente existente.

Por una parte, se dotará a la manzana de la categoría de suelo urbano consolidado que es la que conforme a la Disposición Transitoria Primera 2.a) de la Ley 2/2016 de suelo de Galicia le debería ser de aplicación, ya que en planeamientos no adaptados a la Ley 9/2002 como es el PGOU 1993 se señala que "Al suelo urbano que reúna las condiciones establecidas en el artículo 17.a) de la presente ley, se le aplicará lo dispuesto en la misma para el suelo urbano consolidado". La única manera de conseguir esto es recuperar la ordenación del PXOM 2008 que sí reconocía esa condición.

Por otra parte, se conseguirá que los dos únicos solares vacantes se puedan ejecutar y así desaparezcan las medianeras actualmente existentes, mejorándose la imagen urbana y colmatándose así la ciudad compacta.

En función de todo lo anteriormente expuesto, se entiende que mediante el presente Estudio se ha justificado la concurrencia de los requisitos señalados en la Ley 2/2017, de medidas fiscales, administrativas y de ordenación de Galicia para la tramitación y

aprobación de las medidas de ordenación provisional para el ámbito correspondiente al Polígono 32 del PERI Calvario de esta ciudad de Vigo.(...)."

Deste xeito, esta administración presta conformidade ao argumentado, cumprindo os requisitos previstos na liña marcada pola normativa de pertinente aplicación (LMFAO); Pola súa banda, compre indicar que, en cumprimento do disposto no artigo 90 da Lei 2/2017, a ordenación que pretende recuperarse coincide coa proposta incluída no PXOM anulado; Asemade cúmprese o requisito imposto polo artigo 87 da LMFAO relativo a incoación do procedemento de revisión do Planeamento xeral, expediente tramitado nesta administración baixo o número 15313/411, e que neste intre, ten acadado o documento de alcance para a avaliación ambiental estratéxica ordinaria do PXOM do Concello de Vigo (Resolución da Dirección xeral de calidade ambiental e cambio climático da Xunta de Galicia do 22.09.2020), en cumprimento do disposto no artigo 60.4 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

En conclusión, e a teor do exposto, resulta xustificada a conveniencia da tramitación do instrumento urbanístico de ordenación provisional do ámbito do Polígono 32 do PERI CALVARIO, nos termos invocados.

III.- Os informes ambiental e urbanístico emitidos pola Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e pola Directora xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo, en datas 15.07.2020 e 09.10.2020 respectivamente, pronúncianse sobre as diversas circunstancias que concorren para acreditar e que permiten o establecemento de medidas provisionais de ordenación urbanística para o presente ámbito, en base ao previsto na LMFAO do xeito e co resultado que se expresou nas alíneas precedentes, concluíndo a súa procedencia, e pronunciándose verbo da tramitación ambiental en base a documentación achegada, de xeito que procede inicialmente someter as medidas de ordenación provisional no ámbito do polígono 32 do PERI Calvario do Concello de Vigo, ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica simplificado.

IV.- Emitidos os referidos informes, de carácter favorable, coas consideracións que neles se indican, procede neste intre, aprobar polo Concello de Vigo o “Estudo específico do ámbito polígono 32 do Calvario” , como ordenación provisional das previstas na LMFAO, tendo en conta as consideracións que neles se indican (artigo 88.cinco da LMFAO).

V.- Logo da nomeada aprobación, o procedemento a seguir para a aprobación do instrumento de ordenación provisional será o seguinte:

a) O Concello de Vigo remitirá ao órgano ambiental a solicitude de inicio de avaliación ambiental estratéxica simplificada, á que acompañará o borrador das ordenacións provisionais e o documento ambiental estratéxico, co contido establecido na lexislación vixente.

b) O órgano ambiental formulará o informe ambiental estratéxico no prazo máximo de dous meses dende a recepción dos anteriores documentos, tras identificar e consultar ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas. Publicarase no DOG e na sede electrónica do órgano ambiental.

c) O órgano municipal competente procederá a súa aprobación inicial e o someterá a información pública como mínimo durante vinte días, mediante anuncio publicado no DOG e nun dos periódicos de maior difusión na provincia e notificación individualizada a todos os titulares catastrais afectados. Neste prazo recadaranse os informes sectoriais e as consultas preceptivas.

d) Emitirase informe polos servizos técnico-xurídicos municipais sobre a integridade documental do expediente, das actuacións administrativas realizadas, da calidade técnica da ordenación proxectada e da conformidade da ordenación coa LMFAO.

e) O pleno do Concello de Vigo aprobará definitivamente as ordenacións provisionais de acordo cos apartados 2, 3 e 4 do artigo 82 da LSGA.

VI.- Competencia

O artigo 88.5 da LMFAO establece no seu teor literal que, *“Unha vez emitidos os informes anteriores, o estudo será, no seu caso, aprobado polo concello, xustificando a necesidade da adopción das medidas de ordenación provisional previstas na presente Lei”*.

Xa que logo e a teor do exposto, e ao non establecer o amentado precepto con carácter expreso, o órgano municipal ao que lle correspondería dita aprobación, conclúese que, por analogía da competencia que se lle atribúe ao Pleno polo artigo 123.1.i) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e a maior abastamento, tendo este a consideración de ser o máximo órgano de control e de representación da cidadanía no Goberno municipal, e de conformidade co principio de seguridade xurídica, propónse ao Pleno do Concello, previo sometemento do asunto ao coñecemento do Consello desta XMU a adopción do seguinte, ...”

Deseguido a funcionaria informante emite e proposta que se transcribe na parte dispositiva deste acordo.

O Consello da Xerencia Municipal de Urbanismo, sa súa sesión ordinaria do 20 de outubro de 2020, ditamina favorablemente dita proposta.

DEBATE:

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: A actuación que traemos hoxe aquí é unha actuación de dimensión pequena pero si que significativamente relevante, dimensión pequena porque afecta realmente a tres parcelas que quedan por construír na zona establecida entre as rúas Sagunto, Valladolid e Martínez Garrido, pero é importante

porque no fondo ven a recoñecer a cualificación de solo urbano para esas parcelas, de tal xeito que a día de hoxe a nulidade do Plan Xeral do ano 2008 supoñía unha discriminación fronte ao tratamento que as parcelas colindantes sufriron ao longo dos anos nos que estivo vixente o PERI do Calvario, polo tanto, ante esa situación entendemos que o que compre é regularizala polo tanto, a reviviscencia do Plan do ano 93 xera un prexuízo sobre a posible execución dunhas parcelas que ademais permiten fundamentalmente tapar unhas medianeiras e consolidar ese polígono no Calvario polo tanto, entendemos que ten tódalas características para cumprir cos requirimentos establecidos na lei 2/2017, e polo tanto como é solo urbano consolidado non existe moita discusión.

Este estudo que achegou á Xerencia de Urbanismo os promotores privados destas iniciativas, foi enviado á Xunta de Galicia, logo dos informes municipais, a Xunta de Galicia emite tanto o informe por parte da consellería de Medio Ambiente como pola Dirección Xeral de Ordenación do Territorio, informes favorables, a tramitación segundo esta figura polo tanto, tres parcelas máis, un polígono, que se incorpora tamén a esas 50.000 parcelas que conseguimos que recuperaran a súa cualificación de solo urbano consolidado, e digo que recuperaran porque a condición de solo urbano consolidado non é unha cuestión dunha cor, é unha cuestión das características técnicas que reúne un terreo, un solar, polo tanto, dado que cumpren esas características é normal que se acheguen a esta situación. Non apareceron na ordenación provisión xeral do Concello de Vigo por cuestións estritamente técnicas e de dimensión, pero si é verdade que agora pois compre afrontar esta actuación concreta que se solicita, entendo que ademais consegue reducir pois ese impacto visual negativo que as medianeiras que existen neste polígono pois están ocasionando a tódolos cidadáns, polo tanto, lle solicito que poidamos tramitalo con esta figura que como saben xa está iniciándose, polo tanto, aprobamos este estudo e a partires deste momento ten que seguir tódolos procedementos normais que segue un instrumento de ordenación do territorio, un instrumento urbanístico que se aproba así por un procedemento simplificado para tramitación ambiental.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Moi brevemente, o Bloque Nacionalista Galego non nos imos opoñer a esta aprobación, en todo caso si que queríamos aportar algúns

apuntamentos ao respecto do que sintomatiza para ben, no sentido exposto de que se trata de normalizar tamén a realidade urbanística dun ámbito e efectivamente correxir pois unha diferencias que terían moi difícil sostemento dende punto de vista técnico, en relación a parcelas colindantes, máis en todo caso si que queríamos chamar a atención nun aspecto que acaba de reseñar a concelleira de Urbanismo que efectivamente as cualificacións, e o dicimos non en relación a este estudo senón en relación ao borrador do novo Plan, efectivamente a consideración do solo urbano consolidado responde a unha serie de criterios e de parámetros que deben responder tecnicamente as parcelas e o que estamos a observar no borrador e do que estou certo é coñecedora a concelleira de Urbanismo e que hai ámbitos e parcelas recollidas no borrador do Plan Xeral, en ámbitos por exemplo, como é Navia onde se retrocede na cualificación urbanística sen que exista unha explicación tamén clara, e non podeades responder unicamente a subsanación á que haxa algúns particulares ou propietarios/as desas parcelas que decatándose do procedemento pois trasladen a súa queixa, simplemente para facer constar que sería bo que dende a Área de Urbanismo pois estivera pendente desas cuestións e por último, o mecanismo de ordenación provisional nós tamén somos partidarios/as de que se dimensione axeitadamente porque senón o que tampouco sería razoable é acudir a unha ringleira sen fin de pequenas ordenacións provisionais “ad hoc” para parcelas moi escasas como é o caso e en todo caso haberá que darlle tamén unha resposta tamén de conxunto.

SR. PÉREZ CORREA: Nós entendendo tanto a alegación que presenta esta sociedade limitada, entendendo tamén que o Plan Xeral do 93 que é o que está vixente non resolvería nin moito menos o ámbito do que estamos falando e como se resolven estas parcelas, en todo caso os propietarios que presentan este estudo específicos o acreditan a titularidade dunha parcela de 180 metros cadrados sobre un ámbito moito maior e entendendo ademais que temos claro que solo urbano consolidado non só nós senón que o borrador do novo Plan así o clasifica, como solo urbano consolidado, o que os parece e sobre esta Lei 2/2017, hoxe podemos falar aquí pero tamén imos a falar despois nalgunha moción desta Lei de acompañamento aos orzamentos que permite dunha maneira ómnibus practicamente sete ou oito actuacións de diferente temática, unha dela foi a

ordenación provisional e unha das cuestións que nós alertábamos e que cremos ademais que agora no momento de redacción dun Plan Xeral collen bastante validez temporal e que hai unha arbitrariedade de quen pode utilizar a ordenación provisional porque quero lembrar estes mesmos propietarios fixeron unha alegación para estar incluídos na ordenación provisional e o arquitecto municipal o Xefe de Desenvolvemento Urbanístico emitiu e ratificouse posteriormente nunha consulta un informe desfavorable a introducir este ámbito dentro da ordenación provisional.

Certo que agora máis ou menos hai un horizonte claro que é o novo borrador, o documento inicial estratéxico, o borrador do Plan que efectivamente ese solo o clasifica como solo urbano consolidado, pero a nós nos parece que o que estamos a facer é como este grupo municipal alertaba pois utilizando a ordenación provisional cunha serie de desigualdade con respecto ao conxunto dos cidadáns de Vigo, hai moita xente que ten propiedades e está esperando poder facer algo con elas, non só esta entidade que solicita, se todo o mundo se puxera agora mesmo a facer pequenas ordenacións e todo o mundo se puxera a intentar desenvolver dunha maneira rápida porque supoño que o único argumento que haberá aquí pois é urxencia neste caso do promotor privado porque esa parcela que se utiliza por certo, moitas veces de aparcamento por parte de vehículos leva moitos anos alí propoñendo, é certo que ao caer o Plan do 2008, colle Vigo o do ano 93 e seguimos pensando que é absolutamente o PERI Calvario non se desenvolveu en case 40 anos con toda seguridade non se poderá facer dunha maneira completa nin sequera no novo Plan que nos parece ben que estea clasificado como solo urbano consolidado pero cremos que a ordenación provisional establece un certo criterio de desigualdade con respecto a tódolos os centos de veciños que teñen parcelas, algunhas delas no ámbito urbano que queren desenvolverlas e que a única opción que se lle da é que esperen ao novo Plan Xeral, vemos que algúns teñen a posibilidade de adiantarse un ou dous anos esta actuación, e polo tanto, a nós nos gustaría que sabendo que temos o Plan en redación que vai avanzando administrativamente algunhas fases, que a ordenación provisional se limitara xa, se é posible a cero, porque xa imos a catro ou 5 modificacións, esta non é tan importante pero algunhas delas como é o ámbito de Cruceiro pois cada vez que hai un movemento que non ten absolutamente nada que ver co interese público, non

discrepo desta opción pero en todo caso a venta dos solos que estaban no ámbito de Cruceiro, modifican que a ordenación provisional permite darlle cobertura neste caso unha venta privada entre os grupos empresariais como é o Corte Inglés e o grupo que quere desenvolver o novo ámbito, e para iso se utiliza a ordenación provisional, e ao final pola vía dos feitos se nos está dando a razón de que a ordenación provisional simplemente era un instrumento un pouco desigual e un pouco feito “ad hoc para determinados intereses que dende logo non son os públicos e nós gustaríanos que non se utilizara máis a ordenación provisional e entendendo que xa temos mecanismo en elaboración e que houbera un compromiso de que ese mecanismo avance como é o novo Plan Xeral.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Nós imos a apoiar esta ordenación provisional e queremos manifestar que efectivamente ten unha pequena ordenación, hai unhas parcelas que tiñan a condición de solar e que para poder ser edificadas pois no Plan Xeral que estaba vixente, o Plan Xeral do 2008 pois bastaba pedir licencia e logo da anulación, o Plan Xeral non se caeu, non nos cansaremos de dicilo o Plan Xeral do 2008 anulouse, causou un prexuízo aos propietarios dos solares de Vigo e loxicamente pois estas persoas que en condicións ordinarias e con seguridade xurídica en calquera outro concello presentarían un proxecto para obter unha licencia, aquí vense obrigados a presentar un instrumento de ordenación provisional que seguramente eles non querían presentar, quererían presentar o seu proxecto de licencia e nós non tiñamos que estar falando aquí no Pleno disto, menos mal que temos a ordenación provisional, Sr. Alcalde, menos mal que hai unha lei que permite a ordenación provisional do Concello, unha lei promovida pola Xunta de Galicia, menos mal que hai unha ordenación provisional que permite darlle unha saída a estas solicitudes que non tiñan que estar no Pleno, non tiñan que vir aquí, pero que desgraciadamente veñen aquí porque se anulou o Plan Xeral do 2008.

Dito isto, o problema é ese realmente, claro é que temos que facer non sei cantas ordenacións provisionais claro é que senón en vez de ordenacións provisionais, ademais de darlle saída a unha lóxica e lexítima pretensión que é poder edificar os soares, que esta na lei, ademais diso de non poder facelo tiñamos que enfrontarnos ao mellor a un preito, estes promotores tiñan que ir ao xulgado a

reclamar a condición de solo urbano consolidado, entón hai que facer a ordenación provisional, non nos queda outra porque non temos Plan Xeral, non nos cansaremos de dicir que o problema aquí é a anulación do Plan Xeral que foi unha verdadeira mágoa atrasar no seu momento, no ano 2006, esa aprobación e logo cando vostedes foi alcalde atrasala outro ano máis, porque non o aprobou ata o ano 2008 e iso provocou a nulidade do Plan Xeral Sr. Alcalde, non me cansarei de dicilo, vostede foi o que provocou coa súa actitude política a nulidade do Plan nese atraso, iso provoca que teñamos que estar, non só coa ordenación provisional do Concello senón aquí con dúas ou tres parcelas, ogallá puideramos ter moita máis actividade urbanística no Concello de Vigo para que baixen os prezos das vivendas, para baixen os prezos dos alugueres, e que non houbera trabas administrativas e non ter que enfrontarse como se teñen enfrontar estas persoas á tramitación, aínda que abreviada, prolongada, dunha ordenación provisional que como digo imos apoiar.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Eu máis alá de que podamos ter unha opinión persoal sobre a tramitación da ordenación provisional, a realidade é que ven a resolver un problema, un problema que desgraciadamente Sr. Marnotes a Xunta de Galicia non quixo resolver por outra vía porque se utilizáramos a vía Parejo pois non estaríamos nestas, pois obviamente teríamos unha vía para solventar esta problema e resolver tódolos problemas do urbanismo de Vigo, iso si, acadando o que dicía o Plan do ano 2008, lémbrolle que vostedes non estaban de acordo con ese Plan pero non estaban de acordo por que introducía vivenda protexida era o único que lles parecía mal, o resto do Plan era seu, o fixeron vostedes, o único que lle molestaba do Plan do ano 2008 era que en vez de buscar a especulación buscaba que os vigueses/as puideran vivir en Vigo. Polo tanto, o único motivo e a única incorporación que o Concello de Vigo Sr. Caballero con alcalde, a única modificación que introduciu no Plan do 2008, foi garantir que tódolos vigueses/as puideran ter unha vivenda a un prezo accesible en Vigo e non tiveran que marchar deste Concello.

PRESIDENCIA: Sr. Marnotes, cando vostede falou ninguén o interrompeu, faga o favor de respectar a actuación da concelleira de Urbanismo.

SRA. CARIDE ESTÉVEZ: Digo desgraciadamente ese Plan anulouse, digo desgraciadamente para as consecuencias que obviamente supón sobre a cidade e polo tanto estamos intentando dar cobertura con tódalas figuras legais que temos a nosa disposición, as necesidades que o desenvolvemento de Vigo precisa, e a iso obedece esta actuación e eu non creo que isto sexa unha situación desigual, e que todo o solo urbano consolidado que non era solo de borde, se aprobou na gran actuación de ordenación provisional que fixo o Concello de Vigo para aprobar máis de 50.000 parcelas e iso si, hai solos que dende o ano 2008 ata agora puideron adquirir a condición de solar, de solo urbano consolidado e iso ten que facer o documento de borrador non, o documento que someteremos á aprobación inicial obviamente corraxirá esa situación e claro que pode haber erros, claro que hai erros no documento do borrador porque é precisamente iso, un borrador polo tanto, un documento de discusión que obviamente terá que ser corraxido.

En calquera caso, a min me sorprende esta actitude de que a Xunta de Galicia parece que nos salva cando realmente non salva nada, eu miraba hoxe nos xornais unha foto da delegada da Xunta de Galicia no Bao, digo pero cal é o mérito da Xunta de Galicia no Bao? Publicar no diario oficial de Galicia que aprobaron un instrumento promovido polo Concello de Vigo onde a Xunta de Galicia non inviste un euro, esta é a protección que fan de Galicia, e de Vigo esta é a aposta por Vigo pois eu creo que aquí temos unha actuación concreta me parece que o que estamos intentando facer é resolver tódolos problemas e por certo, nalgunhas actuacións como o Cruceiro, claro é de interese xeral que nos cedan tódolos terreos da Avenida de Europa, hai alguén que ao mellor non os quere, dende logo este Concello si.

VOTACIÓN: Con vinte e cinco votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez, Silva Rego e a Presidencia, e mais dos membros do grupo municipal do

Partido Popular, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas e dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o *“Estudo específico da situación derivada da anulación do Plan xeral de ordenación Municipal de Vigo 2008 no ámbito do Polígono 32 do PERI do Calvario (Vigo)”* como ordenación provisional, de conformidade co previsto na Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas Fiscais, Administrativas e de Ordenación, instrumento urbanístico de iniciativa particular, inserido no Rexistro electrónico do Concello de Vigo, con data do 09.09.2020 baixo o Cod. Sol.: W470852-4011, pola representación da entidade *“EDUARVEN 2014, SL”*, e redactado e asinado con firmas dixital válidas, con data do 08.09.2020 polo avogado don Diego Gomez Fernández (Avogado núm. 1647 ICA Vigo) e polo arquitecto D. José Antonio Comesaña García (Arquitecto núm. 775 do COAG), que anula e substitúe á documentación técnica anteriormente presentada, como ordenación provisional das previstas no artigo 88 e 89 da Lei 2/2017, do 8 de febreiro, de Medidas fiscais, administrativas e de ordenación, do que se xunta unha copia en soporte dixital, facendo constar expresamente que dito estudio se tramita e aproba con carácter independente ao expediente tramitado e aprobado definitivamente polo Pleno do Concello de Vigo con data do 24.07.2019; DOG 26.08.2019; BOB 20.09.2019. (Exp. 16022/411).

Segundo.- Incorporar ao presente expediente os referidos informes ambiental e urbanístico subscritos pola Directora Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático e pola Directora xeral de ordenación do Territorio e Urbanismo en datas 15.07.2020 e 09.10.2020 respectivamente, facendo constar expresamente, o seu carácter favorable a ordenación proposta.

Terceiro.- Comunicar o presente acordo á Dirección xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo e a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de

Galicia aos efectos oportunos.

Cuarto.- Proceder a súa notificación á entidade “EDUARVEN 2014, SL”, aos efectos da elaboración da documentación que corresponda- borrador da ordenación provisional e o documento ambiental estratéxico-, co contido establecido na lexislación vixente, en cumprimento da tramitación pautada na LMFAO.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

PRESIDENCIA: Presentáronse dúas mocións urxentes, unha por parte do grupo Marea de Vigo e outra por parte do Grupo Popular.

Como saben vostedes as mocións de urxencia teñen que ter primeiro un debate sobre a aceptación da urxencia, despois eventualmente un debate do contido e se incorporarán despois do punto 13 a última moción que hai na parte de mocións. Polo tanto, nese momento se someterá.

SR. PÉREZ CORREA: Simplemente unha cuestión de orde, entendendo que onte coñecíamos que vai haber a semana que ven un Pleno extraordinario que precisamente toca o contido da nosa moción nós non teríamos ningún problema en retirala e trasladar o debate con toda lóxica á semana que ven sen ningún problema.

PRESIDENCIA: Si lle ratifico dende aquí dende a Presidencia do Pleno que a próxima semana se convocará un Pleno para tratar a situación do COVID-19, momento no que esteamos dentro deses 7 días, despois do venres no que a Autoridade Sanitaria de Galicia terá que tomar algunhas decisións, eu participarei mañá nunha vídeo conferencia coa Autoridade Sanitaria de Galicia, despois de

manter unha conversa onte co conselleiro sobre a situación específica da cidade de Vigo, na que por primeira vez me deron información oficial da situación da cidade como tal, que hasta o día de onte non tiven nin unha soa información da Xunta de Galicia, e no día de onte me informaron dalgúns aspectos da situación en termos de contaxio a 14 días e participarei mañá nunha vídeo conferencia coa Autoridade sanitaria de Galicia e a semana que ven o día que acordaremos para que nos acompañe a todos a convocatoria contarei a este Pleno. Polo tanto, si efectivamente, se retira a moción quedará retirada e o veremos desta forma. Continuamos polo tanto, falaba co voceiro de Marea que fixo unha proposta que a min me parece razoable polo tanto, seguiremos a súa indicación de non sometela neste momento, trasladala a un Pleno que ademais acordará o voceiro do grupo Socialista cos grupos da oposición.

7(184).- MOCIÓN DO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO SOBRE MEDIDAS URXENTES FRONTE A SEGUNDA VAGA DE CORONAVIRUS. REXISTRO PLENO 2645/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de outubro de 2020, número 2645/1101, o concelleiro membro Non Adscrito, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

SOBRE MEDIDAS URXENTES FRONTE A SEGUNDA VAGA DO CORONAVIRUS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cando inda non se lograran superar os graves efectos sanitarios, sociais, laborais e económicos do inicio da pandemia da Covid19, enfrontamos agora unha segunda vaga de contaxios. A pesar das medidas preventivas aplicadas, coa xeneralización do uso da máscara e o mantemento da distancia interpersoal, e das restricións aplicadas, no momento do rexistro desta moción son xa preto de 1.000 (995) os casos activos na área sanitaria de Vigo, con 42 hospitalizacións e 7 pacientes en coidados intensivos. 41 centros escolares da nosa cidade presentan casos positivos.

Nas últimas semanas a evolución da curva de contaxios tornouse

preocupantemente moi aguda, cun incremento sostido e con cifras record no aumento diario de contaxios que os duplicaron en apenas unha semana. Até o momento actual, no que vai de pandemia, o coronavirus enfermou a 4.551 persoas e provocou a morte de 141 na área de Vigo.

Todos os indicadores expresan de maneira rotunda a gravidade do momento en termos epidemiolóxicos na nosa cidade e na súa área. Tanto polo aumento de positivos, como tamén pola crecente presión asistencial na rede sanitaria. O inicio do curso escolar e a fin do período estival, coa reincorporación ao traballo presencial, son factores que teñen incidido de maneira evidente nesta evolución.

Cómpre, pois, redobrar esforzos e despreparar desde todas as administracións unha resposta enérxica, decidida e áxil, adoptando as medidas necesarias e mobilizando os recursos que foren precisos, para conter e dobregar a curva de contaxios. Actuar con urxencia, anticipando as decisións, pode ser chave tal e como nos aprendeu, infelizmente, o desenvolvemento da primeira vaga de contaxios.

Neste sentido, hai que volver lamentar de novo a deliberada inacción da Xunta de Galiza, que insistindo na omisión no exercicio das súas competencias, desenvolveu un inicio de curso escolar sen as garantías precisas, mantén unha situación de alto risco nas residencias e centros de maiores, insiste no debilitamento da sanidade pública e inhíbese en cuestións esenciais como as labores de desinfección e o reforzo das medidas preventivas e de salubridade nos espazos públicos.

No entanto, tal e como ten sido constatado de maneira reiterada no resultado de diferentes debates no Pleno, o Concello de Vigo debe seguir actuando, con determinación e rigor, mesmo por acima do marco competencial e diante do seu incumprimento por parte da administración galega, precisamente para salvagardar a saúde pública e protexer as viguesas e os vagueses.

Durante estes meses de pandemia o Concello de Vigo ten desenvolvido un importante esforzo nese sentido, que o conxunto da Corporación Municipal recoñecemos e apoiamos, e ao que o Bloque Nacionalista Galego quixemos contribuír desde o minuto un, actuando desde a permanente disposición á cooperación construtiva co Goberno municipal desde a máxima lealdade institucional. Así o visan as máis de 70 propostas concretas trasladadas ao Comité de Seguimento Municipal da Covid19 e ao propio Goberno.

Mantendo ese propósito de sumar ideas e esforzos en favor de Vigo, para robustecermos colectivamente a capacidade de resposta da nosa cidade fronte aos enormes retos que representa esta segunda vaga do coronavirus, o BNG consideramos esencial e urxente a posta en marcha dun Plan de Continxencia Municipal, tal e como propuxemos desde o pasado mes de agosto, e para o que demandamos, sen éxito, unha xuntanza do alcalde con todas as forzas políticas deste Pleno.

Un Plan, que debe recoller moitas das propostas formuladas polas diferentes forzas políticas, que malia non seren rexeitadas formalmente polo Goberno municipal nunca se acabaron por incorporar na súa actuación.

Polo que, propónse ao Pleno a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1.- Instar o Goberno municipal a deseñar, coa colaboración de todas as forzas políticas con representación no Pleno, un Plan de Continxencia Municipal fronte ao Coronavirus que inclúa entre as súas medidas:

1.1. Un plan de acción inmediata para o reforzo das medidas preventivas e de desinfección en todos os servizos e dependencias de titularidade municipal e, singularmente, no transporte urbano (coa redución de aforo e reforzo de frecuencias) así como nos espazos públicos (como parques infantís, áreas biosaúdabeis e instalacións deportivas), para garantir a súa utilización segura.

1.2. O despregamento dos medios e das medidas organizativas precisas para facilitar a atención non presencial en todos os servizos municipais, co reforzo das plataformas telemáticas e do servizo de atención telefónica 010.

1.3. A posta en marcha dun Plan de Protección Social que facilite o acceso aos materiais preventivos (máscaras, etc) de toda a poboación, estenda indefinidamente os dispositivos extraordinarios de atención á poboación sen teito, o reforzo das axudas sociais municipais e de emerxencia, o reforzo do SAF e unha maior dotación de persoal no servizo de Benestar Social do Concello.

1.4. O desenvolvemento dunha Estratexia Local de Promoción Económica e do Emprego que inclúa: o redimensionamento do Plan Municipal de Emprego; axudas directas a comercios, PEMEs e autónomos; a creación dunha liña de microcréditos municipais sen xuros ao sector comercial; maiores bonificacións e aprazamentos na fiscalidade municipal e medidas específicas de apoio ao pequeno e mediano comercio local.

1.5. Executar as medidas extraordinarias de apoio e impulso do tecido cultural de Vigo a consecuencia da Covid-19, recollidas na moción do BNG aprobada -sen ningún voto en contra- no Pleno do 29 de abril de 2020.

1.6. A análise pormenorizada por un Comité Técnico de todas as actividades municipais de carácter público, entre elas a campaña de nadal, facendo prevalecer as garantías de carácter sociosanitario sobre outros criterios a hora de definir a súa execución ou suspensión.

2.- Esixir da Xunta de Galiza que exerza as súas competencias en todos os ámbitos para unha máis eficaz resposta fronte a esta segunda vaga de contaxios, e que transfira os recursos económicos necesarios para coadxuvar no financiamento das medidas extraordinarias que teña adoptado ou adopte o Concello de Vigo.

3.- Demandar do Goberno galego que habilite unha interlocución permanente e estableza medios de cooperación efectiva e áxil co Goberno municipal de Vigo, no relativo ás medidas fronte á Covid19."

DEBATE:

SR. PÉREZ IGREXAS: Os últimos datos dispoñibles din que na área sanitaria de Vigo hai 1.358 casos positivos, preto de 60 hospitalizacións despois de rexistrar un novo récord no incremento nunha pandemia que xa se cobrou a vida de 143 persoas na nosa área sanitaria, o Bloque Nacionalista Galego rexistramos esta moción porque entendemos que é necesaria unha resposta áxil, rigorosa, unha resposta robusta por parte do concello de Vigo e iso pasa por despregar novas decisións, tamén coa maior axilidade, coa maior urxencia. O que vimos a demandar é a posta en marcha dun plan de continxencia municipal, dialogado e participado por tódalas forzas políticas que recolla medidas en relación ao reforzo precisamente da desinfección e das medidas de preventivas, nos espazos públicos e nos servizos de titularidade municipal, que se poña en marcha, que se alargue un verdadeiro Plan de protección social, que se despregue no concreto unha estratexia local de promoción económica do emprego que permita paliar os graves efectos económicos e laborais que xa está a ter esta crise sanitaria e tamén que se executen as medidas recollidas na moción aprobada por este Pleno no mes de abril, de abrigo, de apoio ao tecido cultural. Queremos tamén nesta moción esixir que a Xunta de Galicia exerza plenamente as súas competencias pero que ademais o exerza dende o diálogo e dende a cooperación co goberno municipal. O BNG non diremos que o Concello de Vigo non fixo nada como lle escoitamos creo que onte mesmo ao voceiro do Partido Popular. Nós o que dicimos é que temos que facer máis e iso pasa por mobilizar tódolos recursos, tódalas capacidades do Concello de Vigo para robustecer a capacidade de resposta da cidade fronte a unha segunda vaga do coronavirus que xa está a superar o alcance da primeira e que nos está a situar nunha situación crítica, non só en termos sanitarios senón tamén sociais, económicos, produtivos, laborais, trátase polo tanto, dunha proposta en positivo e dende logo confiamos en que mereza da confianza unánime deste Pleno.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Dende o 25 de outubro estamos como sabemos en estado de Alarma, a ferramenta que constitúe a base e o amparo xudírico a fin de que as administracións autonómicas e tamén municipais desenvolvan medidas necesariamente decididas para que de xeito leal e consultivo tódalas administracións públicas poñamos o que sexa preciso da nosa parte para combater a Pandemia, polo tanto, compre unha actuación efectivamente decidida por parte do Concello de Vigo e especialmente da Xunta de Galicia porque é sobre a Xunta de Galicia que o propio Real Decreto 926/2020 coloca responsabilidades concretas e decisións que non poden ser aliadas no tempo nin delegadas nunha suposta asunción de competencias por parte da administración central ou dos concellos, no que directamente compete ao Concello de Vigo é fundamental que o Concello analice cal será o estado real e as necesidades da cidade dende hoxe ata o 9 maio e é por iso que nós traíamos nese sentido a moción de urxencia a este Pleno, é fundamental a proposta de convocatoria de urxencia do Consello Social da Cidade, previo á elaboración dos orzamentos de 2021, para analizar en conxunto o impacto que ten e vai ter na cidade a situación que vivimos e as necesidades que se van xerar porque todo apunta a que se producirá un impacto preocupante na economía local, especialmente no sector hostaleiro, pero non só se trata efectivamente da hostalería o Concello ten que tomar dende xa a decisión de reorientar a totalidade do gasto no futuro orzamento de 2021 e o uso do superávit pendente de 2019 na seguridade sanitaria e na cobertura social dos veciños/as de Vigo ante un evidente aumento da pobreza e da exclusión social que xa estamos vendo nas nosas rúas que vai a acontecer coas nosas veciñas que non teñen teito pero que si teñen dereitos e deberes civís durante o toque de queda nocturno cando os albergues da cidade están xa completos, compre habilitar por tanto instalacións e dar unha resposta áxil que garanta calma e seguridade. Por outra banda o transporte público ten que ser unha prioridade de seguridade e calquera acordo económico e concesional coa privada xestora do servizo, ao noso entender debería suspenderse e aliarse en aras do interese público xeral, o fundamental agora mesmo para garantir como digo a seguridade é a limitación de aforos e é ampliación de frecuencias nas liñas pero especialmente perentorio é que a Xunta de Galicia asuma as súas competencias en materia sanitarias económica e normativa vinculadas ou non ao estado de Alarma, é a Xunta de Galicia quen ten

que reforzar tal e como recolle a moción que traemos pola vía ordinaria a este Pleno acerca dos servizos sanitarios.

Por estas razóns, e entre outras nós votaremos a favor desta moción porque o Concello de Vigo debe implementar efectivamente medidas urxentes diante da segunda onda do coronavirus e do contexto do estado de Alarma.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Nós compartimos a motivación da moción e compartimos tamén a necesidade de medidas municipais, a propia redacción da moción coas medidas propostas evidencia non so que se teñan que reforzar as actividades municipais ou os medios municipais co que ven, co empeoramento da situación, hai cousas que se están demandando aquí coas que nós coincidimos que onde vai que tiñan que estar feitas, onde vai que se pediron e o Pleno aprobou e onde vai que o propio Alcalde dixo que ía facer.

Onde vai que tiñamos que ter un reforzo das liñas do Vitrassa, onde vai que había que controlar os aforos e as medidas de distanciamento social, onde vai que tiñamos que facer a desinfección completa dos parques infantís e non só da metade, onde vai que tiñamos que ter máis medios nas instalacións municipais, de ter que poder facer de novo a desinfección nos espazos públicos en aqueles que teñen maior afluencia de público como son os mercados municipais ou os accesos aos centros escolares, que pasa que iso non había que facelo ata agora ata que se declarou o estado de Alarma? Claro que había que facelo porque estabamos en estado de emerxencia sanitaria, e subindo os niveis de contaxio, de perigosidade, o certo é que todas estas medidas son a proba evidente dunha carencia de actividade municipal e dunha irresponsabilidade desa carencia. E agora que teñen a presión enriba da mesa da cidadanía e dos grupos municipais agora se quitan presión remitindo o asunto a un Pleno extraordinario da semana que ven no que nós non é que non esteamos de acordo é que cremos que hoxe como trae aquí o BNG e como facemos nós hai que debater estas medidas.

Nós, como digo, estamos de acordo nelas.

O que non cremos que teñamos que poñer aquí é desviar o tema con dous asuntos que pensamos que non veñen ao caso, non é preciso que a Xunta de Galicia transfira ao Concello os recursos económicos para gastos extraordinarios derivados do COVID-19 porque cando se puxo en marcha o fondo COVID-19

mantivéronse xuntanzas entre o goberno do estado e as comunidades autónomas, e nesas xuntanzas Galicia lle preguntou expresamente ao ministerio se os recursos de 16.000 millóns de euros que destinaba ás comunidades autónomas para facer fronte aos gastos extraordinarios do COVID-19 parte deles tiña que transferilos aos concellos, e a resposta da ministra foi taxante, dixo que non, porque os concellos ían a ter unha partida distinta que se concretaría coa Federación Española de Municipios e Provincias, os cartos que teñen que vir a Vigo para afrontar os gastos extraordinarios, non son os que ten que transferir a comunidade autónoma, son os que ten que acordar o Sr. Caballero coa ministra para os concellos de toda España por importe de 3.000 millóns de euros, como se acordou no Consello Territorial da FEMP hai ben pouco, o 19 de outubro. Así que eses gastos os atenderá o goberno central.

O outro punto da súa moción, na que se refire á interlocución permanente a corporación do goberno municipal de Vigo, mire, vostede lle demanda á Xunta de Galicia, pero demándelle aquí ao Sr. Alcalde, que é o que di que non quere falar nin con delegados, nin con conselleiros que el fala con presidentes e con ministros, todos nesta cidade sabemos e no BNG probablemente mellor que ninguén que lle da dous minutos para falar e nin sequera lle da o tratamento que lle corresponde como concelleiro electo dun grupo político, pois todos sabemos ademais lle trata como se fora un tráfuga que é algo increíble, sabemos, que o Alcalde é especialista en desprezar cando non lle interesa falar, non quere falar coa Xunta de Galicia porque prefere dicir que non lle escoita, non vou a incidir máis neste asunto porque recoñeceu hoxe aquí que mantivo conversación onte mesmo co conselleiro o cal non teño máis que engadir sobre esa presunta falla de interlocución, dous non falan se un non quere.

Votaríamos a favor do primeiro punto e nos absteríamos no segundo e no terceiro se vostede nos permite votar por puntos, senón nos veríamos obrigados a abstermos na moción o que lamentaríamos porque a compartimos substancialmente Sr. Pérez Iglesias.

SR. LÓPEZ FONT: A verdade é que escoitando ao Sr. Marnotes, o primeiro que hai que facer é lerse as mocións, porque claro contestar a unha moción e vir cada un

co seu libro e anticipar as súas mocións a verdade que isto e unha falla de rigor total.

A verdade Sr. Marnotes debería de colocarse a camiseta de concelleiro do Concello de Vigo, defender ao que é esta cidade e dende logo non vir aquí só a defender á Xunta de Galicia, eu vou falar, nós imos falar da moción que foi presentada, porque é verdade que toca reflexionar, aínda que o Sr. Marnotes isto certamente o fai pouco o que pasa é que toca reflexionar no marco no que estamos e hai que encadralo e o que nos corresponde a cada un que é o que esquece permanentemente o Sr. Marnotes e sobre todo nesta última interpretación que fixo, porque se algo nos ensinou a primeira ola é quen tiña tódalas competencias non as exerceu e isto si se di na moción e entendo que o Sr. Marnotes non me queira escoitar porque claro é unha emenda á totalidade do que el dixo, polo tanto é de agradecer e nós o agradecemos que nesta moción Sr. Marnotes poña a orella, o Concello de Vigo dise debe de seguir actuando con determinación e rigor, e se di na moción é porque se fixo e tamén é de agradecer que se diga na moción que o Concello de Vigo ten desenvolvido un importante esforzo nese sentido cando se refire a competencias que non son deste Concello, que son desa Xunta de Galicia Sr. Marnotes, á que vostede defende, polo tanto, dende o minuto un da pandemia neste concello se abordaron tódalas cuestións que vostede di, direi ao Sr. Pérez Iglesias que todo o que fixemos e que aquí se recoñece na moción nós o entendemos xa como un Plan de continxencia municipal, polo tanto, nós nesta moción lamentamos non poder aprobala e lamentamos non poder aprobala precisamente pola convocatoria dun Pleno extraordinario que anunciou o Alcalde, un Pleno extraordinario no que textualmente Sr. Pérez Iglesias pero tamén Sr. Marnotes, se estudarán e valoraran as medidas adoptadas pola Xunta de Galicia, en tódalas súas competencias. Claro que temos que ter aquí o debate Sr. Marnotes de cal son as competencias da Xunta de Galicia e cales se exercitaron, pero que película nos ven a contar dos fondos municipais fronte aos fondos autonómicos, pero como pode xustificar a desinfección dos parques infantís se é unha competencia autonómica que por decreto se trasladou aos concellos, de que fondos municipais me está a falar, o que ten que exercitar a Xunta de Galicia é co seu propio orzamentos e cos fondos que recibiu do estado que revertan en aqueles que están asumindo as competencias que non lles corresponde, me quere dicir

unha única cifra que haxa transferido a Xunta de Galicia a este Concello fronte a todo o que fixo? Me quere dicir unha soa cifra, non hai ningunha Sr. Marnotes, polo tanto, eu sei que a vostede esta reflexión que temos que facer nun Pleno extraordinario é aquí, non é non ámbito de partidos políticos onde hai que facelo claro que hai que reflexionar e claro que hai que avaliar sobre cantos sanitario se contrataron, sobre que medidas sanitarias tomou a Xunta de Galicia para deter a pandemia nestes 5 meses que van dende marzo e que non fixo absolutamente nada, relato do Sr. Feijóo sanitario é absolutamente mentira e agora lle estallou, pero se teñen un conselleiro que non sabe o que é un rastreador, se nos dixo o Sr. Feijóo que tiña 7.000 rastreadores e é absolutamente mentira pero como pode dicir aquí as cousas que vostede di, claro non lle gusta o Pleno extraordinario, xa o comprobei, non quere que haxa un Pleno extraordinario, pois si o ten que haber, para tratar medidas económicas e sociais como as que se propoñen nesta moción, sería certamente unha contradición se aprobáramos isto pendente dun debate xeral sobre todo o que se ten que facer nesta cidade.

Polo tanto, nós agradecemos o que se di nesta moción, cremos que actuamos dende o primeiro momento e ademais en factores tan claves como que ninguén se quedase tirado e en benestar social, xa vexo que a outros non lles gusta pero falaremos e llo anticipo Sr. Marnotes terá que oír o que fixo a Xunta de Galicia nesta cidade no ámbito das súas competencias, terá que escoitalo.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Eu estou certo de que a cidadanía o que non quere é que fagamos que o coronavirus sexa un axuste de contas en clave partidista, e o BNG o que dicimos con esta moción é que temos que facer máis para un importante, témolo que facer dende xa e o do que versa esta moción é de cuestións concretas como que evitemos seguir vendo buses masificados, que alarguemos o apoio aos sectores máis vulnerables a nivel social e concretemos o apoio do tecido comercial para que non segan baixando as persianas porque os comercios non abren con boas palabras que evitemos que a pandemia acabe por arraxar a nosa cultura e si que esixamos que a Xunta de Galicia actúe e que actúe de maneira coordinada co Concello, e do que versa esta moción e efectivamente eu agardo que no vindeiro Pleno extraordinario non nos quedemos só na diagnose senón que dende logo se vertebren, se articulen, se poña enriba da mesa novas medidas concretas, claro

que o que nós propoñemos excede a competencia municipal pero que diante desta cuestión con moi bo criterio este goberno municipal decidiu que a competencia era o de menos e nós lle dicimos que avancemos nesa liña e aí terá no apoio do BNG.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con tres votos a favor do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señor e señora, Mendez Fuentes e Pérez Correa, catro abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras, señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e dezaoto votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.10.2020 (Rex. Nº 2645/1101), polo concelleiro membro Non Adscrito, Sr. Pérez Igrexas, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

8(185).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA, ELABORADA E IMPULSADA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE E TRASLADADA AO CONCELLO POLO GRUPO MUNICIPAL DA MAREA DE VIGO. REXISTRO PLENO 2644/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de outubro de 2020, número 2644/1101, os concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes e Pérez Correa, formulan a seguinte,

“MOCIÓN EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA ELABORADA E IMPULSADA POLA PLATAFORMA SOS SANIDADE E TRASLADADA AO CONCELLO POLO GRUPO MUNICIPAL DA MAREA DE VIGO.

A loita contra o coronavirus non debe ser á conta da saúde xeral.

A epidemia da COVID 19 xerou danos para a saúde da poboación, especialmente da máis vulnerable, como son as persoas con enfermidades debilitantes, agudas, crónicas e de maior idade.

Nas primeiras etapas da pandemia, as camas hospitalarias e as UCIS, víronse presionadas polo cúmulo de afectadas, mentres que os Centros de Saúde destinaron unha gran parte da súa actividade a atender a enfermidade, informar á poboación, rastrexar, seguir a novos casos ou realizar numerosas actividades burocráticas relacionadas coa pandemia. Os recortes de recursos dos últimos 11 anos e as precarias condicións de boa parte do persoal sanitario, traballando en precario, saturaron os Centros.

Co argumento de evitar o colapso dos hospitais, suspendéronse consultas, probas diagnósticas e intervencións cirúrxicas. Estímase que en Galicia paralizáronse ao redor de 3.000 das intervencións cirúrxicas, 600.000 consultas e 20.000 probas diagnósticas.

Ao mesmo tempo, pecháronse centros de saúde e limitouse o acceso aos mesmos, substituíndo a consulta presencial pola telefónica (en moitos deles a única posibilidade de contactar ca poboación, con demoras de máis de 15 días) e reduciuse o aforo das salas de espera obrigando aos pacientes a facer cola fóra dos centros para recibir atención.

As Residencias de Maiores, concentraron a maior parte da mortalidade, dada as graves deficiencias das mesmas (denunciadas polo Consello de Contas) resultado da cesión pola Xunta, a fondos de investimento e multinacionais (que buscan o beneficio económico por encima da seguridade). Persoas internadas nas mesmas, non recibiron atención normalizada nos centros de saúde e hospitais.

Nun primeiro momento a poboación e os traballadores sanitarios, entenderon a situación e aceptaron o confinamento nos seus domicilios e as limitacións de acceso á asistencia, como algo necesario para acabar coa pandemia.

Co paso do tempo a situación evolucionou e aínda que a onda de contaxios, a virulencia do xerme e a mortalidade, reduciuse de maneira importante, mantense semi-paralizada a actividade hospitalaria, polo que as listas de espera creceron de maneira exponencial (o SERGAS mantenas ocultas para evitar que a poboación coñeza a gravidade da situación), mentres as persoas enfermas seguen

descoñecendo as datas das súas citas de consultas, probas diagnósticas ou cirurxía. As repercusións que esta falta de asistencia para morbilidade e mortalidade da poboación son imposibles de calcular por agora, pero en todo caso, serán importantes e cuestionan o dereito á protección da saúde da poboación. O incremento da mortalidade respecto a anos anteriores en Galicia é aínda difícil de coñecer (pola ausencia de información do SERGAS) pero estímase que un 40% é debida a enfermidades non relacionadas ca COVID.

Os concellos e outras administracións locais, a pesar de ser os representantes máis directos da poboación e contar con recursos para afrontar a pandemia foron ignorados polo Goberno da Xunta, o mesmo que as organizacións sociais ou sanitarias. O SERGAS non proporciona información da incidencia de casos en cada localidade (utiliza unha escala de cores cuns rangos enormes que ocultan a situación real) impedindo así, coñecer os contaxios en cada municipio.

O malestar social e profesional é cada vez máis elevado, a imaxe do sistema sanitario público empeza a sufrir unha profunda deterioración, crece a utilización do sector privado polos sectores máis potentes, do mesmo xeito que medran os seguros sanitarios (a 15 euros mensuais). Está en xogo o noso sistema de saúde público universal, accesible e equitativo.

Polo exposto, o Grupo Municipal Mixto (Marea de Vigo) presenta ao Pleno para a súa aprobación se procede os seguintes ACORDOS:

1. Solicitar á Xunta de Galicia que incremente o orzamento sanitario e para que garanta que os fondos estatais sexan destinados á sanidade pública en Galicia.
2. Esixir que se poña fin as restricións de acceso aos Centros de Saúde, que están limitando as actividades de promoción, prevención e recuperación da saúde da poboación. A atención telefónica debe ser un complemento á atención presencial e non a única opción para a poboación.
3. Incrementar o persoal dos equipos de Atención Primaria, garantíndolles unhas condicións de traballo dignas, un equipamento adecuado e o libre acceso a probas diagnósticas.
4. Acabar coa parálise dos servizos hospitalarios, para o que propoñemos crear circuitos separados para persoas con Covid e con outras patoloxías e abrir os centros pola tarde para acabar o máis pronto posible coa enorme lista de espera xerada durante a pandemia.
5. Dar participación aos concellos e os representantes da poboación na loita contra a COVID nas áreas sanitarias.
6. Desenvolver os instrumentos de participación social na sanidade, poñendo en marcha o Consello de Saúde de Galicia e os Consellos de Saúde de Área Sanitaria.

7. Proporcionar información real e actualizada, das persoas afectadas en cada localidade, para que os Concellos e a poboación, coñezan a transcendencia da pandemia e colaboren activa e responsablemente na súa solución.”

DEBATE:

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Onte soubemos que dende o goberno central subirá un 151% o investimento en Sanidade, un 46% o investimento en dependencia e un 80% en I+D, preguntamos directa e claramente se vai facer o Sr. Feijóo o propio dende o goberno galego, porque demoledor non é dende o noso punto de vista que haxa que recollerse ás once da noite cando estamos en plena pandemia, demoledoras son as políticas de recortes da Xunta de Galicia que levan moitos anos deixándonos sufrimento e mortes, por iso propoñemos que dende o Pleno do Concello de Vigo se lle esixa á Xunta de Galicia que tome nota deste gasto público referido e que faga o propio, é dicir o que lle compete na defensa das galegas/os, unha vez máis traemos a este Pleno unha moción redactada por SOS Sanidade Pública, curiosamente a anterior trouxémola ao redor do 25 de febreiro coa ameazada da COVID-19 en estado de latencia a poucas semanas de impoñerse nas nosas vidas, 8 meses despois pasaron moitas cousas, lamentablemente case ningunha boa para as nosas veciñas/os de Vigo, de Galicia e do conxunto do Estado, as consecuencias dun sistema sanitario debilitado fixéronse evidentes nos centros de saúde, nos hospitais, nas residencia de maiores, nos fogares de dependentes, mentres o presidente o Sr. Feijóo fíxome experto en manipular os medios públicos para que falasen por boca do que el quería dicir, véxase para iso a campaña "Defende A Galega", que denuncia como pode a falla de neutralidade e a utilización partidaria que o goberno galego fai de RTVG e tamén se fixo experto en converter o xornal privado La Voz de Galicia no verdadeiro DOGA e en eludir responsabilidades, reclamando a outras administracións o que a Xunta de Galicia non fai coas súas propias competencias porque lembremos ás comunidades autónomas teñen transferidas as competencias para o desenvolvemento das políticas sanitarias. Nós consideramos que a capacidade para combater eficazmente a pandemia non depende só do goberno central nin tampouco só da ética individual, cremos que deben imperar por unha banda as propostas baseadas

na evidencia científica e pola outra, á hora de aplicalas deben desenvolverse políticas que procuren o ben común, a protección das maiorías sociais e o fortalecemento dunha sanidade pública de calidade para todas, por iso lle trasladamos aquí as reivindicacións realizadas dende a plataforma SOS Sanidade Pública, ampla plataforma, esixímoslle en primeiro lugar á Xunta de Galicia que incremente o orzamento sanitario e que garanta que os fondos estatais sexan destinados á sanidade pública en Galicia, esiximos tamén que se poña fin ás restricións de acceso aos centros de saúde que están limitando as actividades de promoción, prevención e recuperación da saúde da totalidade da poboación, a atención telefónica debe ser un complemento á atención presencial e non a única opción para a poboación, debe primar o criterio clínico polo tanto, do persoal sanitario para determinar si é indicada ou non a atención presencial ou a telefónica, incrementar o persoal dos equipos de atención primaria e tamén é imperioso, garantíndolle unhas condicións de traballo dignas, un equipamento adecuado e o libre acceso a probas diagnósticas porque a atención sanitaria, a pandemia da COVID-19 non pode ser excluínte do resto de asistencia sanitaria que precisa a poboación, as profesionais de atención primaria están facendo esforzos inxentes para controlar a pandemia, co seguimento de casos positivos que están nos domicilios e co rastrexo de contactos cando poden, coa solicitude de probas e información acerca dos resultados pero tamén deben poder manter o seguimento a doentes crónicos e dar resposta ás necesidades asistenciais da poboación por iso é fundamental incrementar o número de profesionais da atención primaria, tanto do persoal médico como de enfermería e auxiliares, compre acabar tamén coa parálise do servizos hospitalarios para que dende SOS Sanidade Pública se propón crear circuitos separados para persoas con COVID-19 e abrir os centros pola tarde para acabar o antes posible coa enorme lista de agarda xerada durante a Pandemia, ben proporcionar información real e actualizada e por último é fundamental sobre as persoas afectadas en cada localidade nomeadamente o Concello de Vigo e evidentemente o seu goberno para que efectivamente os concellos e a poboación coñezamos a transcendencia da pandemia e poidamos colaborar activa e responsablemente na súa solución porque manipulación está sobrando dende a Xunta de Galicia e a información é fundamental.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O BNG expresamos o noso total apoio a esta moción da plataforma SOS Sanidade Pública de que facemos parte, e o que visa esta moción é que se antes da pandemia era imprescindible reverter a política de recortes, de desmantelamento da sanidade pública que ven aplicando a Xunta de Galicia do Partido Popular, hoxe iso é vital estritamente vital e urxente, trátase polo tanto de demandarmos máis recursos e máis persoal dende o recoñecemento de que a resposta enorme da rede sanitaria pública pivotou e está a pivotar na entrega heroica e no sobre esforzo por parte do persoal sanitario que maila escaseza de medios está a poñer todo o de si para que esteamos debidamente atendidas máis non se pode continuar con esta situación onde o persoal facultativo, de enfermaría, persoal de diferentes especialidades está a padecer unha evidente sobre carga de traballo que limita a súa capacidade asistencial e que polo tanto, limita e compromete a capacidade de atención sanitaria.

Neste sentido dende o BNG queremos subliñar un dos aspectos que ven recollido nesta moción e que xa foi obxecto dunha interpelación por parte da nosa deputada no Parlamento Galego a Sra. Montse Prado ao conselleiro de Sanidade que é precisamente o reforzo da atención primaria como primeira liña de combate desta segunda vaga de coronavirus. Ten que haber máis medios e máis persoal tamén e sobre todo na atención primaria para atender nas mellores condicións esta segunda vaga tan virulenta do coronavirus máis tamén como xa se sinalou aquí para simultanear o traballo derivado da Pandemia coa debida atención ordinaria, coa debida atención das nosas/os doentes crónicos, a outras patoloxías e co despregamento tamén da atención domiciliaria que está practicamente en suspenso. Trátase polo tanto, de reverter porque hoxe xa é unha cuestión de vida ou morte, de reverter os recortes do Partido Popular.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Quero comezar dicindo, en primeiro lugar recoñecendo todo o esforzo e traballo do que falaron tanto a concelleira de Marea como concelleiro do Bloque Nacionalista Galego, pero falaba a Sra. Méndez das cifras concretas, enteiras dun orzamento que aínda ten que ir ao Congreso dos Deputados ten que aprobarse, eu creo que este goberno tivo moitos intentos de aprobar o Orzamento que aínda non están enriba da mesa, polo tanto, esas cifras aínda non están enriba da mesa, estamos a falar de supostas achegas do goberno

á sanidade, pero tamén quería eu preguntar que dirían vostedes, ou que dixo Sanidade Pública do Decreto 29/2020, un decretazo do goberno nacional que ten en pe de guerra e en folga por primeira vez en 25 anos a tódolos médicos de España, polo tanto tamén creo que dende o goberno central cando toman decisións, xa non estamos a falar de orzamentos, cando toman decisións son os que poñen en risco e os que poñen agora na picota á sanidade pública o sistema universal de sanidade pública que temos en toda España, ao marxe da derivación das competencias en cada comunidade autónoma que como digo cada unha asuma as súas responsabilidade, e onte precisamente dous expresidentes do goberno de España dicían que é unha auténtica loucura que o goberno de España eluda tódalas súas responsabilidade, non estou a falar so no ámbito sanitario o tema do COVID-19, eu non quero como dicía antes o concelleiro do Bloque que isto sexa unha arma de dobre filo que esteamos aquí utilizando a COVID-19 para votarnos enriba responsabilidades ou temas que non podemos demostrar ou comprobar, é verdade que SOS Sanidade Pública leva reivindicando temas con respecto á Sanidade Pública durante moitos anos pero tamén é certo que en moitas ocasións fai demagogia coas súas reivindicacións transmitindo moitas veces mensaxes que non son certas e nós queremos evidenciar, queremos ademais dende o grupo municipal do Partido Popular falar da responsabilidade que ten a Xunta de Galicia dos feitos, dos medios, das decisións que tomou sempre adiante con respecto ao COVID-19 e ademais queremos dicir que a consigna da privatización da sanidade, a consigna que teñen vostedes do desmantelamento da sanidade pública é mentira e ademais os orzamentos xa aprobados, xa executados, xa postos en marcha o demostran, non só frases ou especulacións como dicía a Sra. Méndez dun orzamento, insisto, que aínda non está aprobado, e parece mentira ademais a actitude, eu digo deste Concello tamén con ataques directos sempre ao Sr. Feijóo, eu creo que hai un equipo ademais na consellería de Sanidade, hai un equipo na Xunta de Galicia que está a traballar para atallar a Pandemia que é a primeira preocupación que tiveron dende marzo e vostedes empregan a Pandemia para, como digo eu, atacar un sistema sanitario que insisto está dando os mellores resultados en Europa e está sendo en moitas ocasións exemplo para outras comunidades autónomas, falábamos de temas, agradecendo sempre o esforzo por suposto dos profesionais, pero eu falaba antes de incremento

nos orzamentos, falaba antes do Plan Galego de Atención Primaria, falaba de reforzo co tema do COVID-19 e da pandemia, e falaba dun comité de expertos epimediólogos e persoas que saben as decisións que hai que tomar, ademais públicos e transparentes e notorios que son os que toman decisións en Galicia, e deberíamos estar orgullosos do traballo que están a facer. Ao marxe de tódalas reivindicacións que vostedes fan eu teño que falar aquí do goberno central tamén porque agora resulta que o voceiro di que o Comité de Expertos que teñen é tan longo que non merece a pena dicilo, é unha vergoña como estamos absolutamente manipulados e coa demagogia que utiliza este goberno para despois atacar ou para despois render responsabilidades ás comunidades autónomas, eu insisto, gustaríame saber que opina SOS Sanidade Pública de verdade e que opinan estes concelleiros, tanto do PSOE como de Marea como do BNG do Decreto 29/2020, un Decreto do Ministro o Sr. Illa que o que fai é ter, como digo, en folga todala sanidade e tódolos médicos de España porque o que permite ese decreto é que entren a traballar médicos sen ter unha especialidade ou que cren os propios médicos que é un absoluto intrusismo, outra cousa que quero dicir é que a oferta pública de emprego do SERGAS sería de 3.500 persoas se o goberno central levanta a taxa de reposición e polo tanto, aí tamén hai unha responsabilidade de Podemos e do PSOE, eu non vou entrar nas provocacións que vostedes expuxeron con respecto á Xunta de Galicia, con respecto á figura do Presidente da Xunta de Galicia concretamente, e gustaríame dicir que o Orzamento do 2020 para a Sanidade ascende a 4.109,6 millóns de euros, 121,7 millóns máis que o ano anterior e co 3,1% de incremento do Orzamento sanitario.

SR. LÓPEZ FONT: Aínda con matizacións ao que se propón nesta moción certamente é difícil dicir que non e non sei quen pode dicir que non a estes sete puntos, espero que ninguén e a pesares da intervención que acaba de facer a Sra. Egerique tamén voten a favor desta moción, porque claro que unha parlamentaria galega descoñeza o Estatuto de Autonomía e que non saiba cal son as competencias do goberno da Xunta de Galicia en materia de Sanidade, pois certamente é preocupante.

Dicía que máis alá das matizacións pero teñen que permitirme que creo que no relato hai que ir pouco máis atrás, non nos podemos quedar o que se propón aquí

exclusivamente en pedir máis de todo, médicos, salarios e demais que si ben é certo que hai que facelo, pero hai que retroceder un pouco e dicir que a situación pon en evidencia as carencias do sistema sanitario que temos, que ven arrastrado por anos de recortes do Partido Popular e hai que recordar que levábamos dous anos de mobilizacións en relación coa política sanitaria e por iso estamos aquí, non solo como consecuencia do COVID-19 senón que xa antes da Pandemia o Sr. Feijóo fixera unha xestión política partidista e electoral da sanidade, isto se acrecentou e hai que dicilo Sr. Egerique, non se trata de ningunha provocación, se trata simple e llanamente de como manipulou os datos e de como manipulou a situación sanitaria de Galicia o Presidente da Xunta de Galicia e isto o sabemos especialmente aquí e non é ningún mantra o tema da privatizacións, se nesta cidade, da que vostede é concelleira, somos o exemplo das privatizacións, temos un hospital privado polo tanto, isto non é ningún mantra senón que é certamente unha realidade.

Miren, o relato sanitario da pandemia por parte do Sr. Feijóo, foi totalmente alleo á realidade, afortunadamente en Galicia a Pandemia chegou en torno a 15 días máis tarde e el creu que isto ía ser sempre así, o problema é que non se tomaron medidas durante 5 meses, e agora lle estallou a crise e agora é cando ten as urxencias, e agora é cando ten que tomar determinacións nun problema que certamente é máis profundo, porque hai dicilo mal que lle moleste aos 4 concelleiros do Partido Popular, o Sr. Feijóo nos enganou co número de rastreadores, dixo que había 7.000 en Galicia e era mentira, contaba aos médicos de atención primaria que eles desmentiron o que non podía facer ese traballo porque senón non podían atender aos pacientes como dicía anteriormente o propio conselleiro, o novo conselleiro de sanidade non soubo definir o que era un rastreador no Parlamento de Galicia, polo tanto, o que hai que reclamar e por iso dicía as matizacións a esta moción, son medidas moi concretas, onte en concreto o Alcalde pedía expresamente que se duplique o número de PCRs e rastreadores na área sanitaria, é verdade que non coñecemos ningún dato máis alá da alusión que el fixo en canto a conversa de onte co conselleiro, pero tamén o Alcalde pedía onte que se reforce a atención primaria e en concreto as probas PCR que cheguen ata as 2.500 ou 3.000 porque debemos coñecer cal é realidade.

Mire, o Sr. Feijóo di que é demoledor as restricións horarias, demoledor é entrar nesta segunda ola da Pandemia sen ter incrementado o persoal, sen incrementar os rastreadores, sen coñecer as cifras que nos deban de permitir adoptar medidas nos concellos, iso si que é demoledor para conseguir saír desta situación e cando falaba a Sra. Egerique de insultos, das nosas referencias ao Sr. Feijóo Sra. Egerique, quérolle lembrar que o Presidente da Xunta de Galicia tivo a brillante idea de compensar aos sanitarios cun cheque de 300 euros, se lle parece pouca frivolidade a vostedes o ofrecer un cheque de 300 euro para tomar cañas e para ir aos restaurantes, pois cando teñan ocasión explícanmo pero as medidas que hai que tomar en aplicación do Estatuto de Galicia son moi diferentes porque a competencia é do goberno do Sr. Feijóo.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Pois efectivamente Sra. Egerique nós non empregamos a pandemia politicamente a nosa disposición como grupo a Marea de Vigo neste Pleno sempre foi construtiva, o que sucede é que son os recortes dos últimos 11 anos da Xunta de Galicia e as precarias condicións por tanto, de boa parte do persoal sanitario, son recortes os que se poñen en evidencia nesta crise sanitaria, saturáronse os hospitais, con ingresos en plantas e en UCIS, colapsáronse os centros de saúde no seu labor de informar á poboación, de rastrexar e de seguir novos casos, unha labor certamente impedido pola xestión do Sr. Feijóo, suspendéronse consultas, probas diagnósticas, intervencións cirúrxicas, estímase que en Galicia se paralizaron ao redor de 3.000 das intervencións cirúrxicas previstas, de 600.000 consultas e de 20.000 probas diagnósticas, ao mesmo tempo pecháronse centro de saúde e limitouse como sabemos o acceso aos mesmos substituindo a consulta presencial pola telefónica. As residencias de maiores representaron unha película dramática e de terror tamén porque sabíamos das grandes deficiencias das mesmas, tratouse neste mesmo Pleno do Concello de Vigo de inicios do ano 2020 o necesario aumento e prazas en residencia de maiores, e a súa situación foi denunciada non só polo Consello de Contas que tamén, como vostede ben sabe, senón tamén polas propias traballadoras e familiares dos usuarios/as, a falla de persoal, de recursos, a falla de protocolos de actuación en residencia de maiores, é dicir, centros socio-sanitarios de atención á dependencia que resultaron ser un negocio redondo, un negocio sen escrúpulos

coa vida e coa terceira idade que foi premiado e recoñecido pola Xunta de Galicia do Sr. Feijóo, premio Galicia Global a DomusVi na figura da súa representante Dona Josefina Fernández, en decembro de 2019, este á e unha realidade insostible, indesexable para as maiorías sociais deste país, desta área sanitaria tamén e desta cidade en concreto, nós como a plataforma SOS Sanidade Pública e como outros tantos sectores da poboación e individuos cremos que os servizos públicos como non teñen o obxectivo da rendibilidade e do negocio, son precisamente os servizos públicos os que poden garantir e protexer a saúde da poboación e facer fronte polo tanto, a emerxencia sanitaria como a actual, deben estar fortalecidos e non laminados como veñen estando nos últimos once anos por parte do Sr. Feijóo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa, do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e mais dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.10.2020 (Rex. Nº 2644/1101), polos concelleiros do grupo municipal Mixto, Sra. Mendez Fuentes e Sr. Pérez Correa, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

9(186).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DEROGAR O ART. 69 DA LEI 2/2017 QUE OBRIGA AO CONCELLO DE VIGO A FINANCIAR OS CENTROS DE DIA DE TEIS, COIA E VALADARES, DE TITULARIDADE EXCLUSIVAMENTE AUTONÓMICA. REXISTRO PLENO 2647/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de outubro de 2020, número 2647/1101, a concelleira do grupo Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

Trala reforma operada na LRBRL por mor da Lei 27/2012, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local, a competencia dos Concellos no tocante aos servizos sociais se limita, segundo a letra e) do art. 25 da LRBRL a “...e) Evaluación e información de situacións de necesidade social e atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social...”.

Ademais, con arranxo á Lei 29/2006, de 14 de decembro, de promoción á autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, só atribúe ás administracións locais competencia na xestión dos servizos (arts. 12 e 32 da Lei).

En marzo de 2015 o daquela denominado Consorcio Galego de Benestar rexistrou unha proposta de Convenio para o cofinanciamento por parte do Concello de Vigo dos Centros de Día que a Xunta de Galicia xestiona na cidade de Vigo, que non foi aceptado polo Concello de Vigo.

Diante da negativa do Concello de Vigo a asinar un novo convenio que se consideraba lesivo para os intereses municipais, a Xunta de Galicia, nunha actuación sen precedentes e vulneradora da autonomía local e do principio de suficiencia financeira consagrados constitucionalmente, impuxo coactivamente ao Concello un novo sistema de financiamento dos ditos Centros de Día da Xunta de Galicia, introducindo un artigo ex profeso na denominada Lei de acompañamento aos Presupostos (Lei 2/2017, de 8 de febreiro de medidas fiscais, administrativas e de ordenación).

Inventouse a Xunta de Galicia unha nova “competencia-servizo que nunca foi municipal, nin figura en normativa sectorial algunha, para obrigar ao Concello de Vigo a manter as escolas infantís e os centros de titularidade da Xunta de Galicia.

Unha imposición de forma unilateral por parte da Xunta de Galicia e con carácter retroactivo que supón un desembolso anual para as arcas municipais de 550.000

euros para financiar uns centros de día e unhas escolas infantís que son de titularidade e de xestión autonómica.

O Concello de Vigo manifestou en reiteradas ocasións a súa disconformidade con esta imposición e este atropelo á autonomía local e á suficiencia financeira, interpoñendo no seu día un recurso contencioso-administrativo e, con posterioridade- recurso de casación diante do Tribunal Supremo, que aínda está pendente de se resolver.

O artigo 57 da LRBRL advirte que a cooperación na prestación de servizos ten que asumirse con voluntariedade, porque é a forma de garantir a potestade de libre decisión no exercicio das competencias propias dos Concellos, que teñen o dereito e a capacidade de xestionar os seus propios intereses e recursos.

Por todo o antedito, propónse ao Pleno da Excma. Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO:

-Instar á Xunta de Galicia á derogación do artigo 69 da Lei 2/2017, de 8 de febreiro de medidas fiscais, administrativas e de ordenación, que obriga ao Concello de Vigo a financiar os Centros de día de Teis, Coia e Valadares, de titularidade e xestión exclusivamente autonómica.”

DEBATE:

SRA. AGUIAR CASTRO: A Xunta de Galicia leva moito tempo conculcando o principio de autonomía local e de suficiencia financeira dos concellos, moitos máis agora en tempo de COVID-19 nos que a Xunta de Galicia está desaparecida e os concellos estamos a sufragar tódolos sobre custes da pandemia, servizos sociais, desinfección, limpeza, comedores, etc. esa é unha realidade que o Concello de Vigo e outros moitos concellos non afíns ao Partido Popular de Galicia levamos seguindo moitos anos políticas sectarias, arbitrarias e discrecionais, de premios aos concellos amigos e de castigo aos concellos que reivindican os seus dereitos e o que nos trae hoxe aquí nesta moción é un claro exemplo porque en marzo do 2015 o daquela chamado consorcio do Benestar, remitiu ao Concello de Vigo unha proposta de convenios para retomar o financiamento dos Centros de Día, que a Xunta de Galicia xestiona e dos que é titular en exclusiva na cidade de Vigo, convenio que foi rexeitado por este Concello por lesivo para os intereses municipais por canto supuña sufragar o 40% dos Centros de Día de titularidade e

xestión autonómica insisto, non que o Concello nada ten que ver nin nada ten que decidir porque non participa desa xestión, ademais co pago obrigatorio dunha factura por parte do Concello de Vigo imposta de forma unilateral sen participar en ningún ámbito na toma de decisións neses centros de día e nesas escolas infantís que tamén pretendían que sufragásemos. Máis de medio millón de euros para as arcas municipais e aos que o Concello de Vigo sempre se resistiu porque non compartía ese modelo de financiamento nunha competencia exclusivamente autonómica. Diante diso o Concello para defender os intereses da administración local presentou de feito un recurso contencioso administrativo, xa temos sentenza pero que está recorrida neste momento diante do tribunal Supremo en casación, pero como non aceptamos nese momento os convenios que nos propuña o consorcio que fixo o Sr. Feijóo? Pois mediante unha Lei de acompañamento aos orzamentos esa práctica tan democrática e impuxo mediante o artigo 69 da Lei de acompañamento dos orzamentos do ano 2017, impuxo coactivamente ao Concello de Vigo o pagamento deses centros de día e desas escolas infantís, e lei anti Vigo como outras moitas leis anti Vigo que o Sr. Feijóo fai “ad hoc”, para o Concello de Vigo como é a Lei da Área Metropolitana ou como a Lei da fusión das caixas, é dicir, cando Vigo se resiste a que a atopelen, a que a humillen pois rapidamente se fai unha lei “ad hoc” para Vigo e para os seus cidadáns, e por que ten que pagar 500.000 euros ao ano en centros, insisto que son de competencia e de titularidade exclusiva da Xunta de Galicia, pois porque así o decide a Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia ten decidido abdicar das súas competencias, ten decidido delegar nos concellos competencias propias sen financiamento axeitado e este é un suma e sigue, isto vai así en tódalas leis de acompañamento dos orzamentos da Xunta de Galicia. Pois ben, agora xa demos un paso máis, é dicir, non só nos impoñen coactivamente o pagamento destes centros de día e destas escolas infantís senón que agora nun, atornillo un pouco máis profundo, esta semana a Xunta de Galicia ven de decidir meter a man na caixa do Concello de Vigo detraendo e confiscando do fondo de cooperación local 1.157.000 euros comunicando mediante un escrito no que xa a resolución é firme, resolución que cabe recurso e que por suposto recorreremos, pero este síntoma é precedente, é dicir, que a Xunta de Galicia por una débeda que está en litixio aínda, que está aínda pendente dunha resolución na xurisdición oportuna, que sen que sexa firme

aínda esa decisión xa detrae do fondo de cooperación local do Concello unha débeda que está insisto, en discusión, senta un mal precedente e dende logo nos alarma porque ese forma de cooperar da Xunta de Galicia con Vigo pois iso que paguemos as competencias propias non transferir ao Concello de Vigo ningún fondo para facer fronte aos gastos extraordinarios do COVID-19 e agora de retraer, insisto, do fondo de cooperación local 1,1 millóns de euros o que afecta profundamente aos ingresos como é obvio á previsión de ingresos deste Concello. Deslealdade institucional, falla de respecto aos tribunais, ataque contra Vigo unha vez máis e intento de asfixia ás arcas municipais, polo tanto, vimos a pedir a través desta moción instar á Xunta de Galicia a derogación do artigo 69 da Lei 2/2017, que obriga ao Concello de Vigo a financiar os Centros de Día da Xunta de Galicia.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Bloque Nacionalista Galego concordamos co contida desta moción mais quixéramos facer unha reflexión algo máis de fondo do que está detrás desta situación.

O impulso do consorcio Galego de Igualdade e Benestar que foi unha iniciativa promovida polo Bloque Nacionalista Galego dende o goberno galego, respondía ao interese estratéxico de poñer fin a décadas de desatención das políticas sociais por parte do Partido Popular na etapa dos gobernos do presidente o Sr. Fraga, quíxose ademais adoptar para darlle celeridade, para darlle robustez, para facelo posible no menor tempo posible, a través dun modelo que o que pretendía era sumar esforzos dende a cooperación entre diferentes administracións para multiplicar o número de centros de día e de escolas infantís públicas, e así se trasladou e na realidade e así se verificou na posta en marcha dun modelo moi importante e moi pouco tempo de centro de días e escolas infantís tamén na nosa cidade, o Partido Popular decidiu xa hai tempo pasar dese modelo de cooperación entre institucións, que si se mantén na xestión, por exemplo do Servizo de Axuda no Fogar a un modelo de imposición incautadora, pasar a factura de desentenderse das súas competencias e a isto se engade efectivamente que unha das primeiras decisións que quixo adoptar a Xunta de Galicia do Partido Popular recente estreado o Presidente o Sr. Feijóo, foi intentar desmantelar, sen éxito, o Consorcio Galego de Igualdade e Benestar, o balance da acción de goberno do Partido Popular na Xunta

de Galicia nesta última década e estarrecedor e ademais non é que o diga o BNG simplemente hai que ir ao diario de sesións do Parlamento de Galicia e comprobar como cada vez que o BNG e outros grupos esiximos nas emendas aos orzamentos dotar de máis medios ás políticas sociais precisamente para poñer en marcha novas escolas infantís ou novos centros de día ou novas prazas de residencias públicas para persoas maiores e dependentes, o Partido Popular sempre di que mesmo, que non.

SR. PÉREZ CORREA: Creo que pode ser a terceira ou cuarta vez que esta moción ven ao Pleno, e creo que é importante que veña porque estamos ante unha das cuestións que non quedou resolta, primeiro, nin na primeira proposta, afortunadamente non chegou o seu alcance da proposta inicial de reforma da Lei de Bases, non quedou resolta nin moito menos coa Lei de racionalización e sostibilidade da administración pública e polo que vemos tampouco queda resolta xudicialmente porque independentemente que agora nos podemos entender que esta moción incluso ten máis sentido despois que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia non entende que concepto, cremos ademais que a sentenza non entende cal é concepto da autonomía municipal, creo ademais que a sentenza que supoño que será o que sustancia que veña outra vez esta moción vai en contra do que se está anunciando no Congreso dos Deputados, vai complementemente en contra, xa sei que parece ser que en cuestións administrativas as sentencias sentan precedentes, imos a esperar e creo que vai a ser unha boa nova que esa reforma anunciada da Lei de Bases que figura ademais no acordo do goberno, do goberno de coalición e que a propia ministra anunciou recentemente que esa nova Lei de Bases vai a solidificar as competencias en materia de coidados, en materia de protección social dos concellos, e cando digo soldala é porque apesares de que algunhas mocións nas que nós estamos moi lanzados a dicir que asuma a Xunta de Galicia as súas competencias, eu son profundo defensor de que aínda non sendo dentro do marco das competencias do Concello de Vigo as asuma por inoperancia absoluta doutras administracións e iso ten que estar na Lei de Bases e iso ten que estar nunha lei de financiamento que permita acabar con esa realidade de que os concellos só xestionamos 1 de 4 euros en políticas de cobertura e protección social e a Xunta de Galicia o que fai é privatizar sistematicamente tódalas estruturas que

terían que ter, para min un seguimento 100% público, e este é un exemplo se é ben que nós formulamos no seu día bastante críticas á figura do Consorcio porque xera unha dinámica de construción de centros de día, de escolas infantís e non ía acompañada dun trámite orzamentario que puidera soportalas ou que lle deu escusa perfecta ao Partido Popular cando chegou ao goberno da Xunta de Galicia e iniciar a privatización de todo o sistema, nós sempre consideramos que era mellor iso, mellor a formula de consorcio 100% público como estaba proposto no bipartito que obviamente este modelo que o Partido Popular meteu enriba da mesa e cal é para nós o principal problema? Que primeiro se fai dunha maneira, é mentira que as negociacións estean entorno a un debate permanente entre a FEGAM e a Xunta de Galicia, porque se mete esta posibilidade de cofinanciamento dos centros de día e das garderías, se mete cunha Lei de acompañamento dos orzamentos, e nesa lei tamén se meteron os xogos de azar, se meteron deducións do imposto de patrimonio que fai que Galicia sexa unha das comunidades onde menos recadamos por esta cuestión, incluso se fixeron modificacións da Lei de augas, se fixeron un novo censo mineiro para favorecer as explotacións destas características e ademais, entre outras se someteu a ordenación provisional que iso si este goberno lle parece ben que se metera pero se meteu cunha lei ómnibus destas de acompañamento de orzamento onde colocaron todo o que non querían que tivese un debate separado, e esta cuestión do cofinanciamento “ad hoc” as dúas administracións, servíciolos nos que o Concello de Vigo non participou no seu deseño, por que é mentira que o concello de Vigo participa no seu deseño por moito que se diga que existía un convenio anterior, un convenio herdado de moitos anos, o convenio viña e a administración dicía se vai facer aquí e aquí e a participación autónoma dos concellos non existe, e o que fai agora a Xunta de Galicia é asumir que temos que financiar un deseño dunha rede que ao mellor se lle deixaran decidir aos técnicos municipais nin sequera se tería feito nos emprazamentos ou coas características actuais, porque obviamente xa esa rede, a pouca rede de centros de día de titularidade pública da Xunta de Galicia e a pouca rede que temos de garderías e escolas infantís financiadas con recursos da administración autonómica nin sequera está deseñada coñecendo a realidade de Vigo, e iso é un problema porque agora o que se di é que temos herdar esa rede e cofinanciala, nós estamos de acordo e ademais estamos de acordo que este

concello, e entendemos que o seu Alcalde como presidente da FEMP o porá, digamos que si que queremos as competencias plenas en determinadas cuestións pero o que queremos é o financiamento parello, non vale de nada ter que cofinanciar cousas se seguimos a recadar pouco, e a maior parte dos recursos se quedan na administración autonómica, incluso podamos financiarla con recursos europeos si é posible con ese novo sistema de financiamento que vai estar enriba da mesa.

SRA. LÓPEZ ROMÁN: Voltamos a traer novamente esta moción, hai tres meses trouxeron escolas infantís agora imos cos Centros de día, o consorcio do que forma parte o noso concello dende a súa adhesión voluntaria Sra. Aguiar, voluntaria, no ano 2007, xestiona na nosa cidade dúas escolas infantís e tres centros de día e o Concello asinou os convenios de xestión para os Centros de Día de Coia e Teis, se acordou a cesión dos terreos ao consorcio para a construción e a xestión do centro de día e escola infantil de Valladares, nestes convenios establecían uns criterios de cofinanciación que foron sempre financiados polo Concello de Vigo, de acordo co previsto, en maio do 2016 se acordo un novo réxime de cofinanciación que harmonizou a gran variedade de convenios asinados entre o Consorcio e os concellos galegos, se trataba naquel entón dun acordo marco entre a consellería de Política Social e a FEGAMP, este foi aprobado por unanimidade por tódolos grupos políticos, este novo modelo de coparticipación e cofinanciamento que é por outra banda máis favorable para todos aos concellos, para dar cumprimento a este acordo se aprobou a Lei 2/2017, de 8 de febreiro, no artigo 69 no apartado 5 desta lei establece que este novo modelo de cofinanciamento será obrigatorio para tódolos concellos salvo que no prazo de 3 meses, dende a publicación no DOGA, manifestasen algunha obxección. Este prazo finalizou o 9 de maio do 2017, o Concello de Vigo non obxectou nada polo tanto, este novo modelo é aplicable ao Concello de Vigo, se afirma dende este concello que é a Xunta de Galicia a que está reclamando ao Concello de Vigo o financiamento pero non é a Xunta de Galicia é o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar o que está reclamando dicho cofinanciamento.

A Xunta de Galicia ten outros centros de maiores de titularidade autonómica que a Vigo non lle pide ningún tipo de cofinanciamento, polo tanto, a reclamación do

Consortio se axusta ao modelo marco que se aprobou na FEGAMP o que non pode agora o Concello e Vigo é pretender non pagar ao Consortio do que forma parte de forma voluntaria. Me gustaría lembrarlle que este novo modelo de conxfinanciamento xa foi avalado polo Tribunal Superior de Xustiza na sentenza do pasado mes de febreiro do 2020, cando se desestimou un recurso contencioso presentado polo Concello contra as liquidacións correspondentes aos centros de día que Consortio xestiona nesta cidade, obrigando ao Concello a abonar as liquidacións, volveron a poñer rumbo ao xulgado veremos que di a xustiza, mentres tanto dende o Partido Popular de Vigo imos a votar en contra, xa que son vostedes os que están incumprindo un acordo que xa en febreiro do 2020 foi ratificado polo Tribunal Superior de Xustiza.

SRA. AGUIAR CASTRO: Eu queredría resumir a miña moción dicindo que o sistema de dependencia en Galicia está agonizando, iso é a conclusión que se extrae de como se está tratando a dependencia neste país, que cobren os concellos polos centros de día namentres a xestión deste tipo de establecementos está totalmente privatizada, en mans ademais de grandes multinacionais e fondos buitres e que ademais que ir an facelo coactivamente porque non ningunha hai vontade en que coactivamente se exaccione unha débeda nunha participación que o Concello rexeita, nos non participamos deste modelo de xestión de residencias nin de centros de día e polo tanto, nin queremos participar economicamente e nin queremos participar neste modelo. O desastre da xestión das residencias e centros de día é evidente, o Sr. Feijóo fíxose unha emenda á totalidade, hai escasamente uns días cando cesaba ao seu conselleiro de sanidade o de educación e toda a cúpula de política social, maior recoñecemento que ese do seu fracaso na xestión da dependencia e dos servizos sociais non a hai Galicia é a segunda comunidade autónoma que menos inviste en dependencia por habitante, moi por debaixo da media estatal, a pesares de ser porcentualmente unha das comunidades máis financiadas polo estado, o goberno do Sr. Feijóo ten máis de 12.000 persoas con discapacidade sen valorar e sen recibir asistencia, dous dependentes morren cada día sen ser valorados pola Xunta de Galicia e polo tanto, sen poder acceder ao seus dereitos, na provincia de Pontevedra unha persoa con discapacidade tarda case dous anos en ser valorada, tal e como ten denunciado reiteradamente por

certo, o Defensor do Pobo, o goberno do Sr. Feijóo leva 12 anos prometendo prazas públicas para atención de persoas dependentes e non construíu nin unha soa, dende xaneiro a xuño deste ano 437 galegos/as con nomes e apelidos, con rostro, morreron pendentes de ser valorados ou de recibir unha prestación á que tiñan dereito, por certo, un 14% máis que o ano pasado. Isto é froito dun financiamento insuficiente da dependencia en tódolos seus ámbitos, incluído tamén o Servizo de Axuda no Fogar, que tamén falaremos noutra moción deste tema que é escandaloso os recortes sucesivos da Xunta de Galicia no financiamento deste servizo. Este é o mapa desolador de dependencia de Galicia o resultado é que temos un sistema de dependencia na UVI que deixou abandonadas ás persoas maiores que están no limbo da dependencia e por outra parte, pretenden que nós os concellos financemos este desastre, pois non non o imos a facer, imos opoñernos a financiar este desastre de sistema de dependencia, de recortes tras recortes e de deixar aos máis vulnerables tirados na cuneta. Sra. López Román, claro tocoulle hoxe un papel moi complicado eu entendo que ten que vir aquí a defender que coactivamente se esquilme aos vigueses.

(No momento da votación preside a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.10.2020 (Rex. Nº 2647/1101), pola concelleira do grupo Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

10(187).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A QUE MANTEÑA O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR EXTRAORDINARIO E O PRORROGUE ATA QUE A PANDEMIA ESTEA CONTROLADA NA NOSA COMUNIDADE AUTÓNOMA. REXISTRO PLENO 2648/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de outubro de 2020, número 2648/1101, a concelleira do grupo Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O 11 de abril a Xunta de Galicia anunciou un Servizo de Axuda no Fogar extraordinario para responder a situacións de emerxencia durante o tempo da alerta sanitaria causada polo COVID-19, de modo que lle foron adxudicados aos Concellos novas horas mensuais para facer fronte ao coidado no domicilio das persoas con necesidades asistenciais.

Este servizo extraordinario se instrumentou para dar resposta ás consecuencias que ten a emerxencia sanitaria provocada polo COVID-19 nos colectivos de poboación máis vulnerables, especialmente persoas dependentes, con discapacidade, persoas maiores que viven soas, etc.

A pasada semana a Xunta de Galicia anunciaba, de forma unilateral, e sen comunicación aos Concellos que este servizo extraordinario para persoas vulnerables e dependentes deixará de funcionar o 30 de novembro, quedando estas persoas vulnerables sen servizo e, na meirande parte dos casos, sen alternativa.

Actualmente Galicia atópase inmersa no centro da pandemia, cunha evolución moi preocupante da enfermidade, con máis casos de contaxiados que no peor pico do mes de marzo, achegándose aos 500 casos novos diarios. Este mes de outubro Galicia acadou, lamentablemente, cifras record tanto de contaxios como de

falecidos, que teñen obrigado a establecer novas medidas restrictivas e limitativas para intentar controlar esta nova oleada.

Neste preocupante contexto a Xunta de Galicia ten decidido extinguir este servizo co argumento de que xa non é necesario, porque xa cumpriu a súa función. Iso supón que persoas vulnerables e dependentes da cidade de Vigo quedarán sen este servizo e, o que é máis grave, sen ningunha outra alternativa, xa que moitos deles están aínda pendentes de valoración de dependencia e, polo tanto, non terán acceso ao servizo de axuda no fogar ordinario. Por outra banda, os contaxios e falecidos nas residencias de persoas maiores e centros para persoas con discapacidade tamén teñen experimentado un repunte no mes de outubro, o que fai que moitas familias renuncien a levar ás persoas vulnerables e dependentes aos centros e, polo tanto, precisan desta axuda no propio fogar.

Dende o grupo socialista consideramos que este servizo extraordinario naceu para cubrir unhas necesidades asistenciais provocadas polo COVID-19 que aínda non remataron, xa que Galicia continúa nunha situación alarmante e máis aínda tendo en conta que estamos a piques de entrar nun período estacional que vai complicar aínda máis a a situación de alarma sanitaria.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Excm. Corporación Municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a que manteña o Servizo de Axuda no Fogar Extraordinario e prorrogue o mesmo ata que a pandemia provocada polo COVID19 estea controlada na nosa Comunidade Autónoma e se poida regresar á nova normalidade, evitando que estas familias queden en situación de desamparo.“

DEBATE:

SRA. AGUIAR CASTRO: O 11 de abril a Xunta de Galicia por mandato do goberno de España anunciou un servizo de Axuda no Fogar extraordinario para responder a situacións de emerxencia durante o tempo de alerta sanitaria causada polo COVID-19, a creación dese servizo insisto, extraordinario foi froito da directriz dada polo goberno España, daquela autoridade sanitaria competente do estado de Alarma, o día de 18 de marzo, que instou ao xestores do servizo sociais a dar esta altas extraordinarias por razóns COVID-19. Este servizo extraordinario instrumentouse para dar resposta as consecuencias que provocou a pandemia, a directriz da autoridade sanitaria foi ben clara, reconfiguración inmediata do contido das atencións domiciliarias con flexibilidade e adaptadas a cada caso concreto, a cada situación de vulnerabilidade, posto en marcha con carácter de urxencia de novos

servizos de atención domiciliaria coa máxima celeridade e sen apenas tramitación administrativa só a prescrición da traballadora social e para cubrir casos tamén extraordinarios, é dicir, non só as persoas que teñen dereito xa ao ordinarios senón extraordinarios, concretamente a instrución do Ministerio de Dereitos Sociais e da axenda 20/30, dicía ter como obxectivo este servizo extraordinario o apoio especial en situación de illamento por positivos, apoio intensivo continuado para a cobertura de necesidades básicas de persoas vulnerables e dependentes, a atención a persoas que están en residencias, centros de día ou de discapacitados, apoio par persoas soas sen rede de apoio familiar e persoas con discapacidade. Pois ben, a semana pasada a Xunta de Galicia anunciaba de forma unilateral e sen comunicación aos concellos a cancelación deste servizos vindeiro día 30 de novembro, instando a través da páxina web da consellería a que os concellos deixásemos de dar altas de forma inmediata tras ese anuncio. Argumenta a Xunta de Galicia que xa non concorren as circunstancias que deron lugar á creación dese servizo extraordinario, isto de verdade é de tolos, e faino nun contexto dun novo estado de alarma cando Galicia se atopa inmensa no centro da pandemia, os peores datos dende o mes de marzo con máis 32.000 casos diagnosticados, 884 mortos e máis de 500 novos contaxios diarios, e insisten, na súa desvergoña, de dicir que xa non concorren as circunstancias extraordinarias que deron lugar a este servizo, que a xente xa non o necesita, e faino agora que a autoridade sanitaria competente é a Xunta de Galicia, como se pode facer semellante afirmación nun contexto en que moitas persoas maiores soas, enfermas van quedar o día 30 na cuneta, na invisibilidade e sen as súas necesidades básicas cubertas, tamén quedarán sen servizo por certo, en pleno repunte de novos casos numerosas familias que están confinadas por ser positivas ás que o Servizos de Axuda no Fogar que xestiona o Concello de Vigo está axudando a facer a compra diaria ou a compra de medicamentos imprescindibles porque ningún membro da unidade familiar pode saír da súa casa, tódolos días o SERGAS nos deriva ao Concello casos de familias positivas que están confinadas para que atendamos as súas necesidades quen os vai atender a partir do día 30 de novembro, pregunto eu. Outra realidade que a Xunta de Galicia quere ignorar é que os contaxios de falecidos que van en repunte, en aumento nas residencias e nos centros de día está provocando que moitas familias non queren levar aos seres queridos

vulnerables a unha residencia polo risco que teñen de contaxiarse, quen vai atender a eses dependentes que non queren ir a contaxiarse a unha residencia, ou a un centro de día, a realidade é que a xunta de Galicia dándolle ás costas como sempre a esta cidade deixa agora patente cal é a súa forma de xestionar a dependencia en termos xerais, como dicía a segunda peor comunidade autónoma en canto a gasto percápita por dependente de toda España, pois para que a Xunta de Galicia non mire para o outro lado o grupo Socialista quere hoxe denunciar aquí poñerlle rostro ás persoas que o día 30, gracias a esta magnífica xestión da Xunta de Galicia van a quedarse sen servizo, para que nos fagamos unha idea o 90% das persoas que estamos atendendo e quedan sen servizo son persoas maiores e o 50% delas viven soas e sen rede familiar de apoio, pois estas persoas quedarán sen servizo, insisto, o día 30 de novembro, e vano facer despois de que a Xunta de Galicia recibíu 18,5 millóns de euros do goberno de España precisamente para atender este tipo de servizos, porque non é certo o que di o Sr. Marnotes, de que non sei que dixeron na intimidade ao Sr. Feijóo de que isto non era para os concellos, home, pois o Real Decreto 8/2020, se vostede sabe ler no seu artigo 1, di claramente que o financiamento será para transferencias ás comunidades autónomas e cidades de Ceuta e Melilla para financiar as prestacións básicas dos servizo sociais das comunidades autónomas, das deputacións provinciais e das corporacións locais e nomeadamente di que ese fondo é precisamente para financiar ou incrementar o Servizo da Axuda no Fogar, a tele, asistencia ou os dispositivos de persoas sen fogar, Sr. Marnotes os dispositivos montounos o concello de Vigo e a Xunta de Galicia non está nin se lle espera.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Quero principiar expresando en nome do bloque Nacionalista Galego o noso total apoio á veciñanza de Teis que se está a concentrar agora mesmo ás portas do Concello para reclamar xustamente o arranxo dos pasos elevados do Trapa e da Xorxa, unha reclamación que o propio o BNG imos levar ata o Congreso dos Deputados para esixir un compromiso real por parte do Ministerio de Transportes e atallar este problema veciñal que dende logo merece unha resposta por parte do goberno do estado.

Entrando nesta cuestión, na moción que trae o grupo Socialista e coa que concordamos, en todo caso o que si quixéramos engadir que o propio persoal do

servizo de Axuda no Fogar nos ten transmitido de maneira rotunda a necesidade de prorrogar estes servizos extraordinarios, dende a percepción do traballo de campo, dende a experiencia do contacto coas persoas usuarios/as deste servizo é indispensable, xa era indispensable no momento en que o grupo Socialista rexistrou esta moción hoxe pois aínda con máis razón nun contexto epidemiolóxico moi preocupante e onde non sabemos se este contexto vai derivar en medidas aínda máis complexas e restritivas no que ten que ver coa mobilidade social.

Hai que protexer sobre todo aos sectores máis vulnerables e servizos como o Servizo de Axuda de Fogar son un instrumento indispensable nesa cuestión. Non entanto, e ao fío disto, dende logo o BNG non podemos evitar ter que facer expresión máis unha vez da nosa preocupación porque este servizo no caso do Concello de Vigo vai a estar xestionado os próximos 5 anos por unha empresa do grupo DomusVi, cun historial dende logo moi pouco edificante no que ten que ver coa atención ás persoas co seu rigor e con respecto ás medidas preventivas, é moi preocupante e dende logo seguimos mantendo as dúbidas respecto de que a proposta organizativa dunha empresa deste grupo merecera a valoración que 15 puntos sobre 15 puntos e que foi ao final o factor que decantou dar a adxudicación en favor deste grupo. Cremos que se perdeu unha oportunidade de colocar o servizo do Axuda no Fogar baixo a xestión pública directa.

SRA. MÉDEZ FUENTES: Efectivamente os berros e as reivindicacións dos veciños de Teis chegan ata aquí, ata a miña casa e espero que cheguen ata os despachos do goberno local.

Nós estamos a favor desta moción por suposto, evidentemente que seguen concorrendo as condicións excepcionais que requiren medidas extraordinarias, lamentablemente as condicións se cadra son aínda peores polo que por suposto é fundamental que a Xunta de Galicia deixe de operar como a máquina de laminación de servizos públicos que é dende hai máis de 10 anos para garantir que se cobren por tanto as necesidades deste servizos de Axuda no Fogar, non obstante, señora concelleira nós defendemos que para garantir que se está a cubrir correctamente, con calidade un servizo esencial como é o servizo de Axuda no Fogar, son necesarias mudanzas concretas na organización deste servizo e estruturais, revertendo cara o público como as que propuxemos neste Pleno no

mes de xullo, mudanzas defendidas no só polas traballadoras deste servizo en Vigo, en Galicia e no conxunto do Estado senón tamén mudanzas que pola súa parte foron denegadas, aínda coa sorpresa nos rostros dalgúns dos seus compañeiros/as debo dicirlle, o Servizo de Axuda no Fogar como servizo esencial recoñecido pola Xunta de Galicia é de titularidade municipal ten un obxectivo clave na nosa sociedade, establecera a autonomía das persoas e evitar situacións de desarraigo, un obxectivo que ademais adquiriu certamente un valor incalculable en plena loita que estamos librando contra a pandemia agora máis que nunca é fundamental que en Vigo se deseñen políticas públicas que blinden os coidados e nesa tarefa a voz das traballadoras do Servizo de Axuda no Fogar debe ser escoitada, elas representan o eslavón máis feble, son dalgunha maneira as temporeiras da dependencia pero esta condición de vulnerabilidade pode mudar no concello de Vigo só depende da vontade política do goberno local, descúlpeme a autocrítica isto foi parte do que lle fixen no mes de xullo e isto é que hoxe teño que repetir no Pleno ante sesta proposta que é necesaria pero é insuficiente. Señora concelleira non son poucos vostedes saber, os estudos científicos que están sinalando que a falla de relacións sociais unida ao medo e ao stres pola situación sanitaria xerará danos neuronais e unha perda de autonomía acelerada nos vindeiros 5 anos, isto volve a alertarnos de que servizos como o SAF e como tamén os centros socio-sanitarios de atención a maiores e dependentes son hoxe o foco, o eixo central dos servizos sociais, non podemos deixar por tanto o SAF na sobrecarga asistencial, na inestabilidade laboral, na falla de protección sanitaria e moito menos en mans de empresas buitres como DomusVi, como aconteceu no Concello de Vigo, non porque llo dese a Xunta de Galicia senón porque llo deu o seu goberno local que procuran só o negocio nos coidados, usuarias, traballadoras, todas nós como sociedade merecemos sociais 100% públicos, construídos con criterios de calidade e de excelencia, da recoñecemento social e de posta en valor, iso non chegará simplemente que con a Xunta de Galicia conceda unhas horas máis de SAF e amplíe os supostos dos SAF, señora concelleira, polo tanto, votaremos a favor pero lembrámoslle que é insuficiente é que o compromiso real requira de medidas estruturais que a Xunta de Galicia por suposto debe facer e o Concello e o goberno local de Vigo tamén.

SRA. LÓPEZ ROMÁN: Antes de comezar a defender a moción gustaríame dar un profundo gracias a tódolos profesionais que día a día están a traballar cos nosos maiores e agora eu Sra. Aguiar tamén lle vou a dar datos, voulle dar datos do Ministerio, do Executivo central, en concreto do Ministerio de Dereitos Sociais e de Axenda 2030, máis de 61.600 dependentes atendidos, cunha ratio do cobertura de 90%, case 7 puntos máis que a media nacional, por elo Galicia destina á atención dos nosos maiores e persoas con dependencia 450 millóns de euros, 4 veces máis dos 126 millóns de euros que se destinaba no ano 2009, pero esta loita a nosa comunidade non pode seguir estando soa, poderíase chegar ao 100% da atención se o goberno central cumprise coa súa parte en canto ao financiamento dos servizos de atención á dependencia. O goberno central debe 200 millóns de euros anuais aos galegos/as neste campo polo tanto, empece a solicitar o que lle corresponde aos nosos maiores e deixe de facer políticas propagandísticas de algo tan serio.

É unha prestación onde é necesaria a colaboración institucional entre administracións, a administración autonómica asume a maior parte do financiamento mentres que a administración local se encarga da súa xestión. Dende o ano 2009 se multiplicou por 16 a extensión do Servizo de Axuda no Fogar que pasou de beneficiar a 1.500 galegas/os a beneficiar a 24.000 galegos/as, nesta lexislatura se incrementou un 144% das horas asignadas ao Concello de Vigo, dende a Xunta de Galicia púxose un SAF extraordinario con novas horas de atención domiciliaria, tanto para persoas dependentes como para aquelas que sen ter recoñecida a súa dependencia necesitaban coidados. As horas extraordinarias se activaron durante o estado de Alarma, cando os centros de día estaban pechados, despois de 3 meses que os centros de día reabriron as súas portas o SAF extraordinario cumpriu a súa función, pero o Concello de Vigo desaproveitou este recurso, vostedes están solicitando que se manteña o SAF extraordinario e que se prorrogue, ata que a Pandemia provocada pola COVID-19 estea controlada, polo tanto, ata cando o consideran vostedes oportuno? Dito isto, se lles asignou ao Concello de Vigo 23.293 horas mensuais e só se prestou 4.479 horas, pero se están pedindo que se prorrogue están recoñecendo polo tanto, que a Xunta de Galicia inviste moito en Vigo e que está a funcionar, pero vostedes non o utilizan, co SAF extraordinario habilitado pola Xunta de Galicia se puideron atender a 790

persoas pero como non as utilizan tódalas horas dispoñibles só lle chegou a 150 persoas e que me di das 1.600 horas que ten sen executar? Non só non executaron as horas do SAF asignadas, é que ademais do superávit municipal de 20 millóns só gastaron 1,4 millóns de euros, polo tanto, dende o Partido Popular nos imos a abster nesta proposta que traen vostedes aquí.

SRA. AGUIAR CASTRO: En primeiro lugar quería dicirlle a concelleira Sra. Méndez que o goberno local non dá contratos, o goberno local convoca concursos públicos transparentes con criterios obxectivos, con informes técnicos de valoración intachables, eu defendo aquí a honorabilidade dos funcionarios da miña área, intachables, quero facer esa aclaración porque creo que isto dar contratos queda así como un pouco raro, despois con respecto á intervención do Partido Popular eu non sei que é mais insultante que veñan vostedes a cada pleno a defender aquí a nefasta xestión do Sr. Feijóo como se foran vostedes conselleiro do seu goberno ou que a súa alarmante ignorancia porque o SAF extraordinario llo dixen antes os datos, o 90% das persoas usuarias do SAF extraordinario están pendentes de valorar pola Xunta de Galicia en dependencia e polo tanto, non acude nin a centros de día nin a residencias, o 90% dos usuarios, non sei que parte non entendeu dos datos que lle din, porque de que serve que vostede argumente que o SAF xa perdeu a súa vixencia porque os centros están abertos e que esas persoas non teñen acceso aos centros, o 90% dos usuarios, tamén lle dixen que a instrución do goberno de España era dotar de SAF extraordinario a aquelas persoas positivas que están confinadas nas súas casas, que tampouco teñen acceso ao SAF ordinario, os discapacitados que non están asistindo aos centros ocupacionais por medo e as persoas maiores aínda sendo dependentes que teñen asignado unha praza nun centro de día ou nunha residencia de maiores que non queren ir por medo non entran dentro do SAF ordinario, entran dentro do SAF extraordinario, iso que quere dicir? Que o próximo día 30 de novembro estas persoas quedarán na cuneta, quedarán de novo no limbo da dependencia do sistema de dependencia desmantelado polo Sr. Feijóo e o seu goberno, e mira, e que non digo eu, Sra. López, “a comunidade galega, a segunda que menos inviste en dependencia por habitante”, “a Xunta de Galicia ten sen valorar a 12.600 persoas, dous dependentes falecen cada día en Galicia mentres esperan a ser atendidos”, este é

o mapa da dependencia que desmantelou o Sr. Feijóo e que deixa aos máis vulnerables na cuneta, insisto.

(No momento da votación preside a 3ª Tenente de Alcalde, Sra. Espinosa Mangana por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.10.2020 (Rex. Nº 2648/1101), pola concelleira do grupo Socialista, Sra. Aguiar Castro, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

11(188).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A CONSIGNAR NOS VINDEIROS ORZAMENTOS DA COMUNIDADE AUTÓNOMA UNHA PARTIDA ESPECÍFICA PARA RESARCIR AO CONCELLO DE VIGO DOS GASTOS EXTRAORDINARIOS DERIVADOS DAS ACTUACIÓNS MUNICIPAIS PARA FACER FRONTE Á COVID 19. EXPTE. 2649/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de outubro de 2020, número 2649/1101, o concelleiro do grupo Socialista, Sr. Aneiros Pereira, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A pandemia causada polo COVID 19 durante todo este ano 2020 xenera unha situación sanitaria que require da actuación dos poderes públicos con competencias na materia e que require medidas que garantan a seguridade e a saúde para os cidadáns.

Especialmente durante estes últimos oito meses, a actuación da Administración municipal resultou decisiva para atender as distintas necesidades das persoas maiores e tamén dos xóvenes, das mulleres e homes desta cidade. En definitiva, da cidadanía.

Os esforzos foron moitos e esixiron a búsqueda dos recursos económicos cos que sufragar os gastos extraordinarios xerados pola pandemia que, en moitas ocasións, requiriron unha decisión alternativa de gasto respecto doutras actividades. A cidade de Vigo, como cidade máis poboada de Galicia, tivo que empregar un importante volume de recursos para garantir a saúde, a salubridade, a seguridade así como os coidados das persoas.

Esta situación extenderase durante os vindeiros meses e, polo tanto, deben preverse medidas financeiras axeitadas. Neste sentido, a Federación Galega de Municipios acordou, tamén, solicitar á Xunta a creación de fondos específicos para elo.

Por todo isto, solicítase á Corporación Municipal adoptar o seguinte

ACORDO

- Instar á Xunta de Galicia a consignar nos vindeiros Orzamentos da Comunidade Autónoma unha partida específica para resarcir aos Concellos, e en concreto ao Concello de Vigo, dos gastos extraordinarios derivados das actuacións municipais para facer fronte ao COVID19.”

DEBATE:

SR. ANEIROS PEREIRA: Esta é unha moción que máis aló das súa vertente orzamentaria nos vindeiros orzamentos da Xunta de Galicia, ten como obxectivo poñer de manifesto tamén as actuacións que estamos facendo, que estamos desenvolvendo as distintas administracións nesta situación de pandemia xerada polo COVID-19, porque nestes xa oito meses de duración desta agravada

pandemia, as administracións públicas estamos poñendo coto a esta pandemia a través de distintas actuacións e hai que dicir que as administracións públicas sinaladamente os concellos e tamén o goberno do Estado porque como dicían un punto anterior o meu compañeiro, o voceiro do grupo o Sr. López, é difícil ver unha actuación da Xunta de Galicia nesta cidade, é difícil ver unha soa actuación da Xunta de Galicia nesta cidade máis aló dunha foto entregando unha máscara cun símbolo dun equipo de fútbol así que somos polo tanto, os concellos, somos neste caso o Concello de Vigo a administración que está poñendo coto a esta pandemia co investimento en máis horas de persoal adicado a atender ás persoas, á seguridade, á sanidade da cidade e polo tanto, dedicando recursos humanos pero tamén recursos económicos propios da cidade a loitar contra os efectos da pandemia.

O dicía tamén outro compañeiro deste Pleno da Corporación, o concello incluso vai máis aló das súas competencias, vai rozando esas competencias impropias, asumindo competencias que non son del, que son doutra administración e sinaladamente da Xunta de Galicia como é a sanidade, como é a asistencia social, a ensinanza, o ocio, como son as feiras e os mercados, e iso o que di estatuto de autonomía de Galicia como competencias propias da comunidade autónoma de Galicia e fronte ao desleixo de función, por parte do goberno galego somos os gobernos locais, particularmente o goberno de Vigo o que ten que facer fronte a ese desleixo de funcións a esa abdicación de competencias que tamén sinalada por parte da miña compañeira posto que o goberno de Galicia non son non fai exercicio desas competencias senón que traslada aos concellos o exercicio de competencias que son del. Na primeira situación do estado de Alarma o Sr. Feijóo, presidente da Xunta de Galicia polo tanto, presidente se supón de tódolos galegos, reclamaba para el, para as comunidades autónomas a xestión da pandemia pero cando ten xa a competencia para a xestión da pandemia o que fai é de novo abdicar nas súas competencias, abdicar nas súas responsabilidades e trasladar aos concellos a execución efectiva desas competencias para logo criticar aínda por enriba o que fan eses concellos.

Nesa situación de pandemia polo tanto tivemos unha situación de incremento de gastos extraordinarios, tódolos concellos singularmente o concello de Vigo como o concello con máis poboación de toda Galicia, máis de 300.000 habitantes, máis

300.000 persoas de feito, que viven e que residen nesta cidade e polo tanto, tivemos que facer fronte cos nosos recursos, cos recursos que pagamos tódolos vigueses/as, cos recursos da cidade polo tanto, a gastos extraordinarios que non nos corresponden, polas competencias que temos asignadas, pero pese a iso e para non deixar a ninguén na cuneta, tirado, para que ninguén se quedase fora e desprotexido este Concello, este goberno fixo fronte a esa pandemia destinando recursos materiais e recursos humanos, gastos adicionais para a limpeza extraordinaria, para a desinfección de rúas, incluso no entorno das praias, na desinfección dos parques infantís, na contratación de traballadores sociais e novas prazas en centros de atención social como albergues, como pavillóns, pensións para dar un teito onde durmir ás persoas que así o necesitaban, incrementando as axudas de emerxencia social para as persoas que precisaban precisamente desas axudas para sobrevivir, para comer cada día, e observamos que a Xunta de Galicia garda silencio e nesta achega de recursos, polo tanto, tamén hai que dicir que non podemos admitir esa moción presentada polo Partido Popular por varios motivos, é inaceptable por hipocrisía política porque é competencia da Xunta de Galicia, gobernada polo Partido Popular é quen ten as competencias pero tamén quen ten os recursos e polo tanto, tamén é quen que facer fronte á satisfacer, a gastar digamos para que as persoas estean cubertas nas súas necesidades pero tamén porque é o partido que aprobou a Lei a LARSAL que limitaba as competencias dos concellos para facer fronte, entre outras cousas, a gastos derivados das situación como é esta. Polo tanto, o que reclamamos é que a Xunta de Galicia nos vindeiros orzamentos, nos orzamentos autonómicos teña unha partida específica para gastos COVID-19 que sufrague aos concellos e particularmente ao Concello de Vigo os gastos xerados por esta pandemia e que seguirán xerandose nesta situación de pandemia.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O Bloque Nacionalista Galego imos apoiar esta moción, miren, no inicio da pandemia podíamos todas, seguro que todos/as o fixemos, comprender que a situación foi explosiva, en termos socio-sanitarios, non houbo moitas marxes e que as administracións que están máis apegadas aos territorios tiñan máis capacidade en principio organizativa, loxística pois para atender algunhas cuestións de urxencia, cuestións perentorias, podemos entender que

daquela no inicio da pandemia pois a capacidade de actuación da Xunta de Galicia pois fose máis limitado do que probablemente debera ser, o certo é que o problema non é que non exerceran daquelas as competencias e deixaron fundamentalmente sos aos Concello deste país para enfrontar, algúns con robustez como é caso do Concello de Vigo pola súa situación económica e organizativa e outros con moitas dificultades, enfrontar as necesidades derivadas da pandemia senón que levan meses sen exercela, e nese sentido non atender non exercer as competencias non é un problema de discusión administrativa nin tan sequera só un problema económico, é que a Xunta de Galicia cando decide non exercer as súas competencias o que está a facer é non atender ás necesidades sociais, e nese sentido o problema engadido ten como coronario que nin fan nin están dispostos a financiar ou achegar os recursos económicos a quen si está a facer, nese sentido é para o BNG moi clarificador que nunha recente entrevista a nova delegada da Xunta de Galicia, nunha entrevista a toda unha páxina no principal xornal desta cidade non dixera nada máis que seis de cada 10 vigueses/as que votamos por un cambio de goberno na Xunta de Galicia non vemos os enormes investimentos e as enormes actuacións da Xunta de Galicia en Vigo debemos ser seis de cada dez cegos nesta cidade e non anunciou nin unha soa medida para reforz a actuación da Xunta de Galicia neste contexto de pandemia, só nos adiantou que de momento non vai a entrar na disputa interna por ver quen lidera o Partido Popular que xa é bastante.

SR. PÉREZ CORREA: Hai dúas certezas que deixou esta crise sanitaria, creo que algunhas xa falamos de que vai a ter unha resposta inmediata en dar máis competencias e máis recursos aos concellos, quen respondeu de maneira rápida, inmediata e como dicía o concelleiro do BNG, dunha maneira por estar máis apegada ao territorio, a realidade dos veciños foron os concellos, e os concellos, eu sistematicamente discrepo do concepto de gasto impropio, gasto impropio son moitos dos que asumimos este concello e se queremos ir ao concepto de gasto impropio ata as luces de Nadal pode ser un gasto impropio porque entra dentro do fomento do comercio e son competencias como todo o mundo sabe de comercio, asumidas pola Xunta de Galicia, ou as becas de inglés que son competencia autonómica ou estatal e nunca competencia municipal, pero asumímola por un

criterio político que vostedes e eu seguramente non compartimos pero se asumen unhas e outras se consideran non necesarias, eu creo que os servizos sociais dar cobertura incluso a vivenda de emerxencia ou incluso á promoción vivenda a través de empresas públicas de vivenda teñen que acabar sendo competencias municipais porque primeiro, é o que está a pasar en toda Europa, non hai ningunha capital europea, non hai ningún escenario dunha cidade cosmopolita e avanzada que non teña competencias en materia de servizos sociais, competencias en materia de vivenda, Bruselas, a Área Metropolitana da Bruselas, tódolos concellos ou a área metropolitana de París, tódolos concellos teñen políticas de coberturas sociais e os programas de cobertura social inclúen vivenda. Que deixou tamén como segunda realidade desta pandemia? Pois que a administración autonómica está moi cómoda con esta pandemia, porque a administración autonómica decide por exemplo, estar corenta e oito horas en silencio despois de que o domingo se publica un Real Decreto que non era menor, o que viña no Real Decreto, 48 horas en silencio, a única administración que decidiu non abrir a boca e iso significa que a comodidade da Xunta de Galicia axudada por algún medio de comunicación que tamén vai modulando ese discurso que hoxe por exemplo di, que o Sr. Sánchez abandona as autonomías, o mesmo medio de comunicación que hai uns meses dicía que o Sr. Sánchez se metía no concepto de autonomía e case parecía que o partido Popular era un partido independentista ou cando menos autonomista e esas cuestións que estaban enriba da mesa quedaron en evidencia con toda a actual situación, que os concellos seguen asumindo gasto en materia de política de cobertura social ampla, que o goberno do estado, e iso é indiscutible, transferiu ás comunidades autónomas unha serie de recursos durante o mes de febreiro, marzo, abril, maio, ata agora podemos ir ao BOE, podemos a ir a decisións tomadas incluso no marco de reunións que periodicamente teñen tantos os conselleiros de diferentes de comunidades autónomas como os propios presidentes e o goberno do Estado transferiu unha serie de recursos, algún deles estamos esperando saber dende o mes de marzo en que se empregaron, hai cartos para comedores escolares que non sabemos en que se empregou, hai cartos para a contratación de docentes e persoal médico transferido directamente, cando digo transferido é de conta de bancaria a conta bancaria, non titulado nun medio de comunicación ou titulado na comparecencia dun ministro calquera senón

recursos transferidos que non se sabemos en que remataron, e agora hai unha oportunidade de ouro, a min esta moción que nos imos apoiar, non tería ningún problema a pesares de militar nun partido que está no goberno de coalición que se instara tanto a Xunta de Galicia como ao goberno do Estado, o tema é que o goberno do Estado xa o puxo enriba da mesa, o goberno do Estado acaba de poñer un anteproxecto de orzamentos que obviamente vai a ser debatido co conxunto dos grupos parlamentarios que vai a ser mellorado e este grupo municipal da Marea de Vigo, xa estamos preparando unha serie de emendas ao proxecto do orzamento entendo que na tramitación finalmente as emendas parciais, pero cuestións que queremos que estean no proxecto orzamentario e está por ver aínda a Xunta de Galicia que quere facer co seu orzamento, di que vai a estar en decembro, que antes de decembro hai orzamento dixo o conselleiro, como se fora un orzamento normal que puidéramos aprobar en decembro ou como se non estivera enriba da mesa unha cuestión que pode ser histórica para o conxunto dos concellos, e é que dos 72.000 millóns de euros de fondo europeos que poden agora mesmo sufragar e financiar moita actividade relacionada cos concellos, a Xunta de Galicia di con toda a “jeta” do mundo que xa ten 108 proxectos por valor de 1.400 millóns de euros e que descoñecemos, os concellos deberíamos ser parte importante deses 108 proxectos ou os 108 proxectos se van a celebrar todos na catedral de Santiago nunha especie de liturxia mística e non imos a saber os concellos que proxecto nos tocan a cada concello, non se sabe cales van ser os fondos de continxencia e esa cuestión mentres a Xunta de Galicia non a resolva é a única administración que non moveu un dedo para paliar as consecuencias desta crise.

SR. GONZÁLEZ CASTRILLO: Discorreron, moción carente de contido que busca unicamente esas noticias ás que nos ten acostumados o alcalde e que tanto lle gustan, de desviar a atención do verdadeiramente importante cara a ese enfrontamento coa Xunta de Galicia, enfrontamento que só existe na súa cabeza, cal é e en que cantidade foron eses gastos extraordinarios dos que fai gala porque a realidade é que transcendencia cara os cidadán non tivo ningunha. Que os 20 millóns de superávit só gastou 1,400.000 euros, repito, dos 20 millóns de superávit só gastou 1.400.000 euros, Sr. Caballero, alcalde de Vigo, vostede entregou os

aforros dos vigueses a o Sr. Sánchez e o Partido Popular parouno e agora se recibe cartos a cambio de nada, e é gracias ao Partido Popular porque o que dixo que non é posible agora é posible e se vai facer sen perder os nosos aforros, lle lembro o seu acordo? Debeu ser o primeiro acordo do mundo no que o que regala os seus aforros en realidade recibe ducias e ducias e ducias de millóns de euros, eu recomendaría a tódolos vigueses que me están escoitando que cederan os seus aforros das súas contas ao Sr. Sánchez porque así recibiría ducias e ducias de millóns de euros. Protesten polo IVE do 2017 nos debe o Sr. Sánchez a tódolos galegos, a Xunta de Galicia dispón no seu orzamento dun fondo de cooperación local que supón unha inxección económica para os concellos a maiores dos recursos que reciben do Estado, gracias a este fondo Vigo recibe en concreto 6 millóns de euros por ano, repito, 6 millóns por ano, nos últimos 10 anos 60 millóns de euros, agora en canto aos recursos extraordinarios que recibiran os concellos para facer fronte a pandemia do COVID-19, cando se puxo en marcha o fondo COVID-19 houbo varias reunións entre o goberno e o estado e o conxunto das comunidades autónomas e as mesmas a comunidade autónoma de Galicia lle pregunta expresamente á Ministra de Facenda, se os recursos dese fondo de 16.000 millóns de euros tiñan tamén como destinatarios as entidades locais e a Ministra foi tallante, dixo que non, repito, que non, que os recursos destinados ás entidades locais se concretarían no diálogo coa Federación Española de Municipais e de Provincias, así que o Alcalde mente, mente e segue mentindo, por certo, nese fondo de 16.000 millóns no reparto saen favorecidos os seus socios, os populistas e os separatistas cos que tan ben se levan, falen dos cartos que nos debe o Sr. Sánchez aos galegos por haber cumprido a comunidade autónoma de Galicia o obxectivo de estabilidade orzamentaria e ser un exemplo de xestión, ou do anuncio do Sr. Sánchez de repartir aos concellos 5.000 millóns de euros e que agora baixou a 3.000 millóns de euros e o Alcalde de Vigo calado, axeonllado, sometido unha vez máis e iso é defender Vigo? Sr. Aneiros de 5.000 a 3.000 millóns de euros, algo que dicir? E os fondos da Xunta de Galicia por que Sr. Font? Non minta á cidadanía, de quen son as competencias para a limpeza e desinfección dos parques infantís igual que a dos colexios, son exclusivos dos concellos, Sr. Font, e que fala vostede de privatizacións cando están desmantelando e privatizando tódolos servizos do Concello, por primeira vez

vostedes uniron a tódolos sindicatos contra as súas políticas, a tódolos sindicatos, vergoña tiña que darlle e por enriba sindicalista, fíxese na limpeza dos parque que é un dos poucos gastos extra que ten o Alcalde e se deixou de facer, non sabía cando se remataba o contrato? Pensaba que antes de acabarse o contrato xa había atopado a vacina, que falla de planificación, preocúpese polos Vitrasas que supera tódolos días o aforo en hora punta, non ve que é imprescindible, aumente as frecuencias de forma inmediata que é a súa competencia e é a súa responsabilidade, as mensaxes que envía o Alcalde da maior cidade de Galicia aos cidadáns son incoherentes, contraditorios e irresponsables, que invitan aos cidadáns a reunirse, divertirse, agora de repente lle entrou a febre cao noria e o mercado do Nadal, á prensa local lle di que queda deserta e na televisión nacional que a anulou, vostede non anulou nada, a licitacións quedou deserta son máis responsables os empresarios que vostedes, estamos en fase vermella, que dispositivo de Policía Local ten preparado? O teñen consensuado cos sindicatos e os Policías cando se dobre nos seus descansos, ou non teñen nada previsto como sempre? O Alcalde que está a facer para cumprir o toque de queda ou pensa facer vixilancia coa mesma cantidade de Policías? Alcalde é a iso ao que se ten que adicar e non a dicir que non ten información sobre os contaxios en Vigo, que pasa? É unha escusa para non actuar, se vostede mesmo se contradí, non sabe cando contaxios hai en Vigo.

SR. ANEIROS PEREIRA: Eu encantando de debater co Sr. Castrillo pero creo que hai que pasar de vivir en Plutón a vivir en Vigo porque mire, dous simples apuntes quen se apropiou do IVE do 2017 foi o Sr. Montoro ministro do Sr. Rajoy, e tamé un dos partidos que non votou a favor do Decreto Lei para que os concellos puidésemos reinvestir os remanentes foi o Partido Popular, polo tanto, neste caso hai que de ter un pouco de rigor sobre todo cando se fala de asuntos tan serios como son a saúde, a seguridade, como é a actividade económica, como son a educación, como é a asistencia social, polo tanto, imos a centrar o asunto onde hai que centralo porque se algunha administración, ademais do Concello de Vigo, do goberno local de Vigo, fixo algo neste Pandemia foi o goberno central e o fixo como o ten que facer, con acordos e publicando as normas no BOE, no Boletín Oficial do Estado que nos obriga a todos, con decretos Leis por exemplo, como o 8/2020 que

está publicado no BOE como procede, que da recursos ás comunidades autónomas e algunhas comunidades autónomas gobernadas por exemplo polo Partido Popular como é comunidade autónoma de Andalucía, reverteu nos concellos de Andalucía eses recursos que achegaba o goberno central ás comunidades autónomas, no caso de Galicia non é así, no caso de Galicia non sabemos onde están eses fondos, porque a conta é moi sinxela, vou a outro acordo, 16.000 millóns de euros non reembolsables para as comunidades autónomas, 11.000 deses 16.000 millóns son unha inxección comprenderán que importante dos cales 9.000 se invisten en sanidade e 2.000 en educación, onde están as limpeza nos colexios, onde están os comedores escolares para facer esa conciliación tan necesaria e para que os rapaces/as coman no colexio e estean ademais seguros, onde están os investimentos por certo, en ordenadores portátiles por se hai que volver a situación de teledocencia, quen subministrou ordenadores portátiles aos escolares desta cidade, este goberno municipal, este Concello de Vigo ante a ausencia da Xunta de Galicia, polo tanto, é de xustiza que unha parte deses recursos, deses inxentes recursos que recibe á Xunta de Galicia se adiquen á cidadanía, que cheguen aquí, e que a Xunta de Galicia destine cartos, destine recursos a Vigo por iso é de urxencia, é de xustiza máis que urxencia é de xustiza que nos próximos orzamentos de Galicia que son urxentes, se contemple unha partida para que os concellos asumamos máis recursos para loitar contra o COVID-19 e máis recursos tamén para facer fronte ás necesidades da xente porque somos a administración máis preta e somos os que estamos adicando a recursos sen que Xunta de Galicia estea presente, polo tanto, solicitamos esa partida extraordinaria nos orzamentos da Xunta de Galicia.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo

Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.10.2020 (Rex. Nº 2649/1101), polo concelleiro do grupo Socialista, Sr. Aneiros Pereira, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

12(189).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A FACILITAR AO CONCELLO OS DATOS NUMÉRICOS DA EVOLUCIÓN DA COVID 19, ESPECIFICAMENTE OS REFERIDOS Á NOSA CIDADE. REXISTRO PLENO 2650/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de outubro de 2020, número 2650/1101, o voceiro do grupo Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Desde o inicio da pandemia e decretarse o estado de alarma, o Concello de Vigo manifestou a importancia da cooperación entre todas as Administracións.

Desde o primeiro minuto ofrecemos toda a colaboración á administración autonómica.

Neste momento e ante a gravidade da segunda onda, o Concello de Vigo ten que asumir accións na loita contra os contaxios, o que fai imprescindible que teñamos o máximo de información sobre o que está a ocorrer no noso termo municipal.

A información que facilita o Goberno de Galicia refírese ao área sanitaria que engloba a varios municipios e que non nos permite coñecer a realidade circunscrita

á cidade de Vigo. Son imprescindibles os datos numéricos de Vigo, non por cores, para coñecer puntualmente a evolución da pandemia e adoptar decisións.

Sendo necesaria coñecer esta información específica para a adopción de medidas concretas, é polo que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar ao Goberno da Xunta de Galicia a facilitar ao Concello de Vigo os datos numéricos de evolución da Covid-19 especificamente referidos á nosa cidade.”

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: Presentamos esta moción, unha moción certamente básica pero máis necesaria que nunca, debo de confesar que pensábamos presentar ao Pleno do mes pasado e a verdade é que no convencemento de que isto se ía resolver non a presentamos, un mes despois nos vemos obrigados e nos vemos obrigados a solicitar que se facilite aos concellos os datos numéricos, nin mapas con cores nin horquillas que non significan absolutamente nada e que non dan ningunha información os datos de cada territorio como se di na moción e a verdade é que resulta incomprendible que isto non se cumprise, non hai ningún motivo para non facilitar os datos, moi ao contrario, sobran os motivos para que se faciliten porque o fan imprescindible para a adopción de medidas, e é un insulto que esta información non se facilite, que como dicía anteriormente o sexa os mapas de cores e cunhas horquillas que van por exemplo, no caso de Vigo de 138-332 o cal ninguén entende nada porque non sabes si estás en 139 ou 331 se me permiten unha broma é igual que si mañá houbera unha enquisa electoral e se dixera dun partido político que ten unha estimación de concelleiros no Concello de Vigo entre 0 e 27, isto é absolutamente ridículo pero é que estamos a falar de saúde, estamos a falar de adopción de medidas, estamos a falar de colaboración institucional e quero determe na colaboración institucional, o Alcalde de Vigo dende o minuto 1 desta situación ofreceu toda a colaboración institucional, literalmente dixo que non ía facer ningunha crítica ás medidas sanitarias que se adoptasen por parte da Xunta de Galicia, o soe cumprir todo o que di, isto tamén o cumpriu por suposto e como norma, se puxo a disposición do presidente da Xunta de Galicia por carta solicitando estes datos e explicando detalladamente que eran necesarias para esa

adopción de medidas, non houbo contestación e eu a pregunta que lanzo aquí é se non cren todos vostedes que en 7 meses de crise sanitaria ao menos o presidente da Xunta de Galicia houbese chamado ao menos unha vez ao Alcalde da cidade máis importante de Galicia, creo que todos nos responderemos que si que tiña que ter ese xesto e a única chamada que foi hoxe comunicada a este Pleno polo Alcalde foi a do conselleiro onte, bo precedente na medida na que parece ser que ao menos se quere establecer un canal de comunicación, pero a realidade hasta hoxe é que o Sr. Feijóo ten secuestrada a información que se da é por áreas sanitarias, absolutamente ridícula no caso da área sanitaria de Vigo engloba 26 concellos que son 566.000 habitantes, como saber cal é a situación de Vigo? Polo tanto, se necesitan datos numéricos por cada un dos concellos, se necesitan datos por grupos de idades e esa información que todos temos tamén información sobre que reciben os xerentes das áreas sanitarias está ben, esas táboas que se envían aos xerentes das áreas sanitarias son as que terían que ter os concellos, os seus alcaldes ou alcaldesas para tomar decisións polo tanto, é incomprendible que non se faciliten porque como dicía é necesario para a adopción de medidas e é evidente que o Sr. Feijóo non quere dar estes datos aos alcaldes nun secuestro da información, nunha ocultación, algo que non fan as comunidades autónomas, comunidades autónomas podería citar un a un os presidentes de cada unha das comunidades autónomas do Partido Popular e isto se facilita e aínda teñamos que escoitar onte nun vídeo ao Sr. Marnotes cun ceo precioso de fondo e co emblema do Partido Popular dicindo que se facilitan tódolos días, Sr. Marnotes me quere dicir nestes datos da páxina web do SERGAS onde están os datos do Concello de Vigo, mo quere dicir? Porque vostede afirmaba onte que o único que non se decataba era o Alcalde, me quere dicir onde están os datos do Concello de Vigo? Non se pode ter esta falla de rigor e menos cando estamos falando de saúde.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O que é claro é que non sabemos os motivos máis si constatamos unha tendencia contumaz á opacidade na xestión dos datos de evolución epidemiolóxica a nivel galego sobre todo á hora de baixar os datos ao territorio que é onde hai que tomar algunhas decisións por que non se desagregan os datos por municipios e só se trasladan publicamente os datos agrupados por área sanitaria, cal é o criterio, sanitario, científico, cal é o criterio epidemiolóxico,

non o hai, apenas un criterio no mellor dos casos administrativo no peor un criterio estritamente político, porque desagregar os datos por municipios dende logo permitiría, facilitaría moito a localización dos focos porque facilitaría tamén e sobre todo a toma de decisións no ámbito municipal en asuntos que son vitais no que ten que ver coa xestión da pandemia, como son as restricións de mobilidade como é a ordenación do acceso aos espazos públicos, como é manter ou suspender determinadas actividades e esas decisións se deben adoptar con coñecemento, con datos, con información, canta máis información en mellores condicións estaremos para adoptar tódalas decisións e esa información non se trata só de desagregar en termos globais o impacto da pandemia de carácter diario senón que hai algún indicadores que compre tamén contrastar, non se trata só de ver cantos son os incrementos ou as reducións no número de casos positivos senón tamén de constatar a evolución no número de PCR que se están a practicar na nosa cidade, porque se cadra hai quen vai a ter a tentación de reducir a curva só a nivel estadístico e non a nivel efectivo, entón eses datos é fundamental que se trasladen e que dende logo se desagregan a nivel municipal sobre todo para permitir que as administracións locais e este Concello poida exercer as súas competencias para blindar a cidade en mellores condicións fronte á COVID-19.

SR. PÉREZ CORREA: Nós subscribimos completamente a moción e creo que habería remarcar, ben en letras grandes ou derivar unha parte dos fondos das luces de Nadal a poñer aquí o foco sobre o que o Concello manifestou a importancia da cooperación entre tódalas administracións porque iso moitas ponse nunha moción e non se aplica na maioría dos casos, non só por esta cuestión senón por moitas cuestións que teñen que ver como é un funcionamento mínimo entre dúas administracións como son a autonómica e a local, cal é o motivo por que a Xunta de Galicia non quere dar os datos por concellos? Pois dentro da mente perversa do Presidente non podemos estar pero si hai unha certeza, só hai dúas comunidades que decidiron non dar eses datos, Galicia e Extremadura, e Extremadura parece ser que xa os está dando porque os propios concellos lles están a propoñer que as políticas de prevención que poden artellar van máis alá da área sanitaria, por certo, a áreas sanitarias agrandadas de maneira administrativa pois por non tomar determinadas decisións porque ao mellor non tería sentido que a área sanitaria de

Vigo incluía o Morrazo se non seu día se propuxera que o Morrazo tiña que ter un hospital público e non depende de POVISA, pois como as áreas sanitarias nin sequera responden a un criterio sanitario senón administrativo e moitas veces de non investir en recursos sanitarios, pois se decide que é mellor non dar os datos, como dixo o Presidente da Xunta de Galicia porque é perigo e se pode poñer o foco sobre as persoas contaxiadas, que é un delirio absoluto, é como dicir que sen saber que en Baños de Molgas hai tres persoas que vai haber unha especie de veciños armados con forcas que van a ir en modo inquisición a buscar ao veciño para intentar votalo do concello, o que ven a dicir o Presidente da Xunta de Galicia é que saber os datos polos concellos que criminaliza e estigmatiza, pero que curioso que cando algúns queríamos buscar os datos máis alá da área sanitaria e por concello se pagabas 1,90 euros, creo que era, á La Voz de Galicia si que os tiñas, porque La Voz de Galicia si que tiña os datos por concellos, pero nin sequera podíamos ir os concelleiros, representantes lexítimos da vontade popular expresada electoralmente, podíamos ir a esa información salvo que puxemos cartos, por que un medio de comunicación tiña datos de pago, por certo, e non os tiñan os concellos? Cal é motivo? En base a que? A engordar un negocio de subscritores dentro dun periódico on line, iso é unha cuestión que tamén terán que resolver e que ademais de dicir iso o 17 de setembro, que se estimatizala, si se sabía cantos había por concello porque hai concellos moi pequenos que todo o mundo se coñece, unha declaración absolutamente delirante é que hai cuestións que hai por organizar máis alá da área sanitaria, camas, como están os centros, número de UCIs, o persoal, mobilidade, como dicían antes que actos e que eventos se poden facer ou non, cal é a programación e por suposto co número de PCRs que se fan por cada municipio, ás áreas sanitarias cumpren unha función sanitaria, pois posiblemente si, pero o que estamos vendo é que coas modificacións que se fixeron as áreas sanitarias é máis un criterio economizista e un criterio de organización estritamente pensado na xestión mínima económica dos recursos que unha cuestión sanitaria e polo tanto, simplemente por sentido común, o SERGAS tiña que estar dando eses datos dende o minuto un como estaban dando o conxunto das comunidades autónomas, era normal con toda normalidade pois que un cidadá de calquera comunidade autónoma pois sabe no seu concello como é a evolución dos contaxios ou incluso datos que van máis alá do numérico, do

número de contaxios ou número de persoas en corentena senón datos reais de ocupación de UCIs, datos reais de políticas que se teñen que tomar en cada concello e esa información que é valiosa, entre outras cousas é valiosa para poder levar adiante cuestións que a oposición reclamamos nas nosas mocións, porque un concello a cegas é imposible que tome moitas das medidas que nós e digo nós, como oposición, reclamamos moitas veces nas mocións.

Nós estamos completamente de acordo que esa información sexa pública, creo que ademais, na anterior lexislatura este grupo municipal trouxera aquí unha proposta de cara ao Consello Social de Saúde porque nas áreas sanitaria por certo é obrigatorio ter un Consello de Saúde no que participan pacientes, organización sindicais, usuarios sanitarios, que por certo non se reúne, pois falabamos nós a posibilidade de ter un Consello e agora con máis motivo para que precisamente podamos artellar entre todos as políticas sanitarias e de prevención necesarias, non hai ningunha excusa para non dar esa información e terá que resolver a Xunta de Galicia cal é motivo escuro para non dar.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Acabo de comprobar que temos concelleiros absolutamente expertos en xestión sanitaria, con Masters en pandemias, o que dicía é que a verdade parece aquí que temos concelleiros insisto, en que son esperto epidemiolóxicos, en xestión de pandemia e a verdade é que esta moción resulta absolutamente ridícula e sobre todo a intervención do Sr. Font, absolutamente ridícula, en primeiro lugar, porque hoxe o Alcalde dixo que falou co conselleiro de Sanidade e quen ten os datos de Vigo, efectivamente o sistema de saúde galego está organizado por áreas sanitarias e efectivamente é para organizar a xestión dunha maneira dinámica, áxil e transparente, insisto, transparente e ademais falen por vostedes, falen polo Alcalde de Vigo porque o Sr. Font estaba a falar por tódolos alcaldes e resulta que o Presidente da Xunta de Galicia xa ten recibido a alcaldes de grandes cidades que decidiron reunirse con el, este Alcalde non quere recibir ou non quere ir a falar co señor Presidente da Xunta de Galicia dos temas que interesan á cidade, polo tanto, non empece aquí a cambiar o relato e a dicir tódalas cousas que non son.

O criterio epidemiolóxico, a diferenza por áreas sanitarias, a xestión da Pandemia impecable por parte da Xunta de Galicia non pode poñer a vostedes aquí en

cuestión porque non teñamos os nomes e apelidos dos contaxiados de Vigo efectivamente, Sr. Pérez Correa, que queren do Concello de Vigo exactamente as cifras, o Alcalde hoxe ten as cifras dos contaxiados de Vigo porque falou co conselleiro de Sanidade e ademais dixo el esta mañá, eu teño que falar en nome do grupo municipal do Partido Popular en nome do Partido Popular en xeral dunha deslealdade total e absoluta por parte deste Alcalde na xestión da Pandemia e a verdade nós cremos que neste caso ademais só está entrando en provocacións, esixindo ademais datos que non van mellorar para nada o que é a xestión sanitaria desta Pandemia, efectivamente, están permanentemente criticando á sanidade, creo que deberían retractarse, mire, os grupos que sostían que a montaxe dos hospitais de campaña era unha constatación do desmantelamento da sanidade pública galega, deberían recoñecer hoxe, se son coherentes, de que o feito finalmente non foran necesarios e unha constatación da fortaleza da sanidade pública, eu creo ademais que coa dificultade que supón para tódalas comunidades autónomas, Galicia foi das pioneiras, eu pode facer unha cronoloxía aquí do que se fixo dende o minuto un con respecto ás medidas relacionadas coa pandemia, con total lealdade ao goberno de España, e teño que dicir que presentamos unha emenda porque aquí hoxe temos que esixirlle moito a este Concello, tiñamos dúas mocións urxentes para debater este tema, para falar de medidas COVID-19, para falar das necesidades e das responsabilidades do Concello ante o COVID-19, e o que decide en primeiro lugar é Marea, unha actitude que a min non me parece para nada coherente, é retirala porque o Alcalde decide facer un Pleno extraordinario, un Pleno extraordinario para eludir o debate porque os plenos extraordinarios do Sr. Caballero son para escoitarse a si mesmo, para facer das roldas de prensa un Pleno, para dicir el o que quere dicir cunha comparecencia única e exclusivamente para escoitarse a el, hoxe podíamos debater dúas mocións sobre o COVID-19, Marea a retira, nós non a imos retirar, sabemos que vostedes coas mocións urxentes o que fan sempre é eludir o debate, non facelas e convocar un Pleno extraordinario para que o propio Alcalde se escoite así mesmo, están permanentemente entrando en provocacións, nos presentamos unha emenda para reforzas a inspección das festas privadas, para controlar os botellóns e esixir á concesionaria do servizo urbano o reforzo de liñas para evitar as aglomeracións nos autobuses e a desinfección de parques infantís, parques biosaudables,

instalacións deportivas, comeceamos a facer o que temos que facer neste Concello porque a Xunta de Galicia e os SERGAS si que teñen todo o deseño das áreas sanitarias perfectamente estruturado cun Consello asesor, insisto, público e transparente e ademais todos vostedes poden acceder a páxina web e saber cantos contaxiados están na área sanitaria porque para as medidas concretas do Concello se hai unha liña directa entre a Xunta de Galicia e o propio Alcalde de Vigo para saber o que teño que facer, o que ten que falar do Alcalde de Vigo neste caso é dunha auténtica deslealdade porque o único que fai é criticar sen achegar absolutamente nada e sen cumprir as súas obrigas e xa que fixo referencia vostedes Sr. Font a miña condición de deputada, tome nota porque no Parlamento hai unha comisión de reactivación con tódolos grupos, unha maioría absoluta do Partido Popular decidimos facer unha comisión de reactivación na que tódolos grupos teñan cabida, tódalas forzas representadas no Parlamento teña cabida para saír desta pandemia, cousa que vostedes non fan aquí en absoluto, non escoitan á oposición, máis silenciana e queren hoxe anular dúas mocións urxentes para facer insisto, un pleno extraordinario para falar vostedes sós.

Outra cousa xa que fixo alusión na miña condición de deputada, Sra. Aguiar, as leis se votan no Parlamento, a Lei de acompañamento se vota no Parlamento e a Lei da Área Metropolitana se votou por unanimidad tamén no Parlamento co Sr. Alcalde aplaudindo alí na tarima a Lei da Area de Metropolitana.

SR. LÓPEZ FONT: Sra. Egerique a referencia que eu lle facía a súa condición de parlamentaria era sobre o descoñecemento do Estatuto de Autonomía porque demostrouno claramente na súa intervención anteriormente. Mire, nunca pensei que un concelleiro/a do Partido Popular puidera chegar tan lonxe nunha intervención neste Pleno en defensa do Sr. Feijóo e en contra desta cidade. Eu creo que cando vostede volva a oír o que dixo aquí vaise arrepentir unha e mil veces, porque dicir que o solicitado é absolutamente ridículo, e dicir que non ía a mellorar a situación da Pandemia, é absolutamente increíble pero como non vai a mellorar Sra. Egerique o coñecer os datos, pero como pode defender que 26 concellos con 566.000 habitantes non se teñan que dar os datos desglosados, mire, non trate de facer xogos de palabras nin trate de enganarnos, literalmente, o conselleiro chamou onte porque había este Pleno, o conselleiro anterior de Sanidade non

chamou nin unha soa vez ao Alcalde, nunha situación como esta un conselleiro debería de chamar, se non diariamente unha vez á semana ao Alcalde da cidade máis importante e a proba da falla de lealdade institucional do goberno da Xunta de Galicia e esta carta do Alcalde de Vigo de 13 de outubro, unha carta institucional, de colaboración, unha carta de petición de datos á que non foi contestada, que me di a isto Sra. Egerique, lle parece a vostede absolutamente normal? Comisión de reactivación no Parlamento? Pois comece o goberno galego por facer o que debe de facer, porque mire, sen dramatismo e llo vou a dicir moi claro, vostede non cree que ao mellor a incidencia desta Pandemia nesta cidade houbera podido ser diferente, a mellor, se se houberan tido os datos, non cree que se poderían ter tomado decisións sobre grupo de idades, sobre zonas nas que ten unha maior incidencia, non cree minimamente que poderían ter adoptado mellores decisións, pois se poderían haber adoptado Sra. Egerique, mire aquí non hai expertos epidemiolóxicos concelleiros, todos temos información e todos temos coñecemento, e aquí tivemos un gran concelleiro coñecedor de sanidade e ese, entre outros expertos que nos axudan, son os que nos din que nos teñen que dar os datos aos concellos os mesmos que teñen os xerentes sanitarios, onde figura a porcentaxe de positividade por cada 100 PCRs, onde figura a incidencia acumulada en 3, 7, 14 e 28 días e isto é o que permite tomar decisións, xa vexo que vostedes están en contra, salven ao Sr. Feijóo, fundan ao pobo de Vigo que iso é o que viñeron a facer dende o primeiro momento.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: sobre a emenda non se pronunciou.

SR. LÓPEZ FONT: Non se acepta.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias

González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.10.2020 (Rex. Nº 2650/1101), polo voceiro do grupo Socialista, Sr. López Font, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

13(190).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A INTRODUCIR NOS ORZAMENTOS DO 2021 UNHA PARTIDA DE 12 MILLÓNS DE EUROS PARA ABORDAR A REFORMA INTEGRAL DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS DA CIDADE DE VIGO, ASUMINDO AS SÚAS COMPETENCIAS. EXPTE. 2651/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de outubro de 2020, número 2651/1101, o concelleiro do grupo Socialista, Sr. Gómez Díaz, formula a seguinte,

MOCIÓN

“A educación foi, é e será un pilar fundamental no desenvolvemento das persoas, é por iso que as condicións nas que se dea son fundamentais.

A maior parte dos centros públicos de Infantil e Primaria da nosa cidade foron construídos entre 1970 e 1980. Falamos dunhas instalacións educativas de máis de 40 anos.

A antigüidade dos centros dificulta a súa adaptación os novos usos e necesidades da comunidade educativa e se requiren inversións significativas para a súa

adecuación. Nas circunstancias actuais derivadas da crise da Covid 19 puxéronse de manifesto, aínda máis, as enormes carencias dos centros educativos da nosa cidade a causa do abandono permanente da Xunta de Galicia.

Cando acaba a vida útil dos materiais, xa non é posible o seu mantemento polo que falamos de obra nova e polo tanto, competencia da Consellería de Educación da Xunta de Galicia.

Debemos recordar que os concellos deben asumir a xestión e execución das competencias e funcións que a lexislación vixente recoñece ás corporacións locais como responsabilidade de obrigado cumprimento: *“a conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria e de educación especial é competencia propia do Concello”*.

Estas competencias falan soamente de conservación e mantemento, non de inversión.

A Consellería de Educación da Xunta debería reformar, adecuar, modernizar e mellorar as instalacións dos centros públicos de infantil e primaria da nosa cidade para garantir unhas instalacións dignas e axeitadas para a mellora da calidade educativa.

Levamos anos denunciando esa falta de inversión e o abandono dos centros educativos da nosa cidade por parte da Xunta de Galicia. Ante a falta de inversión por parte da administración autonómica, é o Alcalde de Vigo, Abel Caballero, o que ven atendendo todas as demandas dos colexios da nosa cidade.

A Xunta de Galicia segue a darlle ás costas a comunidade educativa da cidade de Vigo, segue sen asumir ás súas competencias e segue a abandonar a educación pública da primeira cidade de Galicia.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte:

ACORDO

- Instar a Xunta de Galicia a introducir nos orzamentos do ano 2021 unha partida de 12 millóns de euros para abordar a reforma integral de centros educativos públicos da Cidade de Vigo, asumindo así ás súas competencias.”

DEBATE:

SR. GÓMEZ DÍAZ: Un ano despois volvemos a este Pleno cunha moción instando á Xunta de Galicia a introducir 12 millóns de euros para a reforma integral dos centros educativos desta cidade, un ano despois no que a Xunta de Galicia

abandonou de forma sistemática á comunidade educativa desta cidade, na que os investimentos en materia educativa son ausentes e seguen as reclamacións dos mestres, das ANPAs, en canto todo o que ten que ver coa educación neste cidade. Falamos de obras, obras que están como digo ausentes nesta cidade e que os centros reclaman cada ano son máis as necesidades, cada ano os centros que datan a súa maioría de construción dos anos 80 están en situación precaria e a única administración que está a facer algo por estas instalacións educativas é o Concello de Vigo moito máis alá das súas competencias, falamos de melloras que terían que facer e que asumir a Xunta de Galicia por ser da súa competencia, como son a mellora da eficiencia enerxética, renovación das instalacións eléctricas, a renovación dos aseos, renovación de pistas polideportivas, renovación de patios, os chans das aulas, cubrición de patios escolares que levamos asumindo moitos anos neste Concello e como digo máis alá das nosas competencias, por que traemos esta moción un ano despois? Pois anteriormente o Sr. Pérez Iglesias falaba da entrevista da delegada da Xunta de Galicia no Faro de Vigo, unha entrevista que podía ser perfectamente a portada da Semana ou do Hola porque evidentemente fala de todo menos de investimentos nesta cidade e estamos falando dunha entrevista na que di textualmente “hay que tener en cuenta que la Administración autonómica es la que presta los servicios más esenciales, sanidad, educación y servicios sociales” vou a recorrer á delegada da Xunta de Galicia porque a Xunta de Galicia non presta eses servizos, a Xunta de Galicia o que fai é ter as competencias nestes servizos efectivamente e delegar toda a responsabilidade e o custe desta medidas no Concello de Vigo, neste caso, non só no Concello de Vigo senón en tódolos concellos de Galicia, pois unha entrevista na que di por certo, “los vigueses deben de tener claro el trabajo de la Xunta”, pois os vigueses o teñen claro, e vou ler unha carta que enviou a xunta de Galicia á ANPA dun centro desta cidade nos últimos días, da que se fixo eco por moitos medios de comunicación e textualmente falaban “As trabas da consellería de Educación para poñer en marcha o servizo de comedor e aula matinal”, dende a ANPA deste centro queremos trasladarlle o noso profundo estupor, decepción, desconcerto e desacordo na maneira na que se están xestionando o inicio do comedor escolar, tamén máis aspectos importantes do CEIP aos que non atopamos respostas como é a solicitude de ampliación das liñas de transporte escolar dous e tres, teremos

abandonado e esquecido pola administración autonómica unha vez máis, reformas pendentes de realizar no edificio obsoleto polo paso dos anos en condicións deplorables, como son os aseos, tendo que asumir estas reformas o propio Concello de Vigo por desleixo da administración autonómica ou a última petición que fixemos sobre a escasa limpeza no noso CEIP, limpeza e reforzo de desinfección que está asumindo o concello de Vigo moi por enriba do que pide no seu propio protocolo a Xunta de Galicia, esta señora delegada da Xunta de Galicia, señores do PP é a realidade en materia educativa nesta cidade, o concello Vigo asumindo as competencias da administración autonómica é o Sr. Feijóo e o conselleiro de educación unha vez máis ausentes de forma sistemática, e esta carta conclúe dicindo simplemente “é vergoñento que a Xunta de Galicia mire cara outro lado en lugar de velar polos dereitos dos nosos fillos/as”, pois esta é a realidade e a outra realidade, seguindo co tema das obras son os investimentos, é curioso que a Xunta de Galicia orzamente para a cidade de Vigo o que lle da A Coruña nun ano nos últimos catro, é dicir, a Xunta de Galicia inviste en Vigo o que inviste en A Coruña nun ano, en catro. É un disparate, volvemos a ser a principal cidade de Galicia abandonada pola Xunta de Galicia en canto a investimentos e por iso que volvemos a traer a este Pleno esa petición de instar á Xunta de Galicia a traer eses 12 millóns para a reforma integral tan necesaria dos centros educativos. Este verán anunciaban a bombo e platillo 25 centros de Vigo e súa área inician obras en curso ou pendentes delas, lemos un pouco o texto e que no atopamos? Que unicamente neses 25 centros da área de Vigo, hai obras en 3 colexios de educación infantil e primaria de Vigo que son o Celso Emilio Ferreiro, o San Salvador e o CEIP Valentín Paz Andrade, por certo obra do Celso Emilio Ferreiro reclamada de forma sistemática por este concelleiro e Concello e que aínda está sen iniciar.

SR. PÉREZ IGLESIAS: A situación de abandono que padecen os centros públicos da cidade no que ten que ver coa Xunta de Galicia tamén se materializa pois na evidente falla de preocupación do Goberno Galego no que ten que ver coas instalacións que como xa ten sido obxecto reiterado tamén de debate neste Pleno, pois acumulan co paso do tempo pola idade das edificacións etc., algunhas eivas importantes e tamén a falla de modernización e de adecuación desas instalacións

para facer que os colexios públicos desta cidade sexan tamén centros punteiros no que ten que ver coa accesibilidade, coa mellora do aproveitadamente dos espazos e nese sentido o Bng imos apoiar a moción que trae o Partido Socialista reclamando un maior investimento por parte da Xunta de Galicia par adecuar, para investir na mellora e na reforma integral dos centros educativos da cidade, e unha partida, se demanda aquí de 12 millóns de euros que tamén o certo é que coñecendo polo miúdo as necesidades pois é evidente que vai esixir dun plan de investimentos interanual algo máis demorado para corrixir a situación que se vive en moitos centros que presentan tamén nalgúns delas algunhas precariedades, iso é certo, máis tamén dende logo dende o BNG non podemos desaproveitar para facer unha chamado á atención, lembrando que na execución orzamentaria do pasado exercicio 2019, o 30% da partida destinada por parte deste Concello á reparacións e mantemento quedou sen executar, e non é unha dinámica nova, é unha porcentaxe mais ou menos que se sitúa nos niveis de non execución orzamentaria desta partida nos últimos anos e o que queremos é advertir en positivo que de cara o ano ven é moi probable que esa partida de 600.000 euros quede corta para a intervir e mellorar, efectivamente probablemente superando o noso marco competencial máis unha vez como tamén o facemos coa cubrición de patios ou con outras actuacións pero nos dende logo entendemos que é indispensable neste contexto de pandemia asegurar as instalación dignas en tódolos coles públicos de Vigo.

SR. PÉREZ CORREA: Nós estamos completamente de acordo con esa moción é ademais hai unha certeza, a maior parte dos centros educativos foron e imos a dicilo con números máis graves foron construídos no século pasado, así que sona tremendista pero que o cambio de século nos obriga tamén a un montón de cuestións, o cambio de século é un cambio tecnolóxico, por desgracia e os primeiros avances do século XXI nos levan a maiores medidas de seguridade, obviamente a COVID-19 vai a obrigar a repensar os centros educativos tamén nas súas estruturas e en como se constrúen pero que ademais por exemplo un problema que estamos tendo en tódolos centros educativos e que cando foron deseñados no seu día non se completaba o catálogo de servizos ligados á educación, por exemplo aos comedores, hai moitos centros educativos que non

tiñan en orixe comedores, e que improvisan espazos para comedores que moitas veces son espazos hacinados ou espazos onde agora estamos vendo que é imposible que tódolos nenos que tiñan o servizo de comedor o ano pasado, poidan estar no mesmo espazo, teñen que comer por quendas ou cunha situación de incluso de renuncias de moitos pais e nais a levar aos fillos/as aos comedores escolares. Iso obriga a unha cuestión e evidentemente poderíamos poñer aquí se son 12 ou son 30 pero afrontar dunha maneira definitiva a necesidade de adaptar os centros educativos de Vigo ao futuro, vai a obrigar a deitar moitos recursos económicos ao longo dos vindeiros anos, xa non pola cuestión do espazo que hai que obviamente abordala de maneira inmediata para que as clases sexan seguras, senón tamén por cuestións que teñen que ver co estado dos propios edificios, en todo caso nos seguimos pensando que o Concello ten tamén unha función de mantemento dos centros educativos e os que vimos da industria sabemos que hai unha cousa que se chama mantemento preventivo e non só ir ás avarías cando se producen senón que moitas veces si se executara o 100% das partidas relacionadas co mantemento das instalacións seguramente non teríamos que ir a medida paliativa da reparación posterior e iso tamén require poñer enriba da mesa unha cuestión que nós dende aquí propoñemos que se leve á primeira xuntanza, que anunciaba o concelleiro de Educación, do Consello Escolar hai que esixirlle xa un plan e que tódolos centros educativos remitan ao Consello escolar as necesidades inmediatas e urxentes de reformas dentro dos centros educativos, que consensuemos iso dentro do Consello municipal e que obviamente iso se lle mande á Xunta de Galicia e que iso xa non sexa proposta do Sr. Caballero do partido Socialista e que poden meterse nesa cocteleira de crispación permanente. A cidade de Vigo e toda a comunidade educativa din que de maneira inmediata os centros educativos teñen que estar adaptados ao século XXI, xa non haberá escusas nin roldas de prensas, nin paseos das delegadas da Xunta de Galicia por centros educativos vendéndonos que os centros educativos os colocamos no século XXI porque moitas veces o único que se fai é reparar unhas caldeiras ou cambialas que hai 20 anos que tiñan que estar cambiadas, e home, anunciar reparacións por valor de 1 millóns de euros nunha cidade como Vigo, e como dicir que lle estamos poñendo apósitos a unha hemorragia que vai directamente na Aorta, os centros educativos de Vigo están como están e requiren un Plan

ambicioso que obviamente non vai a cubrir nin sequera os orzamentos deste ano, de toda formas que se aproveite para executar, para contratar este ano porque non sabemos se imos a volver a ter un ano 21, me refiro ao exercicio que ven, de tanta expansión orzamentaria, se de verdade non vai haber Teito de Gasto autonómica, se verdade imos a ter máis recursos, todo o que sexamos capaces de licitar no ano 21 xa non hai volta atrás e iso é un dos riscos que corre a Xunta de Galicia, de anunciar unha serie de investimentos, non licitar e é un risco tamén que moitas veces lle pasa ao Concello de Vigo. Estamos completamente de acordo en que esta cuestión sexa tan urxente como a cuestión da zonificación escolar porque coa zonificación escolar tamén xa veremos que centros educativos son prioritarios e que centros educativos seguramente teñen unha afluencia menor de alumnos e polo tanto, non corre tanta presa, moitas veces o criterio é o criterio da ausencia, cando estamos a falar da totalidade ou da practica totalidade dos centros educativos é un criterio absolutamente necesario, e imos a defender, non tanto obviamente só para un exercicio senón ao longo de todos estes anos que vaiamos facendo un plan de reforma e incluso se é necesario de creación de centros educativos que parece que cando se fala de crear novos centros educativos con unha especie de cousa tola porque en Vigo por desgracia temos máis alumnos matriculados na escola privada e concertada, moitas veces porque non existe parello unha oferta pública que cumpra os requisitos de proximidade e polo tanto, estamos completamente de acordo en que iso sexa unha esixencia a futuro e permanente.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: En primeiro lugar, quería que retirase o Sr. Gómez unha alusión que fixo a unha entrevista da delegada da Xunta de Galicia, facendo alusión a que parecía unha entrevista da revista do corazón, Semana e Hola creo que dixo, creo que é unha alusión pouco apropiada, me parece que ten un tinte machista e ademais é un insulto a un medio de comunicación vigués como é o Faro de Vigo que fixo unha entrevista un domingo como se lle fai a tantas persoas da cidade e a representantes políticos, non lembro eu que dixera que unha entrevista ao Sr. Marnotes ou calquera outra persoa ou ao Sr. Lopez Chávez incluso, parecía unha entrevista do Hola ou do Semana polo tanto, pido que retire esa alusión porque me parece absolutamente machista, non a considero nada apropiada para

un concelleira de Educación porque realmente se falamos de educación iso foi Sr. Gómez, vaime permitir é de moi mala educación e de moi mal gusto.

Eu vexo que por fin vostede na súa moción inclúe a competencia municipal, conservación, mantemento, vixilancia dos locais destinados a centros públicos de educación infantil primaria, educación especial e competencia propia do concello, veo, non sei se se ve no vídeo, que vostede o incluíu na exposición de motivos, o outro día llo lembramos e iso nos parece apropiado, pide 12 millóns de euros da xunta de Galicia, pois non me parece suficiente para os centros de Vigo, postos a pedir eu pediría unha partida incluso máis ampla, a Xunta de Galicia, teño aquí tódalas referencias das obras que fixo nos últimos anos, os investimentos, suman máis de 24 millóns de euros e teñen proxectos en marcha e ten ademais, como di vostede que os centros son dos anos 70 e 80, teñen en marcha pois proxectos para arranxar efectivamente e para condicionar centros educativos de Vigo, ademais eu insisto, aquí desmantelamento outra vez teño que falar da educación pública ningún, e teño referencia de tódalas que obras que se fixeron e os proxectos que hai nos centros públicos de Vigo, ademais de estar atendendo absolutamente a tódalas demandas que nos poden propoñer calquera director, calquera centro educativo, como fai alusión vostede en moitas ocasións a FOAMPAS, ou incluso a propón a comunidade educativa, insisto. Decía eu que me parecía pouca esa cantidade, non sei se vostede ten desagregado a razón de porque quere pedir esa cifra, non sei a que centros concretos se refire vostede, eu teño, como lle digo, dende pequenas obras como falaba vostede de pavimento de ximnasios, de tubeiras, de carpintería exterior, de sistemas, así como dos arranxos nos ximnasios, electricidade, illamento térmico moi importante, obras de todo ese tipo de tódolos centros de Vigo insisto, e logo grandes investimentos nas que había compromiso e que se están cumprindo, por certo, hai outro compromiso do Instituto de Navia que vostedes deberán tamén propoñer e facer unha oferta dun solo accesible á Xunta de Galicia para que poida facer ese investimento. Insisto en que o investimento da Xunta de Galicia nos centros é puntual, concreta e ademais con cifras e execucións e ademais obras rematadas tamén, vostede o pode comprobar eu non sei se vostede visita tódolos centros públicos da cidade e se os coñece porque mire doulle un exemplo, na Virxe do Rocío, os últimos investimento que se fixeron, 2,5 millóns de euros nunha rehabilitación total, no Saladino Cortizo

un 1,6 millóns de euros en melloras o Rodríguez Castelao 3,2 millóns de euros, Pintor Laxeiro 500.000 euros, o IES de Teis 1,5 millóns de euros e por suposto que se vai seguir investindo, vostede pide unha cantidade concreta 12 millóns de euros, desglose aquí para que centros e en que condicións e que tipo de obra quere, agora e quedeime de verdade, pois bastante abraiada con esa alusión que fixo vostede á entrevista, á delegada da Xunta de Galicia co cal o debate desta moción estame resultando bastante desagradable, espero que vostede retire esa alusión que fixo a unha entrevista que parece que era na Semana ou no Hola, me parece de verdade Sr. Gomez que ten uns tintes machista impresentables.

SR. GÓMEZ DÍAZ: A verdade é que a alusión a entrevista é evidente que a fago por que é unha entrevista na que non se fala do futuro desta cidade, é unha entrevista persoal, que fala das súas aspiracións políticas, doutras cousas pero non fala da industria, de comercio, de educación, do naval, non fala de absolutamente nada.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Unha cuestión de orde, unha entrevista persoal.

PRESIDENCIA: Sr. Marnotes, por favor, corte o micrófono. Está a intervir o concelleiro de Educación, presente unha moción, está a intervir. É unha cuestión que considerará a valorar dentro das súa decisión, valorará. O que vostede non pode cunha cuestión de orde querer facer unha moción para algo que se dixo nela, senón non está de acordo o concelleiro ten asumido as súas palabras asumirá e fará o que el queira e considere oportuno.

SR. GÓMEZ DÍAZ: Como digo é unha opinión descritiva do que leo nunha entrevista fora do Sr. Marnotes, do Sr. Feijóo ou fora da Sra. Fernández Tapias, se lle molesta retiro esas verbas non teño inconveniente en retiralas pero non son tintes machistas nin moito menos, é unha descrición do que se lee nunha entrevista e creo que maioritaria a opinión desta Pleno dese tipo de entrevista.

Por que pido 12 millóns de euros? Porque no ano 2008 fíxose unha valoración técnica dende a unidade de educación na que se cifraba, ao redor de 25-30 millóns de euros a reforma integral dos centros educativos, evidentemente posiblemente agora é moito máis desa cifra. Nese momento comprometeuse o Alcalde de Vigo a

achegar unha parte importante deses fondos para esa reforma integral e o presidente da Xunta de Galicia non contestou a ese ofrecemento.

Fala a Sra. Egerique de obras nos centros educativos a lista de obras está aquí, tres obras en centros de educativos de infantil e primaria, vostede está menendo as obras en institutos e claro nos institutos as mete porque aí o Concello non ten competencias e non pode actuar, non lles queda máis remedio que acometer esas obras, pero a realidade é que hai máis de 25 obra en centros de educativos en tres meses, agosto, setembro e outubro polo Concello de Vigo é o 70% desas obras son competencia autonómica e as está asumindo o Concello de Vigo, como lía antes as ANPAs son conscientes, os directores son conscientes desta inoperancia da Xunta de Galicia o manifestan por activa e por pasiva, despois dicía o Sr. Pérez Iglesias que deixamos de executar o 30% do orzamento en conservación e mantemento, iso é totalmente falso, executouse totalmente e este ano iremos incluso por enriba dese orzamento a executar. O Sr. Pérez Correa falaba de presentar ese tipo de necesidade dos centros no Consello Escolar Municipal, este concelleiro e o Alcalde visitamos de forma sistemática os centros educativos, temos a valoración de tódalas necesidades o que facemos é executalas e facer unha valoración técnica e estamos actuando como digo, este ano imos actuar practicamente en tódolos centros educativos da cidade, e estamos facendo obras neste momento en outros 10 centros educativos, se levan feitas máis de 30 obras en 30 centros educativos e creo que é bastante claro que aposta deste goberno é impulsar e mellorar esa educación pública ante a ausencia nesta cidade unha vez máis da Xunta de Galicia, pode seguir dicindo que invisten, a realidade é que que como dicía a Sra. Fernández Tapias nesa entrevista, pois non falan de investimentos nin de futuro, pero non só na educación, nin en sanidade, nin en industria, nin en Política Social se non queren executar as súas competencias cédanllas aos concellos pero con orzamentos para facelo.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: VOTACIÓN: Con vinte e un votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, e catro votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 23.10.2020 (Rex. Nº 2651/1101), polo concelleiro do grupo Socialista, Sr. Gómez Díaz, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

PRESIDENCIA: Chegado a este punto se non me corrixe o secretario tiñamos presentados dúas mocións de urxencia que entendo como explicou o Alcalde a de Marea se retira por canto vai a celebrarse un Pleno extraordinario do COVID-19 e a do Partido Popular que a mantén.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: A mantemos.

PRESIDENCIA: Entón continuamos e o veremos no punto 17.

PARTE DE CONTROL

14(191).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO 21.09 AO 19.10.20. EXPTE. 887/1102 (REXISTRO PLENO 2640/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucíons da Alcaldía (do 21.09 ao 19.10.10) incluídas no expediente 887/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

15(192).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS DO 21.09 AO 19.10.20. EXPTE. 888/1102 (REXISTRO PLENO 2641/1101).

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucíons dos concelleiros delegados (do 21.09 ao 19.10.20) incluídas no expediente 872/1102.

De todo o anterior a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación, que queda enterado.

MOCIÓNS.

16(193).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO A REPROBACIÓN DA XESTIÓN DE PERSOAL REALIZADA POLO ALCALDE E A CONCELLEIRA DELEGADA, INSTANDO AO ALCALDE O CESE DA CONCELLEIRA E A REVOGACIÓN DAS COMPETENCIAS DELEGADAS NELA. REXISTRO PLENO 2646/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de outubro de 2020, número 2646/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes Gonzalez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“O deterioro dos servizos municipais, a falta de medios persoais e materiais, a vulneración de dereitos fundamentais de persoas traballadoras recoñecida en sentenzas xudiciais de condena ao Concello e a situación de caos que existe na xestión do persoal provoca unha situación insostible dos que a primeira prexudicada é a cidadanía.

O Comité de Persoal do Concello de Vigo, nunha actuación extraordinaria e unánime que dá conta da gravidade da situación, denunciou publicamente tanto a caótica xestión en materia de recursos humanos como o proceso de desmantelamento dos servizos públicos que atravesa o Concello de Vigo nestes últimos anos. Situación que se agravou neste mandato, din, coa designación de D^a Elena Espinosa Mangana ao fronte das Concellerías de Economía, Seguridade e Organización Municipal.

O Comité denuncia a constante actitude de desprezo da Concelleira, á que nós cremos que se suma o alcalde posto que coñecemos agora que négase a se reunir co comité, que lle pediu unha xuntanza hai seis meses e inda non respondeu.

Trátase de algo especialmente grave, porque o Comité denuncia o colapso da xestión municipal en todos os ámbitos pola falta xeneralizada de persoal en todos os servizos. Hai 300 prazas sen cubrir, unha de cada catro. As convocatorias dos anos 2014, 2015 e 2016 acumulan tanto atraso que houbo que unificalas porque unhas se solapaban con outras e aínda non están completamente rematadas.

Nos anos 2017, 2018, e 2019 volveu pasar o mesmo e unifícase, novamente, pero non se ten resolto ningunha. Acumularán tamén a do ano 2020. É un caso único na administración pública española. Non hai precedentes dunha xestión tan lenta e con tantas impugnacións xudiciais.

O propio persoal municipal recoñece que esta insuficiencia de medios humanos, tradúcese nunha deficiente ou nula prestación do servizo á cidadanía, cando menos de acordo aos máis elementais estándares de calidade que se espera dunha Administración pública. Ademáis, provoca frecuente vulneración dos dereitos estatutarios das persoas traballadoras, dereitos que en non poucas ocasións son denegados, suspendidos ou limitados, como acontece cos permisos de conciliación, as vacacións ou asuntos propios.

Denúnciase o incumprimento das sentenzas xudiciais, algunhas tan graves como acoso a axentes da policía local; se declararon xudicialmente despedimentos improcedentes ou nulos pola xurisdición laboral; o acordo regulador e Convenio laboral son do ano 1999 e atópanse prorrogados; a Relación de Postos de Traballo quedou obsoleta tras 10 anos; non existe carreira profesional; non hai regulación do teletraballo; a provisión de postos se realiza por procedementos anómalos provisionais ou temporais eludindo o mérito, igualdade e capacidade; sentenzas xudiciais que constatan que cerca de douscentos postos de traballo dos grupos A1 e A2 foron adxudicados de maneira discrecional, etc.

Tratamento específico ten a valoración de postos de traballo da Policía Local que debe rematar e dotarse debidamente os postos nos orzamentos do 2021, o que xa foi obxecto de acordos deste Pleno incumpridos polo goberno.

Todo isto denuncia o Comité, que fai peticións xustas e razoables con medidas para poñer fin á situación de caos e deterioro dos servizos públicos que deben ser atendidas polo goberno municipal.

De acordo ao exposto, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Reprobar a xestión de persoal realizada polo Alcalde e pola Concelleira Delegada

2.- Instar ao Alcalde a cesar á Concelleira Elena Espinosa Mangana revogando todas as delegacións de competencias nas áreas das que é responsable.

3.- Instar ao Alcalde a reunirse co Comité de Empresa e adoptar as medidas que de xeito unánime se piden para poñer fin ao caos dos servizos municipais e o deterioro dos servizos públicos, nomeadamente dotar de persoal ás prazas vacantes completando e rematando as convocatorias de emprego público; prover os postos por sistemas ordinarios eliminando as adxudicacións provisionais e temporais; rematar a valoración de postos de traballo da Policía Local incorporando a partida orzamentaria para adaptar as súas retribucións e estendela logo a todo o Concello, regular o teletraballo, realizar plans de prevención ANTICOID e demais actuacións que se solicitan pola representación do persoal.”

DEBATE:

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Este tema do que quero falar aquí, que traemos a este Pleno é un tema de especial gravidade, e un tema de especial gravidade porque nós o queremos poñer en relación tamén coas medidas que ten que adoitar o concello en materia de control da pandemia cos servizos municipais, que é a moción que presentamos de urxencia e que espero que se debate no punto seguinte porque para facer o que temos que centrar neste Pleno é para o que vimos a este Pleno é precisamente para controlar a actividade municipal no control da pandemia e non desviar a atención e utilizar a pandemia desviando a atención, quitándolle presión ao goberno cun Pleno extraordinario que non se debate aquí, nese Pleno extraordinario no que xa vexo que os meus compañeiros da oposición se senten moi cómodos, se desvía a atención sobre a xestión sanitaria da Xunta de Galicia e non sobre a do concello que iso é o que está a pasar aquí neste Pleno, o Alcalde que leva unha semana rectificando decisións, que leva unha semana

dicindo que agora lle entrou a prudencia pola presión da cidadanía cara a opinión pública e tamén dos grupos municipais agora se quita presión cun Pleno extraordinario, é un dos elementos máis importantes sobre esa presión, sobre a ineficacia do Concello e a falla de medidas do Concello é precisamente a situación que denuncia o persoal, nunha situación inédita por extraordinaria e grave que é que poña de acordo a todos os sindicatos con representación municipal, que non denuncian situacións laborais derivadas dun convenio, denuncian e por iso hai que vir a este Pleno o deterioro dos servizos municipais, a falla de medios persoais e materiais, a vulneración de dereitos fundamentais de persoas traballadoras que non o din eles que está en sentencias xudiciais de condena ao Concello, unha situación todo o mundo sabemos, nós o denunciámos moitas veces, hai moitas prazas do Concello case 300 que están sen cubrir, que son necesarias, provoca que para atender aos servizos se faga unha situación de caos na xestión do persoal, din que é insustentable e nós pensamos que a primeira prexudicada non é o cadro municipal, que si, senón a cidadanía, a xente que se ven aquí a facer cola para ser atendida, a xente que chama a cita previa e se lle tarda máis dun mes, a xente que se sube aos autobuses urbanos e cando nas horas punta van ateigados, tamén son servizos municipais, o Concello ten que responder a esta denuncia constante que é preocupante porque ademais é coñecida o desprezo, falan de desprezo porque efectivamente a concelleira que lle pedimos a reprobación non leva aquí moitos anos, a situación ven de atrás, non é ela a única culpable para nós o culpable é o Alcalde que deixa que se deteriore a situación municipal xusto agora no peor momento e agora estamos a ver as consecuencias desa mala xestión de persoal, o que pasa é que a concelleira está sinalada publicamente por facer un desprezo ao persoal municipal, e iso é inadmisíble e nós queremos unha explicación pública de por que non se atende ao persoal, de por que o Sr. Alcalde leva 6 meses sen recibir aos representantes municipais, que non están pedindo nada extraordinario, piden o que pide todo o mundo, amosan non só unha unidade da acción sindical que iso se poderá valorar, o que demostran é valentía, porque aquí hai unha omertá porque hai moitas prazas, 200 prazas denuncian, que non se cobren por sistema ordinarios de provisión, se cobren con sistemas de adscrición, iso é algo moi grave, como tamén é moi grave que non hai unha carreira profesional, entón ao final o que provoca é desmotivación no persoal, moita

desmotivación pero unha situación tamén de levantarse contra isto, non pode ser que unha concelleira non asuma as súa responsabilidade e non dea explicacións, leva calada un ano e medio, non deu nin unha soa explicación a este Pleno que ven aquí de vez en cando a presidilo, a controlar moi ben, 30 minutos, 15, 5 minutos a cronometrar pero non fai ningunha xestión de persoal, é clamorosa, como clamoroso é a actitude do Alcalde, o culpable.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Permítame comezar por facer unha aclaración, eu antes aludía a non execución dunha partida, lle vou dicir o número da aplicación 323021200 da que deixaron sen executar o estado liquidación do orzamento consolidado por aplicación 187.741 euros do exercicio 2019, é información municipal.

En todo caso, entrando na moción, difícil o pon o Partido Popular abandeirando esta cuestión, porque esta chea de razón a moción máis se cadra non é a formación política con máis lexitimidade política, para defender esta cuestión porque unha parte importante dos problemas que se acumulan no ámbito da administración pública ten que ver coa imposición de taxas de reposición practicamente cero que impediron algunhas cuestións. Non o explica todo pero dende logo lle quita algo de forza argumental para que aínda a énfase do voceiro do Partido Popular intente compensala, en todo caso a xestión do persoal do Concello de Vigo ten marcado xa algúns fitos sen precedentes, a súa xestión provocou a convocatoria da primeira folga indefinida no corpo de Bombeiros na historia da cidade e ven de conseguir algo tamén insólito que é a reprobación unánime do comité de persoal con seis sindicatos tan diferentes como os que hoxe integran a representación sindical desta casa, hai problemas que son evidentes, as 300 vacantes, as OPES sen executar esa política de persoal que acaba levando un aforro neto de preto de 5 millóns de euros no capítulo I, a falla dos reforzos dos servizos municipais que acaba traducíndose tamén na súa precariedade na prestación e que logo que se acaba substituíndo por un mecanismo por outro pola xestión privada, pero hai un problema de fondo e eu creo que o que debere levar o grupo do goberno e singularmente á concelleira a reflexionar, Sra. Espinosa converteuse en parte do problema, porque a outra parte que ten enfronte na

mesa, non se sinte representada, atendida pola concelleira de persoal, iso si que está só na súa man resolvelo.

SR. PÉREZ CORREA: Que temos un problema serio en relación a servizos públicos, emprego público neste Concello é unha evidencia, é e un problema serio e sería honestamente inxusto atribuílo en exclusividade a un concelleiro como se propón na moción do Partido Popular ou incluso como propón actualmente o comité de empresa, pero a diferenza é que o comité de empresa si remite un documento que nos subscribimos asinado por arcos ideolóxicos e sindicais completamente diferentes que historicamente nunca tiveron encontro en determinadas cuestións, e que tampouco imos a retrotraer cando dende o propio comité de empresa non se pedía a execución das OPEs que iso pasou neste concello, sendo eu concelleiro incluso, que nos dicíamos que pasa, que aquí o comité de empresa non pide a execución da OPEs iso retrotraemos e dicimos que agora hai outra maioría sindical que propón que as OPEs teñen que estar enriba da mesa e que o emprego público non se pode destruír.

E curiosamente no peor dos momentos do emprego público e no peor incluso da capacidade de resposta ante determinadas cuestións eventuais como poden ser a COVID-19, no peor momento a negociación coas organizacións sindicais, non é que se sexa cero, é certo que logo se impostou senón que se pretende negociar coas organizacións sindicais do concello, como si isto se tratara dunha empresa privada e isto é unha administración pública que xestiona servizos e que require unha negociación sindical por parte do goberno completamente diferente, ata os sindicatos que temos no Concello son diferentes o que nos atopamos no conxunto das empresas, esa negociación como ben di este documento, non se dá e tamén creo que os vimbios que ten agora mesmo este goberno local para parar determinadas cuestións non existen, porque se empoderaron a determinados funcionarios sobre o criterio de crear superfuncionarios que ocupan xefaturas e que teñen responsabilidades que incluso poden converterse en seres autónomos nas tomas de decisións e iso está a pasando coa xefatura de Recursos Humanos neste Concello, e este concelleiro si que pode dicir que si foi coherente con dicir que estaba en contra da provisión de xefaturas a dedo e foi ó xulgado e gañou, porque o Partido Popular pediu un informe na anterior lexislatura por sete

concelleiros que dicía o mesmo e non fixo absolutamente nada, absolutamente nada, pedindo eles o informe ao Secretario, dicindo o secretario que era unha práctica instaurada neste Concello dende os últimos 30 anos, recoñecendo xuíz que é practica instaurada no Concello nestes últimos 30 anos é unha responsabilidade tamén do Partido Popular e esta moción é absolutamente oportunista, recoller unhas demandas lóxicas do Comité de Empresa, recoller un malestar expresado nun documento remitido obviamente que terá que ter algún tipo de retorno por parte do goberno local, é que sexa o Partido Popular o que creou o marco xurídico para esnaquizar o emprego público e para que gran parte das OPEs non se puideran levar adiante, é a Lei de estabilidade a que esnaquizou o capítulo I, antes do 2013, non ano 2010 alcanzamos o tope máximo de traballo nas administracións públicas en concreto nos concellos de todo o estado, a partires das leis do ano 11 en concreto coa reforma constitucional tamén pactada polo Partido Socialista pero a partires do ano 13 se comeza a perder de maneira brutal emprego público, e tiveron esta administración moitas veces que amortizar prazas para poder xerar créditos no capítulo I para subir cousas que eran absolutamente importantes como poden ser servizos relacionados con bombeiros e policía, 50 prazas en concreto que non podíamos sacar a concurso porque a Lei do Partido Popular dixo que un psicólogo no CEDRO había que extinguilo, que o director do Marco había que extinguilo, que tódalas prazas que se foron xubilando ou ían quedando vacantes non se podían sacar a concurso e era imposible levala adiante, polo tanto, nós estamos de acordo nas cuestións que propón o Comité e non estamos de acordo en que sexa o Partido Popular que é culpable disto, o que propoña nin unha soa reivindicación en materia de servizos públicos, porque sería non só incongruente que nós dixéramos agora que o Partido Popular nos pode propoñer aquí que se esnaquiza emprego público, cando é o Partido Popular o maior responsable do esnaquice de emprego público neste Concello. E as medidas paliativas por suposto que están sendo malas por parte da administración local, por suposto que hai procesos de privatización que lidera un partido que se di que non quere servizos privatizados, acabamos de vivilos cos edificios municipais relacionados coa Concellería de Deportes, pero nós non imos apoiar unha moción na que o Partido Popular nos propón cuestións laborais.

SR. LÓPEZ FONT: Coa que está a caer e coa situación na que nos atopamos parece mentira Sr. Marnotes que se deixen vostedes arrastrar por esta posición e por esta reprobación e demais que máis ben parece de hooligan que doutra cousa, por isto non son cribles vostedes para gobernar, porque coa situación coa que estamos veñen vostedes con esta moción que xa se definiu como oportunista e se podería dicir moitas mais cousas. Pero mire Sr. Marnotes, dado que enfoca esta moción como un ataque persoal debera entender que eu faga unha lexítima defensa persoal, a Sra. Espinosa ten unha folla servizos no público absolutamente inigualable a que non poderían acceder ningún dos catro de vostedes nin ningún militante do Partido Popular nesta cidade e voullo recordar, 8 anos nun posto de especial importancia nesta cidade, 6,5 anos de ministra en España e con proxección en Europa e 16 meses aquí de concelleira e de tenente de Alcalde e agora voume referir. Pero mire, esa folla de servizos á que me refiro está baseada no rigor, na capacidade de traballo e precisamente son eu o que pode dar fe diso, vaíamos a estes 16 meses e vaíamos á situación de negociación co comité de empresa, vaíamos a datos concretos, hai tres etapas moi diferenciadas, nos nove primeiros meses a Sra. Espinosa celebra ata 40 reunións que llas podo relacionar co Comité de Empresa con tódolos temas a tratar, hai tres meses de confinamento do traballo como concelleira de persoal, tres meses dun traballo extraordinario que permitiu que esta administración municipal se adaptara á situación e sega funcionando, e hai catro meses e hai que dicilo de desbaraxuste sindical no que tamén hai que analizar o que pasa coa outra parte, pero Sr. Marnotes se xa se dixo si o problema das administracións públicas é a taxa de reposición do goberno do Sr. Rajoy, se eu hai moitos anos lle dixen ao Alcalde como concelleiro de persoal que nuns anos con esa taxa de reposición non íamos a ter funcionarios e persoal para prestar eses servizos aos que agora vostede quere aludir, manda truco a que hora se lembra, deberían de pedir vostedes, perdón, a esa cidadanía a que apelan polo que fixeron coa taxa de reposición e que impide que hoxe haxa un cadro de persoal digno. Pero mire, porque coincidirá comigo en que os recursos humanos que é unha cuestión de dúas partes, verdade, cando se negocia coa outra parte, vostede foi director xeral debería de sabelo e cando hai negociación ten que haber vontade de acordo polas dúas partes, e voulle dicir unha cousa categoricamente e por iso lle dicía que esta moción ten tintes hooligans porque non analizou ben isto,

hoxe o problema da relacións laborais neste Concello está na outra parte da mesa, e hai que asumilo, está na parte sindical, e mire voulo explicar, está na parte sindical pola súas disputas internas, está na parte sindical polas súas intransixencias porque mandarlle un escrito ao Alcalde dicindo que en tres días lles teñen que recibir, dende logo non é a mellor forma nin o mellor talante, pero tamén pola súa falla de dedicación lle podería contar tamén reunións ás que non quixeron asistir para tratar temas fundamentais e pola súa falla de realismo, e mire, se coñece ben o conxunto da representación laboral, hai un corpo estraño na representación laboral, un corpo estraño que ademais é corrosivo e o que único que intenta é satisfacer os seus intereses persoais, tódolos temas que forman parte da negociación nesta casa, estanse a tratar, dende a Oferta de Emprego Público, aos permisos, sentencias xudiciais se cumpriran por suposto que si, grupo A1, A2, teletraballo, acoso a Policía que tamén se di, non xoguen coa saúde das persoas porque convén non facer referencias persoais.

Miren, a Sra. Espinosa leva a área de Empresa, Economía, Seguridade e de Organización Municipal cunha traxectoria nestes 16 meses absolutamente brillantes e Sr. Pérez Iglesias, a Sra. Espinosa é a solución ao problema sindical.

PRESIDENCIAS: Sr. González Castillo, lle agradeceríamos que cando falou ninguén lle interrompeu, que sexa vostede respectuoso coas palabras dos demais concelleiros do Pleno, e se ten que facer expresións, saia á rúa e berre se se aburre, de acordo? Pero sexa respectuoso, estou a falar eu Sr. Marnotes, lle estou a dicir que sexa respectuoso igual que foron cando vostede falou.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Dúas cuestións, isto non é un tema persoal, isto non é un tema contra a Sra. Elena Espinosa Mangana, aquí estamos a pedir responsabilidade política por unha situación dunha área que leva a concelleira delegada, segunda cuestión, isto non é un problema de dinámica de relacións laborais, isto non é un problema de negociación colectiva, nós traemos isto a este Pleno porque nós levamos denunciando continuamente á falla de persoal de servizos municipais na Policía Local, traballadores sociais, etc. e agora vemos que hai representación sindical unánime que opina o mesmo; isto non é un problema da taxa de reposición de efectivos, non o é, non é un problema que culpa ten a

taxa de reposición de efectivos do incumprimento de sentencias xudiciais, que culpa ten a taxa de reposición de que o acordo do convenio laboral o acordo regulador é do ano 99, está prorrogado, que a relación de postos quedou obsoleta tras 10 anos, diso ten algunha culpa, a taxa de reposición de efectivos, que culpa ten a taxa de reposición de efectivos de que as OPEs estean enlazadas, que se solapen unhas con outras, 2014, 2015, 2016, 2017, 2018, 2019, que culpa ten a taxa de reposición de efectivos? Non son quen vostedes nin de xestionar o persoal que teñen nin de facer convocatorias, rematalas e adxudicar as prazas das que teñen en funcionamento iso non é culpa da taxa de reposición de efectivos, iso é un problema de xestión municipal, como tamén o é que non haxa carreira profesional e que non haxa un sistema ordinario de provisión, que culpa ten? Eu de verdade chámame poderosamente a atención que se intente desviar este tema dicindo que isto é culpa dos traballadores, ou dos responsables de área, isto é alucinante, a culpa non é dos traballadores é dos responsables de área Sr. Pérez Correa, a culpa é dos responsables municipais, si eu che contara non, hai que ver o que está aquí, que é do que falo eu, vostedes falen do que queiran pero lean a moción, isto é unha moción que fala da necesidade de ter servizos públicos que presten un servizo de calidade con empregados públicos suficientes cumprindo a normativa de función pública, non temos suficiente persoal, non o temos, non o tiñamos antes da Pandemia e non o temos agora, por que hai que tirar de lista? Porque non temos persoal, por que temos que facer contratacións extraordinarias? Porque non temos persoal, por que hai colas aí fora Sr. Font? É culpa da taxa de reposición de efectivos que non dean servizo á xente, non é culpa diso, o que pasa que non son capaces de xestionar o persoal e logo hai outros temas que son especialmente graves, que son a vulneración de dereitos fundamentais que iso está nas sentencias xudiciais e terá o percorrido que teña que ter que iso non entro, pero que si entro é que aquí hai un problema de xestión de persoal que incide na calidade do servizo que se presta aos cidadáns e iso é do que falamos aquí.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN: Con cinco votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas, dúas abstencións dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e dezoito votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 23.10.2020 (Rex. Nº 2646/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

17(194).- MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, INSTANDO Á ALCALDÍA E AO GOBERNO LOCAL A TRAMITAR E RESOLVER OS EXPEDIENTES SANCIONADORES POR NON LEVAR MASCARA FACIAL E DEMAIS INFRACCIÓNS DE COMPETENCIA MUNICIPAL, ASÍ COMO OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS. REXISTRO PLENO 2658/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de outubro de 2020, número 2658/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes Gonzalez, formula a seguinte,

MOCIÓN URXENTE

“XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

O incremento dos contaxios por COVID en toda España estivo a provocar medidas cada vez máis restritivas por parte das administracións competentes, que veñen de culminar coa declaración do Estado de Alarma mediante Real Decreto 926/2020, de 25 de outubro publicado este mesmo domingo, logo da convocatoria da sesión plenaria prevista para este mércores. A norma recolle importantes limitacións á circulación das persoas en horario nocturno, que sen dúbida terán que ser debidamente controladas polas Forzas e Corpos de seguridade e, nomeadamente, da Policía Local de Vigo. Ademais, establece a posibilidade de limitar la permanencia de grupos de persoas en espazos públicos e privados perseguido a redución da mobilidade social, o que afecta a meirande parte da actividade municipal, o que debe ser obxecto de tratamento polo Concello Pleno. Hai que ter en conta tamén a condición de autoridade sanitaria do alcalde, de acordo co artigo 33.1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. O estado de alarma declarouse con posterioridade á convocatoria do Pleno e remata, segundo establece o artigo 2 do Real Decreto ás 00:00 horas do día 9 de novembro de 2020, antes tamén da sesión ordinaria do Pleno do mes de novembro. Por esa razón, entendemos xustificada a urxencia desta Moción que pretende o debate sobre a situación dos servizos municipais para afrontar o estado de alarma e aprobación das medidas que se insta ao goberno a levar cabo para adecuar a actividade municipal á nova situación aproveitando a experiencia que se tivo entre marzo e Xuño.

CONTIDO DA MOCIÓN.

A declaración do estado de alarma unha vez máis polo goberno pon de manifesto a gravidade da situación da pandemia e o seu control. É preciso a colaboración da cidadanía pero tamén o esforzo do Concello nas medidas de control e de contención que lle corresponden aproveitando a experiencia obtida do anterior estado de alarma.

É sabido que as carencias de persoal pola caótica política de recursos humanos do Concello fai moi difícil que se poidan perseguir todos os incumprimentos da normativa que se producen: persoas sen máscaras faciais, festas privadas en pisos e botellóns nos espazos públicos. Non pode ser que o Concello non teña tramitado ningunha das case cincocentas infraccións que ten pendentes. Haberá que engadir agora o control da limitación da actividade nocturna e das reunións sociais.

Por outra banda, é preciso realizar un esforzo en medidas de hixiene e desinfección nas que o Concello evidenciou a súa incapacidade, pechando parques infantís, espazos biosaudábeis, instalacións deportivas e salas de lectura e bibliotecas pola falta de medios. Tamén hai que recuperar medidas de desinfección que se realizaron durante meses e logo se abandonaron. É contraproducente e equívoco que o Concello diminúa as medidas de limpeza a desinfección porque manda un mensaxe a cidadanía tamén de relaxación. Nese sentido non se entende o esforzo do Alcalde en dar publicidade ás atraccións de nadal cando o que se precisa é contención e mensaxes de precaución.

Tampouco se entende que Vigo teña servizo de autobuses en pandemia que antes dela. Avergñoan as imaxes de autobuses ateigados e as denuncias públicas

mesmo de persoal sanitario nas liñas que conducen, precisamente, ao Hospital Álvaro Cunqueiro.

É preciso tomarmos en serio a situación e afrontar as medidas que o Concello debe adoptar cara o estado de alarma, evitar a confrontación política e adoptar medidas necesarias.

De acordo ao exposto, propoñemos ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Instar a Alcaldía ea o goberno local a exercer as súas competencias e:

1º Tramitar e resolva os expedientes sancionadores por non levar máscara facial e demais infraccións de competencia municipal.

2º.- Esixir da concesionaria do servizo urbano de autobuses o reforzo das liñas nas horas punta para evitar que vaian cheos revisando o contrato se é preciso. 3º Reforzar a inspección das festas privadas, dos “botellóns” e os incumprimentos dos aforos, das limitacións de mobilidade nocturna e de número máximo de persoas en reunións achegando á Policía Local medios humanos e materiais.

4º.- Elaborar un dispositivo especial de vixilancia, de control e información sobre as medidas restritivas de mobilidade nocturna e demais restricións adoptadas pola autoridade sanitaria.

5º.- Reanuda-la desinfección de parques infantís, parques biosaudables, instalacións deportivas, mercados municipais, e demais espazos públicos e instalacións municipais incluíndo a vía pública nas zonas de maior afluencia e nas inmediacións de centros escolares.

6º.- Reforzar os servizos municipais para evitar as colas de persoas como as que se producen diariamente na Praza do Rei.

7º.- Realizar plans de autoprotección específicos ou actualizar os existentes para adecualos ás novas restricións.

8º.- Elaborar o Plan de Recuperación Económica destinando recursos ao comercio, á hostelería, aos autónomos e micropemes da cidade.

9º.- Elaborar un Plan de Inclusión social con reforzo de medios persoais e materiais.

10.- Elaborar un Plan Emprego Municipal que teña como primeira medida contemplar as prazas vacantes do Concello para reforzar os servizos municipais.”

DEBATE:

PRESIDENCIA: Imos co tema das mocións, xa quedou claro que Marea retiraba a súa moción urxente por canto o Pleno extraordinario que se vai celebrar, o Partido Popular dispón dun minuto para xustificar a urxencia e logo se pasará a votación da urxencia.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: Nós no propio contido da moción ao que me referín esta xa un apartado específico da xustificación da urxencia ao cal me remito e que ven motivado polo que estabamos a comentar, hai unha situación á que temos que facer fronte que é unha situación derivada da emerxencia sanitaria que pasou a nivel vermello en Vigo e que hai unha declaración de estado de Alarma, esa declaración de estado de Alarma se fixo despois da convocatoria do Pleno e nós entendemos que ao abeiro do Regulamento procede a inclusión deste asunto na orde do día para debater aquí hoxe, ás medidas que ten que poñer en marcha o Concello derivadas dese estado Alarma. Se ese estado Alarma se houbera aprobado con anterioridade á Xunta de Voceiros ou da convocatoria nos teríamos presentando unha moción nese sentido, no mesmo sentido iría incluída na orde do día, como non foi así eu quero que se motivamos a urxencia precisamente nesa circunstancias e que se debata hoxe aquí a moción.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Moi brevemente, como criterio xeral a posición do BNG vai a ser sempre facilitar o debate das mocións de urxencia con independencia da posición que fixemos sobre o contido das mesmas, tendo en conta que ademais o actual Regulamento restrinxe enormemente a capacidade de iniciativa política dos concelleiros/as e dos grupos da oposición.

SR. PÉREZ CORREA: Nós entendendo, ahí discrepamos do Partido Popular non sabemos cal é a diferenza do debate nun Pleno ordinario ou extraordinario porque se o formato de moción e intervención dende logo nós o queremos aquí é fixar a nosa posición e escoitar ao goberno cal vai a ser, en tanto estamos de acordo con que se poida tramitar e o sentido da urxencia é exactamente igual que o sentido da urxencia da nosa, entre o venres pasado que houbo Xunta de Voceiros o día de hoxe houbo un Real Decreto que se publicou o domingo pasado, e nós en todo

caso estamos de acordo coa urxencia e que se debata sen ningún tipo de problema.

SR. LÓPEZ FONT: Sr. Marontes non é unha cuestión de datas nin de cando se decidiu unha cuestión nin outra, é unha cuestión do fondo, da importancia que ten o que neste Pleno haxa un debate conxunto sobre a situación na que estamos e as medidas que debemos adoptar. Marea fixo un exercicio de responsabilidade á hora de non misturar os debates e vostede fai un exercicio de irresponsabilidade que só ten tintes partidistas, vostede veu aquí só coa intención de que se discuta esta moción que esta moción se podería ter escrito igualmente sen que estivese decretado o estado de Alarma, e é unha moción na que se lle ocorren dez puntos, dez encargo ao goberno local e fíxese que análise fan vostedes da situación da pandemia que resulta que a Xunta de Galicia non ten nin se lle espera nada que ver en relación con esta situación. Non imos a votar a favor de urxencia porque evidentemente hai un Pleno e teremos suficiente tempo para o debate.

(No momento da votación preside o 2º Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira por atoparse ausente o Presidente, tamén se atopa ausente a Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con sete votos a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Gonzalez Castillo, López Roman e Marnotes González, mais dos membros do grupo municipal Mixto, señora e señor Mendez Fuentes e Pérez Correa e do membro non adscrito, Sr. Pérez Igrexas e dezaoto votos en contra dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gomez Díaz, Iglesias González, Lago Barreiro, López Font, Losada Alvarez, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Díaz, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a urxencia da moción presentada, en data 23.10.2020 (Rex. Nº 2658/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Marnotes González, cuxo texto consta transcrito nos antecedentes deste acordo.

.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

18(195).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE A HABILITAR OFICINAS DE ATENCIÓNS AO PÚBLICO PARA EVITAR COLAS NA PRAZA DO CONCELLO.

SR. PÉREZ IGLESIAS: O rogo é que se execute a promesa realizada polo Alcalde de habilitar 14 oficinas para a atención descentralizada da cidadanía, para evitar as longas ringleiras de espera que están a producir na Praza do Xoncello.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do seu rogo.

19(196).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SR. PÉREZ CORREA, REFERENTE ÁS OBRAS NOS SERVIZOS SOCIAIS DA PRAZA DA PRINCESA.

SR. PÉREZ CORREA: Tal como formuláramos xa algún rogo, como pasa o tempo rogamos ou que ben se inicien obras da Praza da Princesa que entendo que son obras que van ser da UVA, polo tanto, de Servizos Sociais do Concello ou ben que se balice dunha maneira mellor porque estamos vendo que simplemente que unha cinta colocada hai case dous meses, pois os nenos están a xogar debaixo dun sitio que en teoría está balizado pola Policía e Bombeiros.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do seu rogo.

20(197).- ROGO FORMULADO POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE ÁS LIÑAS DE TRANSPORTE URBANO E PÚBLICO NO AUTOBÚS PARA EVITAR O ATEIGAMENTO.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: O noso rogo é que se reforcen as liñas de transporte urbano e transporte público no autobús, nas liñas máis usadas e coas frecuencias máis intensas para evitar o ateigamento.

PRESIDENCIA: Tomamos nota do seu rogo.

.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

21(198).- PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO MEMBRO NON ADSCRITO, SR. PÉREZ IGLESIAS, REFERENTE Á EXECUCIÓN DAS SENTENCIAS EN RELACIÓN AO SERVIZO DOS BOMBEIROS.

SR. PÉREZ IGLESIAS: Cando ten pensado o goberno municipal executar as sentenzas que consideran ilegal o decreto de permanencia que afecta ao servizo de Bombeiros así como o servizo dos mínimos decretados na súa folga indefinida.

PRESIDENCIA: Contestarémoslle por escrito.

22(199).-PREGUNTA FORMULADA POLA CONCELLEIRA DO GRUPO MUNICIPAL MIXTO, SRA. MÉNDEZ FUENTES, REFERENTE Á OFERTA PÚBLICA DE EMPREGO DA PRAZA DE ENCADERNACIÓN DA ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS.

SRA. MÉNDEZ FUENTES: Ten previsto o goberno local publicar a oferta de emprego para a especialidade de encadernación na Escola Municipal de Artes e Oficios, a fín

de poder comezar entón canto antes co proceso de selección de profesorado e evitar así que aconteza o mesmo que aconteceu con lutería antiga ou sexa a desaparición.

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

23(200).-PREGUNTA FORMULADA POLO CONCELLEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SR. MARNOTES GONZÁLEZ, REFERENTE AO DISPOSITIVO QUE TEN PREVISTO O GOBERNO PARA GARANTIR O DISTANCIAMENTO E MEDIDAS DE PREVENCIÓN NO DÍA DE TÓDOLOS SANTOS.

SR. MARNOTES GONZÁLEZ: A miña pregunta é cal é o dispositivo específico que ten previsto o goberno para garantir o cumprimento do distanciamento social e das medidas de prevención cara o día de Tódolos Santos.

PRESIDENCIA: Contestarémolle por escrito.

PRESIDENCIA: Non habendo máis asuntos se levanta a sesión.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás doce horas e trinta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

Abel Caballero Alvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

José Riesgo Boluda.